



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 27 de xaneiro de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE XANEIRO DE 2023

ASUNTOS

*Declaración institucional sobre protección dos murais de Urbano Lugrís situados na Rúa Olmos, 25- A Coruña..... 8

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2022, do 22 de decembro. 9
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 17 de decembro de 2022 ata o 20 de xaneiro de 2023. 9

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

3. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2023, primeira fase..... 9

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia 54183 de 29/12/2022 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2023 publicado no BOP núm.247 o 30 de decembro de 2022 na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña..... 10
5. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FISTERRA polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación do polideportivo municipal. 10
6. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TOQUES polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora viaria de Couso a Villamor en Penaventosa 19
7. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de AMES polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de construción de beirarrúas na Avenida da Maía en Bertamiráns..... 28
8. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez para a xestión compartida do inmovible que foi propiedade de don Wenceslao Fernández Flórez, en Cecebre..... 37

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

9. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a decembro de 2022. 42



10. Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Boiro ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). **42**
11. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cariño respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). **42**
12. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Irixoa respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR)..... **43**
13. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Val do Dubra respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR)..... **44**
14. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Vilasantar respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR)..... **44**
15. Aprobación definitiva da valoración do complemento de destino, da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e do organigrama 2023..... **45**
16. Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local..... **48**
17. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao cuarto trimestre de 2022..... **52**

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

18. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade da Coruña para apoiar a súa participación na ampliación de capital da sociedade de capital Risco Unirisco (Expte. 2022000050553)..... **52**

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

- 1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición de explicacións á Xunta de Galicia sobre os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás..... **58**
- 2.Moción que presentan os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC..... **65**
- 3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego..... **78**
- 4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que se proceda á mellora integral da estrada provincial, DP-1913, entre A Laracha e Canteiras



El Pozo, no termo municipal de A Laracha.	88
5.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, relativa a solicitar a desculpa, rectificación e cese inmediato da Ministra e a Secretaria de Estado de Igualdade.....	93
6.Moción que presentan os grupos provinciais do PSG-PSOE e BNG en apoio á mobilización da Atención Primaria	104

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción do grupo provincial de Alternativa dos Veciños contra a venda da parcela do Parque de Bombeiros Comarcal no Polígono de Sabón.....	118
---	------------

ROGOS E PREGUNTAS.....	136
------------------------	------------



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de xaneiro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de xaneiro de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Excusados/as:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Dona Ana Lamas Villar	PSOE

O Sr. Taboada Vigo entra comezada a sesión, no punto número 9.

O Sr. Lage Tuñas entra comezada a sesión, na quenda de mocións.

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.



Aberto o acto ás 12:09 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día, comezamos a sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto da orde do día.

Empezamos coa declaración institucional.

Sra. Secretaria

Declaración institucional sobre protección dos murais de Urbano Lugrís situados na Rúa Olmos, 25- A Coruña

Urbano Lugrís González (A Coruña, 28 de xaneiro de 1908 - Vigo, 23 de decembro de 1973) foi un dos grandes artistas plásticos galegos do século XX, autor dunha plástica surrealista que nace da recreación onírica do mundo mariño, habitada por paisaxes imposíbeis rodeadas de seres míticos nunha atmosfera propia e recoñecida baixo a súa exclusiva sinatura.

Para alén doutras facetas artísticas, entre as que cómpre destacar a escrita, é autor dunha prolífica obra pictórica que ofrece unha singularidade: unha parte desa obra artística son orixinais murais realizados in situ nas paredes interiores de edificios públicos e privados.

Un dos lugares que acolle varios murais de Lugrís é un edificio situado na Rúa Olmos, 25 na cidade da Coruña, o inmóbel, a pesares de estar situado nun dos barrios máis emblemáticos da Pescadería, dentro do ámbito de actuación PEPRI (Plan Especial de Protección e reforma interior da Cidade Vella), está nun estado de abandono e deterioración que, entre outras incidencias, provoca filtracións de auga ao interior e tamén un derrubamento de parte da galería de madeira e que provocou que os bombeiros da cidade herculina tivesen que actuar para sanear a fachada. Todo isto está a pór en perigo a conservación do tesouro artístico que representan o murais de Urbano Lugrís como parte do seu rico legado artístico, catalogado como Patrimonio Cultura de Galiza.

Por todo isto,os grupos políticos que formamos parte desta corporación queremos solicitarlle ao Concello da Coruña e á Xunta de Galiza

Que se activen todas as accións e medidas necesarias para asegurar a a protección, conservación e restauración dos murais de Urbano Lugrís que se achan no interior do edificio da Rúa Olmos, 25 na cidade da Coruña.

Amosamos a dispoñibilidade da Deputación da Coruña en colaborar co Concello e coa Xunta naquelas iniciativas que estean destinadas á conservación da obra de Urbano Lugrís.

Sr. Presidente

Pasamos ao primeiro punto da orde do día.



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/2022, do 22 de decembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 13/2022, do 22 de decembro

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 17 de decembro de 2022 ata o 20 de xaneiro de 2023.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 17 de decembro de 2022 ata o 20 de xaneiro de 2023.

3.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2023, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2023, PRIMEIRA FASE cun orzamento total de **10.100.010,21.-** euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900, integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE
2023.1100.0001.0	GRUPO 1A ORTIGUEIRA	298.702,37
2023.1100.0002.0	GRUPO 1B CARIÑO	243.445,30
2023.1100.0003.0	GRUPO 2 MAÑÓN E AS PONTES	173.405,20
2023.1100.0004.0	GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	266.450,40
2023.1100.0005.0	GRUPO 4 FERROL E NARON	383.893,48
2023.1100.0006.0	GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	318.773,10
2023.1100.0007.0	GRUPO 6 ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	215.145,34
2023.1100.0008.0	GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	256.582,15
2023.1100.0009.0	GRUPO 8 IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	419.489,10
2023.1100.0010.0	GRUPO 9 OLEIROS E SADA	449.675,47
2023.1100.0011.0	GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS	407.770,91
2023.1100.0012.0	GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS	363.407,17



2023.1100.0013.0	GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIROS, CURTIS E OZA-CESURAS	334.130,03
2023.1100.0014.0	GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO	235.473,99
2023.1100.0015.0	GRUPO 13B BOIMORTO, MESIA E VILASANTAR	262.884,31
2023.1100.0016.0	GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	401.758,70
2023.1100.0017.0	GRUPO 15 ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO	225.136,04
2023.1100.0018.0	GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	443.795,11
2023.1100.0019.0	GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDA E LARACHA	328.810,02
2023.1100.0020.0	GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO	342.816,29
2023.1100.0021.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	199.236,34
2023.1100.0022.0	GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	223.147,30
2023.1100.0023.0	GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	284.120,51
2023.1100.0024.0	GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	398.196,46
2023.1100.0025.0	GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES	245.737,76
2023.1100.0026.0	GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA	293.972,60
2023.1100.0027.0	GRUPO 25 BRION, DODRO, PADRON E ROIS	367.390,35
2023.1100.0028.0	GRUPO 26 AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	252.129,44
2023.1100.0029.0	GRUPO 27 BOIRO E RIANXO	281.324,43
2023.1100.0030.0	GRUPO 28 A POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON E RIBEIRA	391.136,31
2023.1100.0031.0	GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	298.781,95
2023.1100.0032.0	GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS	227.754,31
2023.1100.0033.0	GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	265.537,97
	TOTAL.....	10.100.010,21

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

4.- Dación de conta da Resolución da Presidencia 54183 de 29/12/2022 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2023 publicado no BOP núm.247 o 30 de decembro de 2022 na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.

Dase conta da Resolución da Presidencia 54183 de 29/12/2022 pola que se aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2023 publicado no BOP núm.247 o 30 de decembro de 2022 na páxina web e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña.

5.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FISTERRA polo que se instrumente unha subvención



nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación do polideportivo municipal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Fisterra para cofinanciar as obras de **rehabilitación do polideportivo municipal** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Fisterra** para cofinanciar as obras de **rehabilitación do polideportivo municipal** cunha achega provincial de **272.132,73 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento de 80,00002 % respecto dun orzamento de **340.165,78 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

5º.- Condicionar a formalización do convenio a que se retome o apunte contable no expediente de modificación correspondiente

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FISTERRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Na Coruña, a ___ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña



E doutra parte o/a representante do Concello de **Fisterra**
Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Fisterra** considera de primeira necesidade as obras de Rehabilitación do Pavillón polideportivo municipal

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...As obras afectan ó Pavillón Polideportivo Municipal de Fisterra, situado na rúa Cabello, núm. 32, C.P. 15155, pertencente ó termo municipal de Fisterra, da provincia da Coruña. A súa localización está a 450 metros da Enseada da Langosteira ó leste e a 700 metros da Praia do Mar de Fóra ó oeste, lindando co Instituto de Educación Secundaria IES Fin do Camiño e co campo de fútbol municipal.

Pola estrada á que dá fronte a parcela discorre o Camiño de Santiago que vai de Santiago de Compostela a Fisterra.

Esta edificación data do ano 1992. A súa estrutura, tanto vertical como de cuberta, é metálica, contando con peches de fábrica de bloque e chapa metálica. A cuberta é a dúas augas é tamén de chapa metálica. No seu interior dispón de gradas para o público acaroadas ás fachadas leste e sur, debaixo das cales se atopan os vestiarios, aseos, enfermería e zonas de almacéns e instalacións.

En canto ó seu estado de conservación, presenta graves deficiencias por corrosión da estrutura metálica debidas da acción do ión cloruro que contén o sal do mar.



Este sal pode chegar ó edificio arrastrado polo ventos debido á súa proximidade á costa.

Esta corrosión tamén afecta á chapa metálica da cuberta e da fachada facilitando a entrada de auga da choiva.

O edificio tamén ten deteriorada a pintura da fachada.

Por mor do estado de corrosión de certos elementos estruturais faise urxente unha actuación de reparación dos mesmos para garantir a súa estabilidade mecánica, sobre todo debido á situación xeográfica do edificio, que o expón aos fortes ventos.

Así mesmo, é necesaria a substitución da envolvente de chapa metálica, tanto en cuberta como en fachada, para mellorar as condición de salubridade no interior da instalación e de seguridade no interior e no exterior evitando que se poida desprender pola acción do vento, como nalgunha ocasión aconteceu. A situación actual da cuberta incide ademais de maneira negativa na propia seguridade da realización da actividade deportiva, que nas épocas de choiva e vento fan obrigado o peche das instalacións por mor das pingueiras existentes en varios puntos da mesma coa perigosidade de escorregamentos que poden conlevar. ”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Fisterra** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Fisterra con CIF P1503800C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Rehabilitación do polideportivo municipal de Fisterra”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D.Alfonso Botana Castelo (Col. COAG N° 2.405)

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	236.242,64 euros
Gastos xerais 13,00%	30.711,54 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	14.174,56 euros
IVE (21%)	59.037,04 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	340.165,78 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **272.132,73** euros o que representa unha porcentaxe de **80, 00002%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80, 00002 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto



efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e **APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.



- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.



3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN S E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e



presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TOQUES polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora viaria de Couso a Villamor en



Penaventosa

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para cofinanciar as obras de "Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Toques polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de Mellora viaria de Couso a Villamor en Penaventosa, cunha achega provincial de **110.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/4532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **137.500,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

5º.- Condicionar a formalización do convenio a que se retome o apunte contable no expediente de modificación correspondiente

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA VIARIA DE COUSO A VILLAMOR EN PENAVENTOSA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña



E doutra parte o/a representante do Concello de **Toques**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Toques** considera de primeira necesidade as obras de Mellora viaria de Couso a Villamor en Penaventosa

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...consistente nunha rehabilitación dos viais de entrada ó núcleo do Couso e pon de manifesto a importancia do mesmo xa que supón unha reforma integral que supón unha gran mellora nas condicións de acceso e permanencia no mesmo. Ademais expón que se trata dun proxecto que ten un indudable interese público de carácter social e económico posto que afecta de maneira directa a un dos núcleos que ten máis poboación dentro do Concello de Toques e que está en peores condicións de tránsito e de comunicación.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Toques** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Toques con CIF P1508400G, fixando as condicións que se impoñen por esta



administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Mellora viaria de Couso a Villamor en Penaventosa”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Pablo Blanco Ferreiro Col. N.º.: 22.992.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

Dunha parte, _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.



EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial da Coruña é titular da casa e finca denominada “Puente do Cubo” e “Monte da Fame” en Cecebre, termo municipal de Cambre (inmoble que foi propiedade de Wenceslao Fernández Flórez), así como do mobiliario, biblioteca, láminas e debuxos ubicados no mesmo.

A dita adquisición mediante compravenda e o prego de cláusulas particulares que rexeron a citada adquisición foron aprobadas en sesión plenaria celebrada o 11 de xuño de 1999. A escritura de compravenda formalizouse ante o notario D. Miguel Jurjo Otero, o 9 de xullo de 1999 (número de protocolo 1806) e mediante resolución da presidencia nº 13.173 de data 5 de xullo de 1.999 aprobouse o pago do prezo de adquisición.

Na cláusula 10 do prego (DESTINO) para a adquisición do citado ben, establecíase: “A Deputación destinará os bens adquiridos a fins propios da súa competencia (culturais, artísticos, sociais, turísticos, educacionais, formativos, etc).

A Deputación comprometeuse a realizar os trámites correspondentes para a conservación, restauración e rehabilitación, tanto da casa coma da finca.

Así mesmo a Deputación comprometeuse a facilitar á Fundación Wenceslao Fernández Flórez a utilización dos locais que se adquiriron, ben mediante a integración da Deputación na Fundación, ben de calquera outro xeito que se estimase adecuado en dereito, previa tramitación e adopción dos acordos preceptivos.

O inmoble figura inscrito no epígrafe 1.1.- INMOBLES URBANOS, do Inventario de Bens desta Corporación, co número 62 e a cualificación xurídica de DOMINIO PÚBLICO-SERVIZO PÚBLICO.

2.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez figura inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 1998/12 (Orde 27 de xaneiro de 1999, DOG nº 26 do 9 de febreiro de 1.999) e constituíuse en novembro de 1998 ante o notario da cidade de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere (número de protocolo 3.603).

De acordo cos estatutos aprobados en reunión do padroado o 17 de xaneiro de 2009, e elevados a escritura pública o 12 de xullo de 2011 ante o notario Miguel Jurjo Otero, a Fundación ten por obxecto segundo o artigo 6 dos seus estatutos:

“1.- Fomentar, soste e difundir o interese e reflexión sobre a importancia e transcendencia temporal da memoria de Wenceslao Fernández Flórez e promover o estudo e divulgación da súa vida e obra.

2.- Conservar como Museo, Biblioteca e mobiliario da casa Villa Florentina, en Cecebre, lugar á que estivo vencellado durante toda a súa vida e na que escribiu grande parte da súa vida e obra.

3.- Manter no mellor estado esta Casa-Museo, os seus xardíns e os demais edificios e eidos adxacentes, tanto no concerne á súa conservación material como en su disposición para ser visitada por cantos desexan coñecer o que foi centro espiritual e creador do escritor, que xa forma parte do patrimonio cultural do pobo galego.

4.- Procurar que o labor iniciado por Wenceslao Fernández Flórez no estudo, reflexión e interpretación da natureza e do territorio nos espazos rurais e urbanos



de Galicia; na interpretación sobre a súa identidade histórica, e no eido da creación literaria, reciba estímulos para a súa prosecución axeitada. A tal fin, a Fundación artellará os instrumentos e medios materiais e intelectuais necesarios para o desenvolvemento dun Centro de Estudos e Interpretación da Natureza – CELIA- que atenda á prosecución de tal labor, centrado preferentemente nas ciencias naturais, nas sociais e na creación literaria, o cal, formando parte da Fundación, será administrado por ésta, e que se regulará por un Regulamento interno que, en ningún caso, poderá contradicir os presentes estatutos e a lexislación vixente.

5.- Coidar da tumba da familia, sitas no Cemeterio de San Amaro na Coruña.

6.- Celebrar, cos actos que se acorden, as datas conmemorativas de Wenceslao Fernández Flórez e organizar na súa memoria na data que se determine os acontecementos mais relevantes.

7.- Organizar a concesión de premios ou honores que se considere de importancia para a vida e obra do escritor.

8.- Organizar actividades culturais, relacionadas coa promoción e posta en valor da cultura galega e coa obra do escritor no contexto da súa obra.

9.- Servir de Centro de dinamización cultural con capacidade de iniciativa propia e de operatividade nos diferentes aspectos das Artes en Xeral.

10.- Fomentar a actividade cultural entre a xuventude, buscando o xeito de acollelos e encetalos na nosa cultura galega e nacional.

11.- Fomentar as Artes de expresión como o cine, o teatro, o audiovisual e novas tecnoloxías. Creando e producindo ou premiando tal e como houbese sido feito polo escritor.”

As actividades para levar a cabo o fin fundacional concréntanse en:

- Reedición da obra literaria do autor
- Ciclos de conferencias
- Charlas
- Programas de animación á lectura da súa obra
- Ciclos de cine
- Ciclos literarios
- Calquera outra actividade que se considere necesaria para o maior desenvolvemento dos seus fins

3.- O 31 de xaneiro de 2001 asinouse o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez para a utilización do inmovible, formalizado co número 3/2001.

Posteriormente, mediante acordo plenario do 28 de maio de 2021, aprobouse o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez, relativo á autorización de uso do inmovible que foi propiedade de Don Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre. O convenio formalizouse o 28 de xuño de 2021 co número 55/2021. A súa vixencia expirou o pasado 31 de maio de 2022.

4.- A Deputación considera necesario autorizar o uso do inmovible á Fundación Wenceslao



Fernández Flórez para así dispor dun foro permanente de difusión da obra do insigne escritos coruñés, creando ademais un centro de atención turística e cultural neste lugar da Fraga de Cecebre que inspirou a obra do Bosque Animado.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a xestión compartida do inmovible propiedade da Deputación Provincial da Coruña coa Fundación Wenceslao Fernández Flórez, sito en Cecebre, Concello de Cambre, e autorizar o seu uso á citada fundación para a realización das súas actividades, considerando a importante labor que leva a cabo esta fundación na divulgación e estudo da vida e obra de Wenceslao Fernández Flórez.

SEGUNDA.- XESTIÓN COMPARTIDA

A Deputación coma propietaria do inmovible poderá utilizar o mesmo para fins de interese provincial, tales coma realización de exposicións, conferencias, actividades culturais, informativas, divulgación turística, etc., compatibilizándoo e compaxinando o uso da Deputación coas actividades propias da Fundación.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A Deputación, como propietaria do inmovible, asumirá os gastos fixos asociados ao inmovible e as súas subministracións básicas, polos seguintes conceptos: auga, luz, teléfono, calefacción e gastos de limpeza.

Ademais a Deputación da Coruña como titular da propiedade comprométese ao pago dos gastos relativos ao mantemento e conservación da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez.

CUARTA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

1.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez, en aplicación deste convenio comprométese ao adecuado uso da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez.

2.- Os espazos cuxo uso se autoriza á Fundación Wenceslao Fernández Flórez, utilizaranse exclusivamente para os fins obxecto da Fundación. A estes efectos comunicarase con antelación suficiente ao Servizo de Patrimonio e Contratación o programa de actividades de cada trimestre.

3.- En todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovible cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas as dúas institucións.

4.- A Fundación Wenceslao Fernández Flórez comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras no inmovible. O Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá por si ou a través doutros servizos da Deputación (Arquitectura e Mantemento, Acción Social, Cultural e Deportes, Biblioteca, Arquivo, etc.) inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e dos bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.

5.- A entidade beneficiaria realizará actuacións para potenciar a difusión da obra de Wenceslao Fernández Flórez.

6.- A Fundación comprométese a que os fondos bibliográficos sexan consultados dentro



do inmobile sen que poidan saír do mesmo sen autorización do xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, previo informe da directora da Biblioteca Provincial. De igual xeito o fondos artísticos propiedade da Deputación non poderán saír do inmobile sen a citada autorización.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN.

Todos os eventos e os materiais promocionais deberán incorporar a imaxe institucional da Deputación provincial da Coruña como entidade colaboradora, e poderán consistir en publicidade activa mediante paneis fixos, carteis, trípticos, camisetas, cuñas radiofónicas, páxinas web, notas de prensa e calquera medios a través dos cales se propague información das actividades. O incumprimento das obrigas de publicidade derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

SÉTIMA.- VIXENCIA E PRÓRROGA

O presente convenio terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2023 ate o 31 de decembro de 2026.

O período de imputación dos gastos a que se refire este convenio é o mesmo que se establece como período de vixencia deste, é dicir, dende o 1 de xaneiro de 2023 ate o 31 de decembro de 2026.

A Deputación en calquera momento e en función da súas necesidades poderá deixar sen efecto autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- O seu incumprimento total ou parcial.
- O incumprimento das obrigas establecidas na cláusula cuarta.
- Por acordo mutuo entre a Fundación Wenceslao Fernández Flórez e a Deputación Provincial da Coruña.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

A resolución dos conflitos que puidesen xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN CONCELLO DE CAMBRE

A Deputación estudará a forma de integración do concello de Cambre na xestión da Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez, nas súas diversas opcións e en particular a cesión de uso ou titularidade do citado inmobile.

Faise constar o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en data

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no



lugar e data indicados no encabezamento."

(Entra no salón o Sr. Taboada Vigo).

9.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a decembro de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de decembro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de decembro de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

10.- Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Boiro ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

Dáse conta do acordo do Concello de Boiro, adoptado na sesión plenaria do 18 de outubro de 2022, de adhesión ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

11.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cariño respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 28 deputados presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Cariño, adoptado na sesión plenaria do 2 de decembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

12.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Irixoa respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 28 deputados presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Irixoa, adoptado na sesión plenaria do 18 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."



13.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Val do Dubra respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 28 deputados presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Val do Dubra, adoptado na sesión plenaria do 12 de decembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

14.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Vilasantar respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos 28 deputados presentes, e maioría absoluta dos membros da Corporación, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Vilasantar, adoptado na sesión plenaria do 15 de decembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.



2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

15.- Aprobación definitiva da valoración do complemento de destino, da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e do organigrama 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"En relación co acordo plenario do 25/11/2022 de aprobación inicial da valoración do complemento de destino, da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e organigrama 2023 e as alegacións formuladas contra él, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Corporación Provincial, na sesión plenaria celebrada o día 25 de novembro de 2022, acordou aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo do ano 2023.

O anuncio da aprobación inicial foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 226, do 29 de novembro de 2022, abríndose un prazo de información pública de vinte (20) días, a contar desde o seguinte á dita publicación, para que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas; a estes efectos, o expediente expónse ao público na Secretaría Xeral desta Deputación.

Segundo.- O 16 de decembro de 2022, D. Enrique Urcola Fernández-Miranda, co DNI ***6434**, actuando en representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, presentou na sede electrónica desta Administración un escrito de alegacións ao acordo de aprobación inicial da RPT 2023 en relación á titulación esixida para desempeñar o posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a Concellos, no que solicita que se poida acceder o posto indicado ca titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos. Na mesma data D. Óscar Souto Muiño, co DNI ***1771** presenta escrito de alegacións no que solicita que se poida acceder o posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a Concellos indicado ca titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e que o posto de Xefatura de Servizo de vías e obras quede reservado en exclusiva aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.



Fundamentos de dereito

Primeiro.- Revisadas as funcións do posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos, e tendo presente o principio de liberdade con idoneidade que establece a xurisprudencia do Tribunal Supremo en relación co acceso a función pública, se estiman as alegacións formuladas polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

Consecuentemente, estímense en parte as alegacións de D. Oscar Souto Muiño, no que se refire á ampliación das titulación relativas o posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos, rexeitándose a relativa ó posto de Xefatura de servizo de vías e obras por concorrer nas funcións deste as mesmas razóns que motivan a estimación das alegacións no caso da Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos.

Por outra banda, advertidos erros materiais na aprobación inicial do expediente de Relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2023, propónse a súa corrección.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia,

ACÓRDASE

1.- Estimar as alegacións presentadas por D. Enrique Urcola Fernández-Miranda, co DNI ***6434**, actuando en representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, e parcialmente as presentadas por D. Oscar Souto Muiño no que se refire o posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos, de xeito que a titulación do posto pase a ser a “10.- Grao ou licenciatura universitaria”.

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.
1.1.342.1	Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos	29	A1	1	S	CE	A3	AX/AE	10

2.- Corrixir a relación de postos de traballo no seguinte sentido:

Anexo III – Relación de postos de traballo 2023

Onde di:

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY							
CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.
		L				V	



1.1.173.1 7	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: novembro 2023	17	C2			1	N	C	
1.1.173.2 2	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: outubro 2023	17	C2			1	N	C	
1.1.173.3 8	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: novembro 2023	17	C2			1	N	C	

CENTRO DE DIA DE MENORES DE FERROL									
CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PRO V	ADM.	CÓDIGO POSTO	POSTO
1.1.194. 7	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a_A 2 Xornada especial Data efectos: maio 2023	17	C2			1	N	C	
1.1.194. 8	Auxiliar educador/a A transformar en Titor/a_B a quendas Data efectos: marzo 2023	17	C2			1	N	C	

Debe decir:

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY									
CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PRO V	ADM.		
1.1.173.1 7	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: xubilación titular actual	17	C2			1	N	C	
1.1.173. 22	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: xubilación titular actual	17	C2			1	N	C	



1.1.173. 38	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a Infantil_B Data efectos: xubilación titular actual	17	C2				1	N	C	
CENTRO DE DIA DE MENORES DE FERROL										
CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PRO V	ADM	CÓDIGO POSTO	POSTO	
1.1.194 .7	Auxiliar educador/a A transformar en Educador/a_A2 Xornada especial Data efectos: xubilación titular actual	17	C2			1	N	C		
1.1.194 .8	Auxiliar educador/a A transformar en Titor/a_B a quendas Data efectos: xubilación titular actual	17	C2			1	N	C		

3.- Aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2023.

O presente acordo surtirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Remitirase copia do cadro de persoal e da relación de postos de traballo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no BOP."

16.- Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Acción da Presidencia 2022, para dar cumprimento ao



establecido no artigo 38 do Real decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local, co seguinte contido:

PLAN DE ACCIÓN DA PRESIDENCIA 2022: MEDIDAS RESPECTO AOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES E DEFICIENCIAS POSTOS DE MANIFESTO POLO ÓRGANO INTERVENTOR NO INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO, EJERCICIO 2021.

I. DESTINO: PLENO DA CORPORACIÓN, CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E TRIBUNAL DE CUENTAS.

1. INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES E FUNDAMENTO NORMATIVO.

O Goberno provincial que presido segue a traballar a prol dos concellos e demais entidades locais, promovendo obras, actividades e servizos que melloren a calidade de vida do conxunto da cidadanía, así coma promovendo mediante a acción de fomento o tecido económico, cultural, deportivo e social da Provincia. Nesta acción de fomento, así como na prestación dos servizos públicos provinciais, son directamente as persoas as beneficiarias da nosa acción, na que procuramos que as prestacións sexan en cada caso as máis axeitadas á situación singular de cada persoa, podendo tomarse como paradigma significativa as axudas ao sector do transporte, no caso da acción de fomento, ou a teleasistencia domiciliaria, no que atinxe á prestación de servizos públicos a prol dos nosos maiores.

En todos os ámbitos indicados, podemos manifestar con orgullo que temos mellorado significativamente a situación de partida coa que nos atopamos 2015, logo de que os concellos, as familias e a meirande parte das persoas viran minguada a súa capacidade económica e o seu benestar dende que se iniciara a crise económica que se prolongou nos anos anteriores, xerándose desigualdade e mesmo pobreza e, xa no ámbito propio da xestión pública, unha diminución considerable dos medios persoais e materiais cos que se estaban a prestar os servizos públicos.

Esa situación coa que nos atopamos no ano 2015 está case revertida na actualidade, retornando a Deputación e os pequenos e medianos concellos a prestación duns servizos públicos de calidade, mellorando o seu financiamento e a súa eficiencia, non só no plano económico, senón tamén no social e medioambiental.

Logo desta reflexión inicial, xa centrándonos no plano da xestión económico-financeira da Deputación, tamén temos mellorado dende o ano 2015, apreciándose dita progresión non só nas grandes magnitudes (máis aforro neto e remanente de tesourería, por exemplo), senón tamén no cumprimento da legalidade administrativa, financeira e procedimental. Neste senso, resulta moi significativo o descenso de número de reparos formulados á xestión polo órgano interventor e mellor dato ofrece a porcentaxe de gasto reparada, que só alacazou no exercicio 2021 ao 1,3 por cento do gasto comprometido (véxase, para este efecto, o informe-resumo do órgano interventor, que foi presentado perante o Pleno na sesión ordinaria do pasado mes de febreiro).

Estes datos, entre outros, amosan o compromiso efectivo deste goberno co Código de Bo goberno local da FEMP, ao que nos adherimos na sesión plenaria de 21 de decembro de 2018, e co cumprimento en xeral de toda a normativa de aplicación, tratando de que se produza unha asignación eficiente dos recursos públicos, baixo os criterios de eficiencia e economía, tal como proclama o artigo 31.2 da Constitución.

Camiñamos, xa que logo, cara un horizonte de pleno cumprimento normativo e



procedimental e proba deste ascenso cara á excelencia ben pode ser o Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude que vén de aprobar o Pleno na sesión ordinaria que tivo lugar o pasado mes de xuño, sendo súas medidas de prevención, detección, corrección e persecución de condutas fraudulentas un bo paradigma de referencia para toda a xestión administrativa e económica das administracións públicas.

Con todo, seguindo para este efecto os apartados de recomendacións e medidas que requiren un plan de acción do informe que presentou o órgano interventor ante o Pleno no pasado mes de febreiro, temos que recoñecer e admitir por unha banda que, no pasado exercicio 2021, se teñen producido algunhas deficiencias procedimentais no tocante ao outorgamento de subvencións nominativas, así como algunha extemporaneidade na xestión contractual e por outra banda, pola prioridade doutras actividades na xestión administrativa, quedaron sen executar algunhas das medidas xa comprometidas nos plans de acción de exercicios anteriores con respecto a xestión de determinados servizos públicos, que agora nos propoñemos executar parcialmente e levar a cabo antes de que remate o actual mandato corporativo 2019-2023).

Xa que logo, cos antecedentes e fundamento expostos, de acordo co disposto no artigo 38 do Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, fronte ao informe-resumo do órgano interventor cos resultados do control interno, formúlase este Plan de acción, do que se da conta ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento e seguimento.

II. PLAN DE ACCIÓN: MEDIDAS, CALENDARIZACIÓN E SERVIZOS RESPONSÁBEIS.

1. Medidas para evitar no futuro os reparos suspensivos nos acordos de concesión de subvencións nominativas.

Co fin de cumprir cos requirimentos expostos nos reiterados informes de reparo emitidos polo Interventor xeral respecto das propostas de concesións de subvencións nominativas, na acción de fomento a desenvolver pola Deputación no exercicio 2023 e seguintes aplicaranse as seguintes medidas:

- A necesaria solicitude da entidade interesada, aprobada polo seu órgano representativo (pleno da corporación, asemblea de socios, padroado), acreditando as razóns excepcionais ou singulares que concorren na actividade ou proxecto, que non ten cabida en ningún dos plans ou programas que convoca anualmente a Deputación. Dito acordo deberá ir precedido dunha memoria explicativa na que se motive a excepcionalidade da axuda solicitada.
- A tramitación do procedemento, no que necesariamente deberá constar un informe-proposta do servizo correspondente, no que se pronunciará sobre o cumprimento dos requisitos establecido, valorando se aprecia ou non a excepcionalidade ou singularidade e se efectivamente o proxecto ou actividade non pode acollerse a ningún dos programas de subvencións ou plans aprobados pola Deputación.

O Goberno provincial, ao abeiro da habilitación legal contida no artigo 22 da Lei xeral de Subvencións e nesta normativa regulamentaria propia, só presentará ao Pleno da Corporación os expedientes que cumpran cos requirimentos expostos anteriormente. Do cumprimento dos mesmos son responsábeis cada un dos servizos con competencia na acción de fomento provincial.

Por outra banda, como alternativa para que os concellos poidan presentar con certa flexibilidade as solicitudes de apoio económico para proxectos ou actividades singulares e non teñan que acudir a vía excepcional das subvencións nominativas, no exercicio



2023 aprobarase unha convocatoria de subvencións con esta finalidade, baixo os principios de concorrencia competitiva e publicidade, de xeito que cada concello poderá presentar aquela actividade ou proxecto que, no ámbito estritamente municipal pode ser considerada única ou excepcional, mais non pode cualificarse así no conxunto do territorio provincial (subvencións para actuacións en edificios ou recintos de interese histórico-artístico, paisaxístico, medioambiental, eventos culturais singulares e outros similares).

Polo demais, no tocante ao estrito cumprimento da normativa procedimental e substantiva, exhortamos ao persoal responsábel de cada un dos servizos provinciais para que se manteña sempre vixiante no respecto a trámites e prazos, garantíndose a aplicación efectiva dos principios de igualdade, non discriminación, publicidade e transparencia; en síntese, que a Deputación cumpra sempre co Principio de Legalidade e se manteña vinculada positivamente ao mesmo, de xeito que só leve a cabo as actuacións e servizos para a que está habilitada constitucional e legalmente esta administración local.

2. A Biblioteca provincial: a modificación regulamentaria e a mellor cooperación coas bibliotecas municipais.

Dado que a biblioteca é un servizo público xa regulamentado, ínstase á dirección a que, partindo do texto actual, presente unha nova proposta de regulamento adaptado á normativa en vigor (Lei 39/2015, do Réxime xurídico do Sector Público e normativa concordante).

Na proposta de regulamento que se presente deberá artellarse o sistema para a debida coordinación deste servizo provincial coas bibliotecas de ámbito municipal, de xeito que os recursos da nosa biblioteca sexan ben coñecidos e postos a disposición de toda a cidadanía provincial.

3. FAEPAC: creación dunha comisión para analizar a súa posible disolución e liquidación.

Tamén está pendente a adopción de medidas con respecto á Fundación Axencia Enerxética Provincial, logo de que os informes do órgano interventor cuestionasen a súa viabilidade e recomendasen analizar a súa disolución e liquidación.

Co fin proposto, o máis axiña posible elevarase ao Pleno a proposta para a designación dunha comisión político-técnica que avalíe a situación actual da Fundación e as actuacións a realizar, coa posibilidade de extinguir este ente instrumental e integrar os seus medios persoais e materiais nalgún dos servizos da Deputación.

III. CONCLUSIÓN.

Despois de todo o exposto nos apartados precedentes, maniféstase a vontade do goberno que presido, non só de cumprir estritamente coa legalidade na xestión económico-financeira, senón de seguir as recomendacións do órgano interventor no tocante á análise e reflexión sobre xestión e funcionamento dos centros e servizos provinciais.

Será o Pleno da Corporación, coa representación que ostenta e na manifestación da autonomía local recoñecida pola Constitución, o que decida finalmente sobre as decisións a adoptar, garantindo así que o os concellos e, por ende, toda a cidadanía da Provincia, reciba as mellores prestacións e servizos posibles.”



SEGUNDO.- Incorporar o Plan ao expediente: INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO 2020 (Artigo 37 RCIL).

TERCEIRO.- Remitilo á Intervención Xeral da Administración do Estado, así como aos demais órganos de control externo que proceda de conformidade coa normativa de aplicación, e publicalo na web institucional."

17.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao cuarto trimestre de 2022.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao cuarto trimestre de 2022, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

18.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade da Coruña para apoiar a súa participación na ampliación de capital da sociedade de capital Risco Unirisco (Expte. 2022000050553).

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para apoiar a súa participación na ampliación de capital da sociedade de capital risco UNIRISCO, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios que se atopan recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de



subvencións, e 65 e 67 do seu regulamento.

2. Aprobar o convenio de colaboración coa universidade de Santiago de Compostela, CIF Q1518001A e a Universidade da Coruña, CIF Q-6550005-J para financiar a **ampliación de capital da sociedade de capital risco UNIRISCO GALICIA S.A. cunha achega total máxima** de 400.000,00 €, conforme indícase no cadro seguinte:

UNIVERSIDADE	IMPORTE DESEMBOLSADO NA AMPLIACIÓN	ACHEGA PROVINCIAL	% DISTRIBUCIÓN ACHEGA PROVINCIAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	360.510,00 €	260.000,00 €	65 %
A CORUÑA	140.067,00 €	140.000,00 €	35 %
TOTAIS	500.577,00 €	400.000,00 €	100 %

3. Condicionar á aprobación da concesión da subvención á aprobación do expediente de incorporación de remanentes de crédito 2023, no que está prevista a incorporación do crédito que foi aprobado no EMC 3/2022 por importe de 400.000,00 €.

4. Incluir esta subvención nominativa no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA APOIAR A SÚA PARTICIPACIÓN NA AMPLIACIÓN DE CAPITAL DA SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO UNIRISCO”

Na Coruña a ____ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

Doutra parte, _____, en representación da Universidade da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña, en adiante Deputación, desenvolve o Plan de Emprego Local 2020-23, que ten como obxectivos fundamentais os de favorecer a creación, a posta en marcha e a consolidación de novas empresas na provincia, fomentar o emprendemento, atraer o talento e a innovación, valorizando os recursos locais e favorecendo a fixación de profesionais en zonas principalmente rurais para impulsar a modernización do tecido empresarial a través da oferta de servizos e axudas



complementarias ás que proporcionan as distintas administracións e entidades públicas, como as das universidades.

Que as Universidades de Santiago de Compostela, en adiante USC, e da Coruña, en adiante UDC, no desenvolvemento de políticas de achegamento á actividade empresarial, participan no accionariado da sociedade de capital risco UNIRISCO GALICIA S.A., cuxa misión é contribuír a incrementar a transferencia de coñecementos da Universidade e centros de investigación ao mundo empresarial, achegando financiamento a proxectos emprendedores baseados en ciencia e tecnoloxía en comparación co que sucede noutros países.

Que tanto a Deputación como a USC e a UDC teñen a firme vontade de contribuír ao desenvolvemento económico e social da provincia da Coruña. Que a sociedade de capital risco UNIRISCO GALICIA S.A., en adiante UNIRISCO, está tramitando unha ampliación do seu capital, coa finalidade de reforzar a súa política de investimento e impulsar empresas tractoras que promovan modelos de innovación aberta e busquen estar en contacto con novas tecnoloxías que consoliden os seus modelos de negocio.

Que a Deputación, coa finalidade de fomentar na provincia da Coruña a creación e o desenvolvemento de novas empresas cunha importante base tecnolóxica, financiará a participación da USC e da UDC na ampliación de capital de UNIRISCO, e a tal efecto as tres entidades

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e as Universidades de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) e da Coruña (Q6550005J) para apoiar a súa participación na ampliación de capital da sociedade de capital risco UNIRISCO GALICIA S.A.

A USC e a UDC promoverán a relevancia do criterio de territorialidade no desenvolvemento da estratexia de inversión de UNIRISCO e participará na ampliación de capital de UNIRISCO na cantidade financiada pola Deputación.

A tal efecto, priorizarán a inversión de UNIRISCO en empresas radicadas na provincia da Coruña pertencentes a sectores considerados estratéxicos polos seus accionistas, e en concreto:

- Biotecnoloxía
- Descubrimento de fármacos
- Tecnoloxías da saúde
- Agroalimentario
- Novos materiais
- Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC)
- Industria 4.0
- Innovación aberta
- Economía circular e novas formas de enerxía e sustentabilidade

II. ORZAMENTO DE GASTOS DO INVESTIMENTO A REALIZAR

As universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, en cumprimento do disposto na cláusula I, participarán na ampliación de capital de UNIRISCO, consonte ao seguinte



orzamento:

UNIVERSIDADE	ACCIÓNS ADQUIRIDAS NA AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE UNIRISCO	VALOR NOMINAL DA ACCIÓN	IMPORTE DA PARTICIPACIÓN NA AMPLIACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA	610	591,00 €	360.510,00 €
A CORUÑA	237	591,00 €	140.067,00 €
TOTAIS	847	---	500.577,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da ampliación de capital de UNIRISCO tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **400.000,00 €**, conforme indícase no cadro seguinte:

UNIVERSIDADE	IMPORTE DESEMBOLSADO	ACHEGA PROVINCIAL	% DISTRIBUCIÓN ACHEGA PROVINCIAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	360.510,00 €	260.000,00 €	65 %
A CORUÑA	140.067,00 €	140.000,00 €	35 %
TOTAIS	500.577,00 €	400.000,00 €	100 %

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/753.01

IV. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente Convenio e velar polo cumprimento do seu obxecto, constituírase unha Comisión de Seguimento, composta por un representante de cada unha das partes asinantes.

A Comisión de Seguimento terá como función velar polo cumprimento do establecido no presente Convenio.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades inversoras, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria anual achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada ás entidades beneficiarias unha vez que se



presente a seguinte documentación pola USC, UDC e UNIRISCO:

- a. Certificación da adquisición de novas accións de UNIRISCO, de conformidade co indicado na cláusula II, emitida polo órgano competente de cada unha das universidades, e
- b. Certificacións emitidas polo órgano competente de UNIRISCO de participación da USC e da UDC na ampliación de capital e do seu correspondente desembolso.

Anualmente a USC e a UDC remitirán á Deputación unha memoria da actividade inversora de UNIRISCO e a acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera do investimento subvencionado.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DO INVESTIMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito temporal deste convenio será de 4 anos, prorrogables. Os investimentos e gastos relativos ás actuacións a realizar pola USC e UDC executaranse nun prazo de 4 anos, prorrogables dende a firma do convenio de colaboración.
2. Para proceder ao aboamento da achega provincial, a USC e UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, nos seus apartados a. e b.
3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC e UDC.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A USC e UDC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

A USC e a UDC destinarán os fondos recibidos á subscripción e desembolso das accións mencionadas na cláusula II deste convenio, para financiar a inversión de UNIRISCO en empresas radicadas na provincia da Coruña pertencentes a sectores considerados estratéxicos polos seus accionistas, conforme o indicado na cláusula I.



X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC e UDC poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC e UDC queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de



convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia finalizará unha vez transcorrido os 4 anos a contar dende a data da sinatura do presente convenio.
2. A Deputación poderá conceder unha prórroga, sempre que sexa solicitada.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____"

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control; a primeira moción, do Grupo Provincial Marea Atlántica, en relación coa petición de explicacións á Xunta de Galicia sobre os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás.



1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición de explicacións á Xunta de Galicia sobre os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis asistimos impotentes a como en todo o territorio galego e particularmente na Provincia de Coruña proliferan incontroladamente proxectos e execucións de parques eólicos sen a maior planificación que a extracción do máximo beneficio privado, sen consecuencias positivas para os galegos e galegas, especialmente para as que viven e manteñen vivo o rural. Os impactos negativos da falta total de planeamento racional, non se ven compensados nin no prezo da enerxía, nin nunha participación pública que garanta un futuro enerxético sostible, nin na vertebración dunha industria asociada que xere traballo estable, nin sequera con compensacións minimamente dignas e xustas ás afectadas como correspondería. Estamos comprometendo o futuro do país sen pararnos a estudar, planear e proxectar un modelo enerxético sostible e xusto en todas as súas facetas.

Comezamos a ver xa as consecuencias das malas decisións do pasado, e deberíamos tomar nota delas para non caer de novo nos mesmos erros e comprometer o futuro. Precisamos un Plan eólico que garanta a democratización do acceso da explotación do vento, a participación efectiva da cidadanía o mesmo e a protección do territorio. Mentres tanto, e alén dos diferentes enfoques posibles para ese planeamento, as institucións deberían como mínimo extremar a esixencia e a fiscalización dos proxectos eólicos para evitar erros de consecuencias nefastas.

É este último punto, a falta de control e fiscalización e as posibles irregularidades dos procesos de crecemento sen control dos parques eólicos, o obxecto desta moción. Vimos de coñecer como recentemente a Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (Adega) presentou unha denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente de A Coruña contra a anterior Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, actualmente Secretaria Xeral de Industria da Xunta. O motivo da denuncia é a presunta prevaricación e malversación de fondos en relación á tramitación do plan industrial asociado á asignación de megavatios para o desenvolvemento dos proxectos eólicos “Campelo” entre os concellos de Coristanco e Santa Comba da nosa provincia e “Lamas de Feás”, ambos de Greenalia Wind Power S.L.

A denuncia sostén a acusación de prevaricación e malversación xa que a Xunta aceptou a proposta de Greenalia de dar por executado o plan industrial malia afastarse completamente da proposta orixinal do 2010, eximindo así a Greenalia de ter que pagar 11.721.971 euros.

A denuncia está directamente relacionada coa resolución administrativa emitida o 21 de xullo de 2021 pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais na que se da por executado irregularmente o plan industrial ao que comprometía a asignación de potencia para os parques eólicos “Campelo” e “Lamas de Feás” no concurso eólico da Xunta de 2010. Por medio desta resolución, Paula Uría, aceptou a proposta de Greenalia de dar por executado o plan industrial, malia a diferir na súa totalidade da proposta orixinal de 2010. O plan orixinal de Kaekias Eólica S.A. asignáronselle 75MW para desenvolver os parques mencionados de Campelo e Lamas de Feás adquirindo o compromiso de levar a cabo un plan industrial específico ou, en caso contrario, monetizar o importe económico deste, opción escollida e pola que debería ter ingresado eses case 12 millóns de euros na Facenda Pública. Unha vez que Greenalia absorbe Kaekias Eólica e, polo tanto, os proxectos eólicos de Campelo e Lamas de Feás pasan a ser titularidade desta, debería ter executado o plan industrial



proposto ou monetizar a cantidade referida. Pola contra Greenalia propón unha modificación radical, presentando un plan industrial que nada tiña que ver co inicial. É aí onde a Xunta debería ter esixido a execución do plan industrial orixinal ou pola contra reclamar a monetización do mesmo cifrada en case 12 millón de euros.

Non podemos esquecer que Greenalia, nun exercicio clásico de porta xiratoria, fichou a Beatriz Mato como conselleira executiva despois de que esta fora Concelleira de Medio Ambiente entre 2015 e 2018, anos nos que a eléctrica tivo unha rápida expansión no noso territorio a consecuencia tamén de concesións outoragadas pola Xunta e a consellaría que dirixía a propia Beatriz Mato.

Este caso demostra as posibles consecuencias da falta dun plan estrutural xusto e da falta de control e fiscalización do crecemento dos parque eólicos, que pode ter, ademais, consecuencias xurídicas para a Xunta de Galicia se se demostran as acusacións formuladas por Adegas.

O Partido Popular rexeitou no Parlamento da Galicia o pasado mes dar explicacións sobre este tema, vetando na Xunta de Portavoces a solicitude para que o vicepresidente primeiro rendese contas pola denuncia mencionada. Ademais, a finais de decembro o TSXG estimou o recurso das asociacións demandantes eximíndoas da obriga á caución na suspensión cautelar, desestimando tamén o recurso de Xunta e Greenalia contra dita suspensión cautelar.

Por este e tantos outros exemplos son milleiros de persoas afectadas no país nas que levan reclamando un outro modelo de renovables, con recentes e maioritarias protestas no país e na provincia. Por tanto, e para evitar permanecer impasibles antes posibles e graves feitos, consideramos relevante que esta institución se pronuncie ao respecto.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Apoiar á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adegas) na súa denuncia.
2. Instar a Xunta de Galicia a que rinda contas no Parlamento Galego pola denuncia de Adegas ante a Fiscalía por presunto delito de prevaricación ao "eximir" a Greenalia de pagar 11,7 millóns de euros
3. Dar traslado desta moción a Adegas, a Greenalia Wind Power S.L. á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero manifestarlles os nosos parabéns ás traballadoras de Inditex que, grazas ás súas reclamacións e á súa mobilización, conseguiron finalmente acadar aquilo que pretendían, que era que se axustasen as súas condicións laborais ao que viñan gañando os seus compañeiros. Certo, esta é unha cuestión que suscitou creio que un debate incómodo para moita xente nesta Corporación e noutras pensábase e dicíase que non era materia de debate, pero, finalmente, o que acontece é que efectivamente a mobilización é unha ferramenta valiosa e estas traballadoras conseguiron aquilo que pretendían, polo cal as parabenizamos.



A moción que traemos aquí encaixa, coincide no tempo coa adxudicación exprés de 3.000 megavatios por parte tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio de Transición Enerxética, setenta parques máis que foron tramitados de urxencia, nunha semana decidiuse, practicamente déuselle o ok á tramitación de impacto ecolóxico duns 40 parques, o cal augura, seguro, no futuro unha morea de demandas dos particulares que, como de costume en solitario, enfrontan ao que en parte se denuncia nesta moción, que é o desleixo e a barra libre existente agora mesmo no sector enerxético en Galicia.

Temos que ter en conta que para 2030 Galicia vai superar nun 57% os obxectivos que Europa estima no que ten que ver coa produción de enerxías renovables. Está claro que este perfil de Galicia como, digamos, batería enerxética do Estado, non responde exactamente aos intereses do país, senón a dinámicas, a verdade que non teñen – insisto– realmente unha incidencia no que ten que ver cunha mellora do noso potencial competitivo para instalar industrias no país.

Sei que isto é algo ao que se está apelando agora mesmo repetitivamente, pero o certo é que os feitos despois indican que os mesmos que hoxe teñen un discurso no que outra vez digan que esta implantación masiva de parques eólicos no país vai favorecer a implantación de industrias, despois tamén son os mesmos que se opoñen por exemplo á existencia dunha tarifa eléctrica galega, ou tamén o contraste entre esta manifestación e os anuncios que fai por exemplo Alcoa en San Cibrao, polos cales segue suspendendo a produción das súas plantas de aluminio ata 2025. Eu creo que aquí tamén hai unha morea de discursos que saben en si mesmos que son eu diría que, cando menos, desinformados ou talvez cínicos.

O que traemos aquí hoxe é un caso típico, un caso máis dunha práctica que denuncia neste caso ADEGA, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, no cal vén dicirnos que estes dous parques, tanto o de Campelo como o de Feás, que está situado na provincia de Coruña, no termo de Santa Comba (Coristanco), que no seu día, no ano 2010, lle foron adxudicados á empresa Kaekias, foron máis tarde absorbidos pola empresa Greenalia, da que forma parte hoxe en día, da súa Dirección, Beatriz Mato, anteriormente conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aquí cando menos hai certo tufo a conflito de intereses, pero non imos abundar neste termo, nesta cuestión, pois a compra, a absorción de Kaekias levaba implícito tamén o compromiso do desenvolvemento dun proxecto industrial –daquela aínda se pretendía que as propias promotoras de parques eólicos tamén se encargasen de promover plans industriais– por un valor de case 12 millóns de euros, 11.700.000 euros. Cando a Xunta de Galicia autoriza esta aprobación, esta absorción, dos megavatios concedidos a Kaekias, exímea tanto do desenvolvemento deste plan industrial como da súa monetización, como do seu pagamento en contraprestación por non telo desenvolto.

ADEGA xudicializa esta cuestión e ademais hai unha tentativa de que no Parlamento de Galicia se rendan contas sobre esta cuestión. Algo que non acontece, algo que se rexeita facer e que é unha das cuestións que aquí se veñen reclamando na parte resolutiva da moción, que di o seguinte:

Punto 1: Apoiar a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, na súa denuncia.

Punto 2: Instar a Xunta de Galicia a que renda contas no Parlamento galego pola denuncia de ADEGA ante a fiscalía polo presunto delito de prevaricación ao eximir a Greenalia do pagamento de 11,7 millóns de euros.



E, por último, dar traslado desta moción a ADEGA, a Greenalia Green Power, á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

Existe unha transacción, unha parte resolutiva, que é proposta polos dous partidos do Goberno, polo BNG e polo PSOE, que nós imos aceptar.

Nada máis e grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lema. Si, a emenda.

Sra. Muíño Filgueira

Como, efectivamente, dicía o portavoz do grupo propoñente, temos presentada unha emenda de modificación na parte de acordos que quedaría da seguinte maneira:

Mostrar a profunda preocupación da Deputación da Coruña polos feitos relatados na denuncia presentada ante a Fiscalía por ADEGA e instar a Xunta de Galicia para que leve a cabo cantas actuacións sexan precisas para a aclaración dos feitos denunciados, ademais da investigación xudicial iniciada a dar conta do resultado ante o Parlamento de Galicia, permanecendo pois coa mesma redacción o punto terceiro da moción.

(Entra no salón o Sr. Lage Tuñas)

Con estas emendas, coa intención de axustar a redacción ao que sería asumible dentro do marco do que é a institución da Deputación, tamén queremos, fóra do debate do que sería a aposta por un modelo de desenvolvemento eólico, que evidentemente temos que considerar como un sector estratéxico para reverter no avance económico e industrial da calidade de vida dos galegos e galegas uns prezos asumibles de enerxía para todos e todas, a cuestión é que a propia emenda se centra nunha situación cando menos anómala que, efectivamente, coincidimos que debe de ser investigada tamén pola propia Xunta de Galicia e que, polo tanto, ante estes feitos entendemos que tamén debe dar contas e explicacións tamén dentro do que é o propio marco do Parlamento, como xa se lle ten solicitado. Daquela nós imos amosar o noso voto favorable, logo de que se teña aceptado a nosa emenda.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Vamos a ver, nosotros, me voy a remitir a los acuerdos, ahora con la enmienda cambian de alguna manera, pero lo que yo entiendo es que, si hay una denuncia de ADEGA en Fiscalía, será Fiscalía quien tenga que dictaminar, depurar o solicitar la información. Pero quiero decir, yo creo que los políticos a menudo jugamos a ser jueces, algunos más que otros, y creo que debemos dejar actuar a la justicia y efectivamente también entiendo, es una forma de entenderlo, que los jueces tampoco deberían meterse en política. Lo que pasa es que últimamente en este país ya está todo como un poco mezclado, hay dudas sobre ciertas cuestiones.

Yo creo firmemente en la separación de poderes y entiendo que la Xunta dará las explicaciones oportunas que la Fiscalía le solicite, como no puede ser de otra manera; y obviamente en el Parlamento de Galicia tanto el BNG como el Partido Socialista tienen representación, si solicitan la comparecencia del responsable del tema eólico,



comparecerá sin ningún tipo de duda. Y lamentamos mucho, o no, mejor no voy a mentir, no lamentamos nada, que la Marea no tenga representación parlamentaria, pero en todo caso en algún momento la tendrá y allí tal.

Yo como a estos juegos no me voy a prestar porque, señor Lema, entiendo que usted tiene necesidad de tener algún tipo de promoción de alguna manera de aquí hasta mayo, pero no nos vamos a prestar y vamos a votar en contra de esto.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Gracias, Sr. Ben. Procedemos á votación, incluída a emenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en petición de explicacións á Xunta de Galicia sobre os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis asistimos impotentes a como en todo o territorio galego e particularmente na Provincia de Coruña proliferan incontroladamente proxectos e execucións de parques eólicos sen a maior planificación que a extracción do máximo beneficio privado, sen consecuencias positivas para os galegos e galegas, especialmente para as que viven e manteñen vivo o rural. Os impactos negativos da falta total de planeamento racional, non se ven compensados nin no prezo da enerxía, nin nunha participación pública que garanta un futuro enerxético sostible, nin na vertebración dunha industria asociada que xere traballo estable, nin sequera con compensacións minimamente dignas e xustas ás afectadas como correspondería. Estamos comprometendo o futuro do país sen pararnos a estudar, planear e proxectar un modelo enerxético sostible e xusto en todas as súas facetas.

Comezamos a ver xa as consecuencias das malas decisións do pasado, e deberíamos tomar nota delas para non caer de novo nos mesmos erros e comprometer o futuro. Precisamos un Plan eólico que garanta a democratización do acceso da explotación do vento, a participación efectiva da cidadanía o mesmo e a protección do territorio. Mentres tanto, e alén dos diferentes enfoques posibles para ese planeamento, as institucións deberían como mínimo extremar a esixencia e a fiscalización dos proxectos eólicos para evitar erros de consecuencias nefastas.

É este último punto, a falta de control e fiscalización e as posibles irregularidades dos procesos de crecemento sen control dos parques eólicos, o obxecto desta moción. Vimos de coñecer como recentemente a Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (Adega) presentou unha denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente de A Coruña contra a anterior Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría



Traba, actualmente Secretaria Xeral de Industria da Xunta. O motivo da denuncia é a presunta prevaricación e malversación de fondos en relación á tramitación do plan industrial asociado á asignación de megavatios para o desenvolvemento dos proxectos eólicos “Campelo” entre os concellos de Coristanco e Santa Comba da nosa provincia e “Lamas de Feás”, ambos de Greenalia Wind Power S.L.

A denuncia sostén a acusación de prevaricación e malversación xa que a Xunta aceptou a proposta de Greenalia de dar por executado o plan industrial malia afastarse completamente da proposta orixinal do 2010, eximindo así a Greenalia de ter que pagar 11.721.971 euros.

A denuncia está directamente relacionada coa resolución administrativa emitida o 21 de xullo de 2021 pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais na que se da por executado irregularmente o plan industrial ao que comprometía a asignación de potencia para os parques eólicos “Campelo” e “Lamas de Feás” no concurso eólico da Xunta de 2010. Por medio desta resolución, Paula Uría, aceptou a proposta de Greenalia de dar por executado o plan industrial, malia a diferir na súa totalidade da proposta orixinal de 2010. O plan orixinal de Kaekias Eólica S.A. asignáronselle 75MW para desenvolver os parques mencionados de Campelo e Lamas de Feás adquirindo o compromiso de levar a cabo un plan industrial específico ou, en caso contrario, monetizar o importe económico deste, opción escollida e pola que debería ter ingresado eses case 12 millóns de euros na Facenda Pública. Unha vez que Greenalia absorbe Kaekias Eólica e, polo tanto, os proxectos eólicos de Campelo e Lamas de Feás pasan a ser titularidade desta, debería ter executado o plan industrial proposto ou monetizar a cantidade referida. Pola contra Greenalia propón unha modificación radical, presentando un plan industrial que nada tiña que ver co inicial. É aí onde a Xunta debería ter esixido a execución do plan industrial orixinal ou pola contra reclamar a monetización do mesmo cifrada en case 12 millón de euros.

Non podemos esquecer que Greenalia, nun exercicio clásico de porta xiratoria, fichou a Beatriz Mato como conselleira executiva despois de que esta fora Concelleira de Medio Ambiente entre 2015 e 2018, anos nos que a eléctrica tivo unha rápida expansión no noso territorio a consecuencia tamén de concesións outoragadas pola Xunta e a consellaría que dirixía a propia Beatriz Mato.

Este caso demostra as posibles consecuencias da falta dun plan estrutural xusto e da falta de control e fiscalización do crecemento dos parque eólicos, que pode ter, ademais, consecuencias xurídicas para a Xunta de Galicia se se demostran as acusacións formuladas por Adegas.

O Partido Popular rexeitou no Parlamento da Galicia o pasado mes dar explicacións sobre este tema, vetando na Xunta de Portavoces a solicitude para que o vicepresidente primeiro rendese contas pola denuncia mencionada. Ademais, a finais de decembro o TSXG estimou o recurso das asociacións demandantes eximíndoas da obriga á caución na suspensión cautelar, desestimando tamén o recurso de Xunta e Greenalia contra dita suspensión cautelar.

Por este e tantos outros exemplos son milleiros de persoas afectadas no país nas que levan reclamando un outro modelo de renovables, con recentes e maioritarias protestas no país e na provincia. Por tanto, e para evitar permanecer impasibles antes posibles e graves feitos, consideramos relevante que esta institución se pronuncie ao respecto.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta



os seguintes acordos:

1. Mostrar a profunda preocupación da Deputación da Coruña polos feitos relatados na denuncia presentada ante a Fiscalía por Adegas.
2. Instar a Xunta de Galicia para que leve a cabo cantas actuacións sexan precisas para a aclaración dos feitos denunciados, ademais da investigación xudicial iniciada e dar conta do resultado ante o Parlamento de Galicia.
3. Dar traslado desta moción a Adegas, a Greenalia Wind Power S.L. á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia."

Sr. Presidente

A seguinte moción, presentada polo BNG e o Partido Socialista de Galicia, para a dotación de fondos da Xunta en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran cos requisitos para a convocatoria da campaña 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de Desenvolvemento Rural da PAC.

2.Moción que presentan os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.

Os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE na Deputación da Coruña conforme ao previsto no artigo 71.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción
Exposición de motivos:

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante este ano 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6M€.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incomprensible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro galego adoce dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos,



escaseza de insumos, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes, que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Vexamos por que a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais das cuestións xa mencionadas:

- Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.
- Gastos en pago a entidades de asesoramento que van desde 1.200 a 1.400 euros.
- Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450 euros
- Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1000€ ata moitos miles máis.
- No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos.
- Incremento do gasto pola diferenza entre un 1kg de pienso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo de todo o ano.
- Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda, observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria deste ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 22 e os seguintes.

Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxica do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e pola necesidade de restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ó medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos planes europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvintes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE someten a debate e aprobación polo Pleno da Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. -Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.



2. Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.

3. Instar á Xunta de Galiza a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.

4. Instar á Xunta da Galiza a que proceda á modificación do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) para garantir que no próximo período 2023-2027 todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a esta liña de axudas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día, de xeito breve, clarificar que a presente moción faise eco dunha situación que claramente resulta moi prexudicial para todo o tecido de produtores e produtoras en ecolóxico. Unha situación que deriva, en primeiro lugar, dun marco que fomenta o impulso da produción en ecolóxico, que á súa vez dende a propia Consellería, en sintonía coas directrices da Comunidade Europea, se promove e se anima os produtores a que asuman este modelo produtivo. De feito, como resultado deste impulso, un número importante de produtores asumen o cambio a este modelo, o cal implica gastos e investimentos, ademais de pasar a un modelo que efectivamente implica un maior número de gastos para o seu mantemento, como poden ser os incrementos nos prezos para a alimentación do gando, etc.

O que sucede, efectivamente, é que a contía que se establece xa para o ano 2022 resulta claramente insuficiente, o que provoca que unha porcentaxe moi grande de produtores en ecolóxico queden fóra destas axudas, cando o que se estimou necesario para cubrir a atención a toda a demanda de axudas por parte de produtores son 5,6 millóns de euros, pois hai a necesidade de que a Xunta achegue dous millóns de euros para cubrir esa totalidade de xente que queda fóra. Neste sentido, a moción faise co tanto do prexuízo que significa para estes produtores, para poder manter a súa propia actividade, e enlaza coa sensibilidade de considerar o sector primario como estratéxico na economía do país e á súa vez na parte do acordo ínstase a facer as previsións necesarias para que de agora en diante tampouco se volva a repetir unha cuestión tan prexudicial e penalizante para o sector primario do noso país, lembrando que estamos diante, evidentemente, de explotacións que teñen un modelo pegado ao territorio e de carácter de pequena explotación.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas.

A verdade é que a xestión neste caso da Consellería de Medio Ambiente e da Xunta de Galicia a este respecto pode definirse, e saben vostedes que non acostumo expresar moito nestes termos, como un auténtico desastre, un auténtico desastre no que quedan fóra máis da metade dos solicitantes destas axudas, unhas axudas que é importante tamén lembrar que se solicitan no ano 2021 e que se lles comunica a finais do ano 2022 cal é a súa resolución. E, xa rizando o rizo do esperpento, a resolución das axudas e da Xunta incorporaban criterios de valoración que non figuraban na convocatoria e que non existían en anos anteriores. Polo tanto, é a tormenta perfecta para chegar ao resultado ao que se chegou finalmente, que é prexudicar, como digo, a máis da metade dos solicitantes, que son produtores en ecolóxico e que quedan fóra desas axudas e que en moitos casos ademais se agrava naqueles que solicitaron a PAC



e que se verán abocados, porque contaban con eses fondos como en anos anteriores, a devolver os cartos solicitados. Polo tanto, como digo, a tormenta para un sector que xa está a atravesar bastantes dificultades, sobre todo como consecuencia do encarecemento dos prezos das materias primas, etcétera, etcétera, e que polo tanto lles afecta gravemente. E agora dámoslles a estocada, neste caso desde a Xunta de Galicia, cunha redución do orzamento para estas axudas que se escapa a toda lóxica e que o que amosa, sen lugar a dúbidas, é unha falta de previsión total e absoluta de cal era a realidade do sector e cales eran as consecuencias que ía provocar esa redución que acabamos de ver. E, polo tanto, como digo non se pode cualificar doutra maneira que como desastrosa.

De aí que, sendo conscientes da situación que está a provocar nos produtores ecolóxicos esta desfeita levada a cabo pola consellería competente da Xunta de Galicia, e sensibilizados loxicamente pola situación, traemos esta moción a Pleno.

Parécenos ademais que o orzamento é insuficiente, 3,8 millóns cando estamos a falar de que dende o sector se traslada que as necesidades serían máis ou menos en torno, como ben comentaba antes a voceira do BNG, aos 5,6 millóns de euros; e polo tanto –cónstanos ademais que a Consellería é coñecedora desa necesidade, porque lle foi trasladada con anterioridade– e polo tanto non entendemos a que vén non tela en conta, sobre todo cando o Partido Popular non deixa de encher a boca en presentarse a si mesmos como os únicos e valedores representantes do agro galego, do rural galego. Pero está visto que, á hora da verdade, cando hai que poñer fondos sobre a mesa, máis alá das palabras, que iso as leva o vento, e que calquera pode dicir o que considere oportuno, sen ningún tipo de compromiso, estamos a ver que cando hai que plasmar eses compromisos desde o punto de vista económico, pois non se fai, xerando ademais – como digo– un importante prexuízo para todas estas empresas, empresarios ou gandeiros, como queiramos chamarlles.

Polo tanto, entendemos que desde a Xunta de Galicia ten que haber algún tipo de sistema de compensación ou indemnización para todos estes produtores que quedaron excluídos, especialmente –como dixen antes– para aqueles que solicitaron a PAC e que se verán ademais abocados a devolver os fondos solicitados. Polo tanto, como de sabios é rectificar, e entendemos que na Xunta de Galicia algún sabio ten que haber, esperemos que se acepte esta moción e que o Partido Popular a vote a favor para poder compensar e axudar a ese sector que é tan importante para os galegos e as galegas e que tantas veces, todos os grupos que estamos nesta Corporación, nos enchemos a boca de falar da súa importancia e relevancia dende o punto de vista económico, cultural e social para a nosa terra. Polo tanto, invitamos neste caso ao Partido Popular a que, máis alá das palabras, se pase aos feitos apoiando esta moción e recoñecendo por primeira vez nos sete anos que levamos nesta Deputación que a Xunta fixo algo mal. Vamos ver se hoxe é ese día.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar tamén a moción. Fíxome graza antes escoitar ao Sr. Ben falar de separación de poderes porque, desde logo, é unha cuestión posta en dúbida ultimamente polos últimos acontecementos cando menos que teñen que ver coa tramitación de certas leis no Estado.

É curioso que o que se pide aquí, eses 5,7 millóns de euros dalgunha maneira para completar a convocatoria da PAC por parte da Xunta de Galicia, vén coincidir máis



ou menos co 50% da exención que se lle fixo a Greenalia do pagamento dos 11 millóns do plan industrial, o cal creo que ilustra perfectamente onde sitúa a Xunta de Galicia, o Partido Popular por tanto, a liña das súas alianzas económicas. Eu penso que é moi amiga dos grandes do oligopolio enerxético, máis aínda cando polo visto é fácil inducir que teñen, tiveron vinculacións directas co propio exercicio político na Xunta de Galicia, non tanto cos pequenos, cos miúdos aos que aquí se refire, que son os produtores en ecolóxico.

Chámame tamén a atención que, poñendo isto en contexto coa moción anterior, que igual que Galicia practicamente vai duplicar os obxectivos de produción renovable para o ano 2030 establecidos pola UE, neste caso estamos xusto na posición contraria: os obxectivos do 25% de produción en ecolóxico para o ano 2030 aquí andamos polo 5%. Eu creo que isto pon de manifesto tanto o desinvestimento, como o desinterese, como a falta en realidade total dun proxecto da Xunta de Galicia serio para o agro, máis alá do que tivo a ver no seu momento coa cuestión xa non do ecolóxico, senón do leite, que supuxo practicamente o peche dun 60% das explotacións leiteiras no noso país nos últimos 20 anos.

Nós apoiamos esta moción, que nos parece xusta e nos parece ademais moi ilustrativa á luz do debatido na moción anterior.

Sr. Galego Feal

Bo día.

A ver, eu creo que o motivo desta moción, de traer hoxe esta moción aquí á Deputación pois non é outro que, precisamente, constatar o éxito que durante todos estes anos tivo a promoción da agricultura ecolóxica por parte da Xunta de Galicia, e vostedes mesmos o din na súa propia moción, din: “dentro deste contexto, a Xunta de Galicia, dende a Consellería, promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante este ano 2022 cun abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000, para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6 millóns”.

Xa, pero hai que diferenciar dúas cousas: unha cousa son as solicitudes das explotacións que queren entrar en ecolóxico e outra cousa é o recoñecemento desas explotacións que poidan entrar en ecolóxico por parte do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica; o cal quere dicir que, evidentemente, o éxito da convocatoria é innegable, pero non quere dicir que todas as solicitudes deban ser atendidas, porque en moitas delas precisamente non se cumpren os parámetros que precisamente solicita o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica.

E, por outra banda, o que si está claro é que, así como no ano 2021 ese incremento de hectáreas foi moi pequeno, porque foi de 153 hectáreas pois, claro, no ano 2022 foi non de 12.000, de 13.301. Entón, ese incremento de hectáreas foi precisamente polo atractivo que supón todos os plans que se están realizando a prol da agricultura ecolóxica. E a Xunta promoverá evidentemente a modificación do Plan estratéxico da PAC precisamente para dedicar nos vindeiros anos máis fondos a apoiar a produción ecolóxica, que este *boom* que se disparou foi precisamente por iso, porque se imos aos rexistros anteriores durante 10 anos a superficie de agricultura ecolóxica foi medrando aproximadamente menos das 2.000 hectáreas anuais durante esta última década, excepción feita dese ano 21 no que só creceu 153 e, grazas precisamente a esa xestión da Xunta de Galicia, pasou no ano 2022 a 13.301. Por tanto, iso o que pon de manifesto é o éxito da política que está levando a cabo a Xunta de Galicia.



A partir de aí é evidente que hai que ter unha previsión moito maior e precisamente para agora, para o período da PAC 2023-2027, precisamente con ese plan estratéxico que está posto en marcha pola Xunta de Galicia, tratará de achegar os fondos suficientes para cubrir aquelas necesidades daquelas explotacións en ecolóxico que cumpran cos requisitos, que por un lado está o Consello Agrario e por outro lado está tamén o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica, que serán os que teñen que marcar as liñas base.

O que si está claro é que nesta última década a superficie medrou un 127% máis, e iso foi precisamente polos incentivos dados a través da Xunta de Galicia. E esa superficie medrou no último ano por riba dun 40%, pero precisamente por ese *boom* de solicitudes que houbo. Por tanto, ese crecemento é recoñecido pola Xunta de Galicia e agora do que se trata é de canalizar ese *boom* a través do Plan estratéxico da PAC. O que si está claro é que esa previsión orzamentaria é practicamente imposible de ter cando se produce unha explosión deste tipo e, por tanto, se a necesidade existe, evidentemente a Xunta o que ten que facer é poñer os medios para que esa necesidade sexa debidamente canalizada, para iso está precisamente ese plan da PAC, perdón, o Plan estratéxico da nova PAC 2023-2027.

Pero eses aumentos nos fondos foron sempre constantes por parte da política da Xunta de Galicia, e non hai máis que ver que no ano 2023 se pasou a 3,9 millóns de euros, incrementando un 23%; e no 2022 un 59%, pasando de 2 millóns a 3,18. Pero o que si está claro é que tamén hai que diferenciar o que poden ser os incentivos que se están precisamente dando para unha serie de conceptos que non teñen nada que ver co que se estaba falando aquí. O que si está claro é que hai un incentivo para a produción ecolóxica en alta montaña, o cal me parece bastante lóxico, aínda que a vostedes lles pareza que primar a alta montaña é precisamente ir en contra do resto; non, senón que se trata de recoñecer unhas determinadas características dunha determinada forma de traballar como consecuencia, precisamente, da situación xeográfica na que están. E, por outro lado, que tamén foi un incremento importante, que é a xestión de pastos, que pasou dos 8 millóns aos 10 millóns. E iso no segundo pilar da PAC, que é o desenvolvemento rural, porque as axudas do primeiro pilar, todos aqueles que presentaron as axudas téñenas garantidas, porque van cobrar precisamente esas axudas directas á produción que é o primeiro pilar da PAC.

A partir de aí, nestes momentos xa se fixeron, porque tamén se fala na moción que é precisa unha modificación do programa de desenvolvemento rural, pero ese programa de desenvolvemento rural xa foi modificado 6 veces, ou sexa que non sei vostedes por que dubidan se, efectivamente, unha vez fixados os obxectivos claros para o 2023-2027 por que non se vai modificar o programa de desenvolvemento rural se xa foi modificado máis de 6 veces.

Por tanto, o Consello Agrario Galego agora o que vai facer é avaliar, precisamente para garantir eses fondos, cantas son as hectáreas que de verdade, de verdade vai haber que recoñecer en ecolóxico para dotalas dos correspondentes investimentos. E para iso aos representantes do sector agrogandeiro déuselles un prazo, que vai da semana do 16 á semana do 23, precisamente para levar adiante esas solicitudes. A partir de aí, xunto coas organizacións profesionais agrarias, vaise determinar claramente cal vai ser a produción en ecolóxico á que hai que facer fronte de cara a ese plan experimental da PAC 23-27. E a partir de aí, sabendo que eses plans duran os 5 anos, a partir de aí dotar orzamentariamente dun colchón suficiente dentro dos presupostos, para que, prevendo o incremento que poida haber ano a ano, e non o incremento extraordinario que houbo no ano 22, esa produción en ecolóxico teña sempre o seu recoñecemento. Pero partindo sempre da base de que non todas as solicitudes cumpren con todos os requisitos e que,



por tanto, é moi fácil dicir: “non, houbo 13.000 solicitudes”, claro 13.000 solicitudes si, vostedes din 12.000, pois miren eu xa lle aumento 1.000 máis, pero iso non quere dicir que fosen 13.301 idóneas. Por tanto, aí hai que facer esa matización.

A partir de aí, tan pronto se acorde coas organizacións profesionais agrarias e co Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia para traballar conxuntamente e tratar de facer ese colchón orzamentario, a partir de aí esta cuestión da modificación da PAC ten que ser debatida e aprobada polo Comité de Seguimento deste plan e, despois, ao mesmo tempo ser loxicamente aprobada pola Comunidade Económica Europea.

Eu creo que o éxito desta última década da produción en ecolóxico, precisamente apoiada pola Xunta de Galicia, é innegable; creo que iso non o van vostedes a recoñecer nunca, pero iso está aí, porque precisamente esas organizacións de profesionais agrogandeiros están conformes con iso e eu, que eu saiba, aquí protesta non houbo ningunha, e precisamente non creo que nese caso sexan persoas que non saben defender o seu, eu creo que son razoables e saben que todo o que vai de aquí en diante ten que ser así, e ten que ter precisamente ese respaldo económico. Aínda máis, atrévome dicir máis, máis que nada como afeccionado que son á agricultura e á gandería, hai que pensar que a partir de agora, e precisamente nas terras que temos abandonadas en toda Galicia precisamente para evitar ese despoboamento, o que hai é que ir xa, digamos que a agricultura ecolóxica xa quedou algo desfasada e agora estamos xa no que é a agricultura rexenerativa, que é bastante, bastante, moito mellor que a agricultura ecolóxica, e moito mellor para a idiosincrasia de Galicia por unha razón, porque a partir de aí se fomentan tanto o agro, o forestal, como o gandeiro en pequenas explotacións, e tendo en conta o minifundismo que tivemos sempre en Galicia, sacando aquelas grandes concentracións parcelarias que houbo, creo que é, xunto coa produción ecolóxica, esa produción rexenerativa vai ser o futuro de moitas aldeas.

O Partido Popular, evidentemente, vai votar en contra desta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Pois nada, xa vexo que estamos a primeiros de ano e volvín facer o pasmón pensando que por unha vez o Partido Popular recoñecería que se equivocou, pero vexo que non, seguen na dinámica do ano anterior e dos 6 precedentes.

Por onde empezar, a política da Xunta para promover a produción ecolóxica foi un éxito; ben, eu diría que a política europea para promocionar a produción ecolóxica foi un éxito, porque as autonomías só achegan o 25% das axudas, o 75% restante son fondos europeos e fondos estatais; novamente diso non lle interesa a vostede falar, porque cando se trata de poñer en valor algo que se fai, faino a Xunta en exclusiva e cando está mal a culpa é dos demais. É unha dobre vara de medir bastante interesante que aplican vostedes con moita frecuencia. Repito, a autonomía achega o 25% das axudas, o resto achégao a Unión Europea.

Son as propias asociacións de produtores as que din que é a Xunta a que impide que poidan recibir máis axudas europeas porque se nega a cofinanciar con máis fondos esa achega que ten que realizar. Di vostede: non, é que se incrementou de 3,1 millóns a 3,9. Carai! 601.000, 610.000 euros de incremento por parte da Xunta de Galicia dun orzamento de 13.000 millóns. É como se aquí no plan de conservación do que vostedes falan sempre pois incrementásemos en 1.500 euros o plan de conservación e viñésenos aquí a poñelo en valor, como se fose unha medida espectacular de apoio ao sector. Home, eu penso que hai que ser un pouquiño máis serios.



E, repito, di vostede que non viu manifestarse os sectores; home eu se quere pásolle un enlace que teño aquí dalgúns medios de comunicación, onde veñen á parte con nomes e apelidos, hai aquí unha plataforma formada por 170 produtores inscritos no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, CRAEGA, que entre outras cousas o que veñen dicir é: “enumerar de memoria una serie de explotacións que, si les viene denegada la ayuda, se darán de baja de la agricultura ecológica al día siguiente; y esas explotacións lógicamente no van a volver porque se les prometía un apoio que ahora se les niega”. Estou citando unha persoa con nome e apelidos, que se chama, por se quere buscar vostede os datos, Francisco López Valladares, que é o presidente desta asociación.

Di vostede: é que claro, é que a previsión da Xunta se viu desfasadísima porque se incrementou en máis de 250 produtores. Pero entón a Xunta de Galicia non revisou as peticións que había para novas explotacións de produción ecolóxica?, chegaron todas o último día do ano?, traspapeláronse? O normal é que, se hai un incremento das hectáreas e polo tanto das explotacións que se dedican á produción ecolóxica, cando se saca unha liña de axudas haberá que telo en conta digo eu, iso sería o normal, non escudarse en que, como son moitas, quedan fóra. Porque moitas delas –como di o propio sector, que non o di o voceiro do Partido Socialista– van pechar; de pouco consolo lle vai valer ese foguete que acaba de botar vostede do éxito da Xunta ao longo de todos estes anos. Home, é importante salientar que só o 2,7% da superficie agraria útil se dedica ao cultivo ecolóxico, o 2,7%. Claro, é verdade que *en el país de los ciegos el tuerto es el rey*. Entón vimos de estar cegos, onde non había practicamente explotacións que se dedicasen a este tipo de produción, entón hai un incremento exponencial nos últimos 10 anos, home, si, un 2,7%. O Pacto Verde Europeo establece para 2030, é dicir, dentro de 7 anos, o 25%, por tanto vaise multiplicar por 10. Ese gran incremento que vostede puxo agora mesmo sobre a mesa, desas creo que dixo 12.000 explotacións, son 250 explotacións máis, neste ano 2022, no pasado 2021, vaise multiplicar por 10 en 7 anos. Vai multiplicar por 10 en 7 anos a Xunta a súa achega para este tipo de axudas? Iso é o que terían que definir, non máis alá de dicir “lo van estudiar”, porque estamos a falar de que é un incremento de 2 millóns de euros, que é unha miseria nun orzamento como o da Xunta de Galicia. Gastamos bastante máis en concertos do Xacobeo, bastante máis, e teñen bastante menos repercusión económica os concertos propiamente ditos do que poden ter estas axudas para moitas explotacións deste sector. Polo tanto non estamos a falar de poñer sobre a mesa 2.000 millóns de euros, 2 millóns de euros máis era o que facía falta, malo será que en 13.000 non deamos recortado nalgún sitio para poder sacalos dalgún tipo de partida.

Por tanto, unha vez máis seguen vostedes afastados da realidade dese sector, defendendo a ultranza a xestión da Xunta de Galicia, porque non lle escoitei a vostede en ningún momento asumir ningún tipo de erro por parte da Xunta máis alá de que a culpa é de que de repente houbo moita xente que se interesou por montar explotacións ecolóxicas, e que de aí vén todo o problema, cando vostedes xa estaban advertidos polo propio sector desa situación. Por tanto, non se escuden niso, porque, home, soa un pouco a pitorreo, non a min, que a min sinceramente non me vai afectar, pero a quen ten agora mesmo a espada de Damocles sobre a súa explotación, que está pendendo dun fío e que ten o peche ás portas, home, pois que quere que lle diga?, seguramente a súa intervención non lle acabe de agradar do todo.

É verdade que di que o van estudar, que de cara ao ano que vén, que o van mirar..., pero xa tiña que estar mirado, porque –repito– hai máis do 50%, concretamente o 54% das explotacións que solicitaron que quedaron fóra. E os motivos non é que non cumpran, como di vostede, non é verdade; os motivos no 99% dos casos é por falta de fondos. Por tanto, unha vez máis, fai vostede da excepción a norma, e pode haber



algunha que non cumprise e diso dicimos que quedan moitos fóra porque non cumpren, non é certo, porque a propia resolución o di.

E non sei que lle parece a vostede, que foi alcalde e xestionou un concello, ou que nos parecería a todos os que estamos aquí sentados se de repente a Deputación saca o plan único, por exemplo, cunha serie de requisitos e, cando se vai conceder, eses requisitos cambian. Que estaríamos dicindo aquí?, que a culpa é de que houbo máis concellos solicitantes? Non, o que estaríamos dicindo é que as cousas se fixeron mal, pois iso pasou nesta liña de axudas. Había unha serie de requisitos que non se establecían na convocatoria e que si se aplicaron despois para a concesión. Home, se iso non é cambiar as regras a metade de xogo, pois vostede me quererá explicar. Por tanto, xa ve vostede que lle poño sobre a mesa varios argumentos que constatan que houbo unha mala xestión por parte da Consellería de Medio Rural. Sei que vostede non o vai asumir, pero en todo caso por ser positivos, quedo con que din que o van estudar e que de cara ao vindeiro exercicio. Por tanto, conto que voten a favor da moción, digo eu, tendo en conta cales son os puntos do acordo. Quitando máis alá de que, se a Xunta de Galicia está preocupada polo sector e isto pode abocar ao peche a máis do 54%, como xa dixen antes, das explotacións, serán sensibles a esa situación e, polo tanto, poderán rascar dalgún sitio eses dous millóns de euros para poder facer unha nova lista ou aqueles que quedaron excluídos que poidan recibir esas axudas, e despois no resto o que se fai é incrementar e fornecer economicamente ese orzamento para as axudas 2023-2027, que vai un pouco na liña que dixo vostede de que se está a estudar. Por tanto, entendo que non hai ningún tipo de motivo para que o Partido Popular na Deputación Provincial da Coruña, unha provincia que ten ademais explotacións afectadas por esta situación, vote a favor da moción, quedo con iso.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Grazas. Vamos a ver, moi brevemente.

Creo que precisamente o que sería sorprendente sería que o señor Fernández recoñecese que o que di na súa moción é verdade e que iso é así. O que pasa é que lle damos voltas á nora e dámoslle voltas á nora e onde “dije digo, digo Diego” e así van.

Efectivamente esa diferenza que hai aí do que vostedes están fixando na moción son 5,6 millóns de euros para 12.000 hectáreas máis; estoulle dicindo son 13.301 e, efectivamente, estamos nos 3,9 millóns. Pero vostede ten que comprender que hai unha serie de organismos reguladores, non só o Consello Regulador, senón outros que están aí, xunto coas agrupacións de profesionais que se dedican precisamente á agricultura ecolóxica, que vostede me parece moi ben que me colla un artigo dun periódico, que me lea a reclamación dun señor, eu que sei, en Facebook en Twitter ou onde sexa, individualmente, pero, precisamente, esas demandas conxuntas que son agora, cando estaba aberto o prazo a partir do 16 de xaneiro ata o 23, é cando se vai determinar a superficie que de verdade, de verdade cumpre, porque é que hoxe en día vostedes afirman 12.000, e fíxese que nosoutros estamos dicindo 13.301. É que iso está sen concretar e, loxicamente, orzamentariamente terá que despois adaptarse ao que son os presupostos para os próximos 5 anos da PAC, do 2023 ao 29, pois como se vai artellar e como se vai facer.

Pero, evidentemente, o que non se pode facer é dicir: “eu meto dous millóns e a ver quen os quere”, non, as cousas non funcionan así, o que pasa é que postos a falar, a falar e a falar, pois vostede di o que quere e eu digo o que me dá a gana, e por tanto,



evidentemente, nunca imos estar de acordo, en absoluto. Para vostede é moi nefasta a política da Xunta e para min é totalmente adecuada e sometida ás normas, e é evidente que só dispón do 25% do que é a Política Agraria?, evidentemente, pero é que estamos falando dese 25%, non estamos falando de 75% da Comunidade Económica Europea, que loxicamente marcará as pautas para a súa disposición, se non dá a datación dun sistema contributivo por parte de dúas administracións, nada máis, eu a iso non lle vexo maior substancia, o que pasa é que as cousas hai que facelas ben. Precisamente, eu creo que o respaldo que ten a política e a política de Medio Rural no medio rural galego vese reflectida nas eleccións, así de claro. E, por tanto, se fosen tan malos, tan malos, tan malos, non creo que tan ben, tan ben lles fora, nada máis.

Sra. Muíño Filgueira

A ver, algúns matices. En primeiro lugar, o noso sector primario se a alguén se debe en todo caso é aos profesionais, homes e mulleres do noso sector primario que ao longo do tempo son exemplo de esforzo e modernización e adaptación constante a cambios de normas e esixencias moitas veces que pouco tiñan que ver coa realidade do noso asentamento e, efectivamente, co noso modelo territorial. Entón se a alguén lles hai que facer un recoñecemento creo que é aos homes e mulleres que representan o noso sector primario.

Ante esta situación, evidentemente, os produtores e produtoras tratan de adaptarse a ese escenario dese 25% de produción ecolóxica, como xa dixen, facendo esforzos e investimentos para transformar o seu modelo produtivo. Dentro dun marco de compromisos de financiamento que, efectivamente, eu creo que o que debería estar sucedendo aquí hoxe é que se recoñecese que houbo un erro, un erro que ten consecuencias para o sector primario.

Evidentemente, e así vin declaracións do propio conselleiro nas que se dixeron que se viron desbordados polo número de solicitudes; e ademais –como ben dixo o Sr. Fernández– a motivación da maioría das solicitudes denegadas é falta de fondos. É dicir, o que se pide aquí é que se complemente con eses dous millóns de euros para non deixar unha vez máis tirados os nosos produtores e produtoras. Entendo, e a verdade é que eu era optimista en relación ao resultado desta votación, porque si que é certo que en sensibilidade pois a unha situación que, evidentemente, non se debería ter producido, pois noutros concellos ou noutras deputacións o Partido Popular foi quen de asumir que había que atender esta situación, asumir o erro e votar favorablemente en sensibilidade cun sector que, como digo, non nos deberíamos apropiar ninguén e si recoñecer todas as trabas ás que teñen que facer fronte vendendo a perdas, co incremento de prezos e tendo que unha e outra vez renovarse e actualizarse un marco de normas que lles resulta moi esixente.

Lamento, a verdade, que busquemos todo tipo de argumentos, porcentaxes para dicir que quen non cumpre é o noso sector primario.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente. O que dicía, por aclararllo ao voceiro do Partido Popular, non lle falei dun señor que lin no Facebook nin no Twitter, falei dun señor que é o presidente de CRAEGA, que é unha asociación que engloba 180 explotacións. Polo tanto, non ridiculicemos o que dicimos aquí porque non ten nada que ver o que dixen eu co que dixo vostede, non estou falando do que di alguén, un representante do sector, con nome e apelidos para que o poida buscar vostede.



Di que recoñezo na miña moción..., claro porque se recoñece a moción que vai firmada por min non o vou repetir aquí. O que facía vostede era aplicarlle ese éxito á Xunta de Galicia, o que fixen é matizalo; a Xunta de Galicia en todo caso terá un 25% de responsabilidade nese éxito, porque só pon o 25% dos fondos; o 75% restante vén doutras administracións. Pero ben a iso xa estamos acostumados, que só falan das partes positivas, cuestións positivas cando venden a Xunta, o resto é todo culpa, como dixen antes, dos demais. Pero o que máis me chama a atención de toda a súa exposición é que fala de todo pero hai unha cuestión que eludiu en todo momento, que é do feito de que a resolución das axudas incorporara criterios que non estaban comprendidos ou contemplados cando se fixo a convocatoria, sobre iso non ten nada que dicir, iso non lle parece que sexa un erro, que sexa unha aberración, que sexa algo raro, parécelle que é normal, entendo. Porque fixen referencia en varias ocasións no meu discurso a esta cuestión, vostede pasou de puntas sobre este tema, e aí penso que algo haberá que dicir, alguén se equivocaría, porque normal de todo non é. Polo menos os que estamos acostumados a tramitar subvencións que teñen uns criterios e unhas bases, en principio mantéñense cando vén a resolución tamén, non se cambian a metade de partido.

E non insista vostede en que hai explotacións que non cumpren e que por iso quedaron fóra, maioritariamente quedan fóra porque non hai fondos e non hai fondos porque houbo unha mala previsión da Xunta de Galicia, porque xa sabía con anterioridade, porque así llo trasladou o sector, que había un incremento notable do número de explotacións e por tanto dos metros cadrados dedicados á produción ecolóxica. Se vostede o quere pintar de cores, como dicía o chiste de Jaimito, pois é cousa súa, pero, dende logo, a min non mo vai coar e aos que estamos aquí sentados tampouco.

Desgraciadamente unha vez máis ese sector primario que tanto lles interesa, xa vemos cal é a súa postura, que é: entre o sector primario e Xunta de Galicia, Xunta de Galicia, xa poden pechar a metade ou o cen por cento das explotacións ecolóxicas, o importante é que a Xunta de Galicia, que ten moitos sabios, nunca se equivoca. Pois siga vostede por esa liña, cadaquén que aguante o pau que lle corresponda.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Iso dío vostede, entre a Xunta e o sector primario que nosoutros tiramos pola Xunta, iso son palabras súas que loxicamente están moi fóra de contexto e que non teñen nada que ver.

E, respecto dese cambio de criterios, mire vostede dí na súa moción que precisamente as axudas establecían unha priorización de 2 puntos para as explotacións de alta montaña, e logo cando as explotacións de alta montaña non tiveron PAC?, toda a vida o tiveron, precisamente o que se introduciu despois, máis tarde, foi precisamente o tema de pastos, pero a alta montaña tivo recoñecemento toda a vida, precisamente foi dos primeiros, dos primeiros. Entón, mire, eu síntoo moito, pero creo que ás veces dixo, dixo, non; eu dixen o que dixen e nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.

Os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE na Deputación da Coruña conforme ao previsto no artigo 71.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción
Exposición de motivos:

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante este ano 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6M€.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incompreensible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro galego adoce dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, escaseza de insumos, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes, que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Vexamos por que a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais das cuestións xa mencionadas:

- Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.
- Gastos en pago a entidades de asesoramento que van desde 1.200 a 1.400 euros.
- Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450 euros



-Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1000€ ata moitos miles máis.

-No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos.

-Incremento do gasto pola diferenza entre un 1kg de pienso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo de todo o ano.

-Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda, observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria deste ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 22 e os seguintes.

Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxica do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e pola necesidade de restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ó medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos planes europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvenientes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do BNG e do PSG-PSOE someten a debate e aprobación polo Pleno da Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. -Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

2. Instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.

3. Instar á Xunta de Galiza a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.

4. Instar á Xunta da Galiza a que proceda á modificación do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) para garantir que no próximo período 2023-2027 todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a esta liña de axudas."

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego.



3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno desta corporación celebrado en novembro de 2021 foi aprobada unha moción a iniciativa da Marea Atlántica en defensa do galego. Acababan de seren coñecidos os datos dun informe elaborado pola Real Academia Galega no que se concluíu que o ensino público en Galicia, lonxe de promover o potenciar o uso do galego entre a mocidade, o que provoca máis ben é a súa desaparición e a perda de ata dous terzos dos falantes que iniciaran o seu ciclo educativo sendo galego-falantes, e concluíu entre as súas reflexións finais: “a diminución das cifras de galegofalantes, especialmente entre a poboación máis nova e nos contextos urbanos e periurbanos, xunto cunha erosión dos procesos de transmisión interxeracional, debuxan unha paisaxe cada vez máis sombría para o galego no medio e no longo prazo”. O informe da RAG propuña, así mesmo, a adopción inmediata dunha serie de medidas para recuperar o uso da nosa lingua entre a nosa rapazada, como son:

1. Reforzar a presenza do galego na Educación Infantil e primeiros anos de Primaria.
2. Fomentar a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega.
3. Afianzar o galego nos contextos escolares galegófons e abrir espazos significativos para este idioma nos máis castelanófonos.
4. Establecer sinerxías entre a escola, as familias, a administración local e outras institucións relacionadas coa infancia e a mocidade.
5. Reforzar as estruturas administrativas e escolares encargadas da dinamización da lingua.

Este informe dramático da Academia foi complementado recentemente coa publicación no mes de decembro de 2022 dun informe do INE no que se declaraba que, por primeira vez desde que existe rexistro estadístico do uso do galego en Galicia, esta lingua obtén un número de falantes menor que o castelán no noso país, o que pon de manifesto a pertinencia da moción presentada por este grupo no seu día así como o agravamento da situación do galego no noso país. Unha situación que certifica os efectos desgaleguizadores no ensino do Decreto de Plurilingüismo aprobado de xeito unilateral polo goberno do Partido Popular en 2010 e que xa foran, así mesmo, denunciados polo Consello de Europa no seu informe, publicado en abril de 2021, no que sinalaba que o Decreto é contrario aos compromisos asumidos polo estado español cando subscribiu a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, na que aconsella ofrecer unha educación na que o galego sexa o medio preferente de instrución.

Neste sentido, cómpre sinalar que a Carta Europea das Linguas declara o seguinte na súa introdución:

“Por razóns políticas, militares e económicas, unhas cantas linguas estendéronse por amplas zonas do mundo ata se converteren en linguas internacionais, o cal supón que se falen e se aprendan maioritariamente como linguas francas en todo o mundo. Outras linguas non teñen tantos falantes, pero reciben o apoio do goberno ao seren consideradas linguas oficiais. Estas linguas empréganse en todos os ámbitos da vida, tanto en público como en privado. Non obstante, a inmensa maioría das linguas só as falan certas comunidades dunha rexión ou dun territorio dentro dun país, polo que reciben o nome de «linguas minoritarias», a diferenza das «linguas maioritarias», que adoitan ser



linguas estatais que coexisten coas linguas minoritarias e coas da inmigración.

Esta distinción entre linguas maioritarias e minoritarias non sempre está baseada no número de falantes, senón máis ben, nalgúns casos, no grao de poder político do que gozan. Historicamente, as linguas que a miúdo se percibían como as de maior importancia pertencían a países poderosos. Estes Estados mostrábanas como grandes linguas, faladas por grandes culturas, en detrimento das comunidades lingüísticas máis reducidas. Agás en casos moi específicos, as linguas non desaparecen por causas naturais, senón que, para sermos máis exactos, na realidade son substituídas, un feito típico dos procesos de primacía política e económica. O proceso de substitución dunha lingua por outra maior implica graves fisuras no que concirne á integración interxeracional e á cohesión social dunha comunidade. Existe un horizonte difuso entre unha lingua en evolución e unha lingua que está a ser lentamente substituída por outra. Un fenómeno que adoita explicarse como un proceso natural ten habitualmente consecuencias negativas nunha comunidade lingüística e na riqueza lingüística do planeta.

Se non se toman medidas urxentes para contrarrestar esta situación, a finais do século XXI moitas das linguas que se falan actualmente xa non existirán. A maioría das linguas europeas necesitan ser protexidas e promovidas para garantir que as vindeiras xeracións das comunidades en que sobreviviron durante séculos as empreguen. A recente experiencia leva a unha desalentadora conclusión: a desaparición das linguas xa é un feito en todo o mundo, a maioría das veces por culpa do desprazamento e, finalmente, do abandono por parte dos seus falantes ao preferiren a outra lingua en competencia. As linguas desaparecen porque outras linguas ocupan o seu espazo como resultado de diversos procesos complexos de expansión cultural, política ou económica, que non están exentos de conflito. É ben sabido que se unha lingua goza de suficiente protección xurídica, as posibilidades de que non desapareza co tempo son maiores. Isto é o que ocorre coas linguas oficiais, que contan con garantías inexistentes para a maioría das linguas que non teñen este status legal. Grazas ao seu enfoque intercultural e plurilingüe, a Carta é o instrumento máis eficiente para a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias de Europa”.

Para o caso español, a Carta comenta o seguinte: “Durante a ditadura española de Franco (1939-1975), agás o castelán, todas as linguas sufriron unha grave discriminación e represión, sendo marxinalizadas do uso público, xa que calquera persoa que se oíse falar nunha lingua minoritaria acababa sendo castigada e reprimida. A Constitución española (1978) propiciou un período máis favorable para as linguas distintas ao castelán, aínda que segue a haber diferenzas notables entre elas. Os estatutos de autonomía dalgúns comunidades autónomas apoian firmemente a súa protección e promoción, mentres que outras levan máis de 40 anos cun papel bastante pasivo en canto á promoción das súas propias linguas.

O sistema educativo é esencial para garantir que a diversidade lingüística se promociione, se valore e se xestione de forma axeitada, e para ensinala dun xeito positivo e creativo que asegure a aceptación mutua, a convivencia pacífica e o recoñecemento en igualdade de condicións. Alén do castelán —a única lingua oficial en todo o territorio estatal—, existen outras linguas que se falan no día a día en diferentes rexións. Mentres que algunhas delas as falan millóns de persoas, outras atópanse nunha situación máis difícil en termos demográficos. Mesmo as que contan cun gran número de falantes precisan de apoio xurídico e político para garantir a súa existencia a medio e longo prazo. Ademais, aínda que algunhas destas linguas gozan de certo recoñecemento xurídico e de bastante promoción por parte dos gobernos rexionais e das institucións públicas, outras contan con moi pouco ou ningún recoñecemento e apenas son coñecidas pola poboación do territorio onde se falan tradicionalmente”.



Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á derogación inmediata do Decreto de Plurilingüismo.
2. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á elaboración dunha lei que garanta unha especial protección ao galego no ensino e na administración pública co fin de iniciar a recuperación no número de falantes da lingua propia de Galicia.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

Esta moción ten unha parte resolutiva idéntica a dunha moción que se trouxo aquí en novembro de 2021. Xustifícase que se traia de novo unha moción coa mesma parte resolutiva porque se engade novo coñecemento empírico e estatístico que alerta sobre o agravamento e empeoramento da situación do galego.

Lembramos que daquela, en novembro de 2021, o que sustentaba esta afirmación era un estudo feito pola Real Academia Galega no concello de Ames no que se concluíu que un 30% dos rapaces comezaban o seu ciclo de escolarización sendo galegofalantes e que esta porcentaxe se reducía ao 10% cando remataba o ciclo educativo. É dicir, perdíanse dous de cada tres falantes de galego durante o ciclo educativo. Había unha serie de conclusións e recomendacións que facía a Real Academia Galega respecto desta cuestión que, en boa parte, é a transposición da normativa europea recollida na Carta europea das linguas a este respecto. Decía, ademais, que o que acabamos de coñecer estes días é o informe tamén feito polo INE no que di que por primeira vez, desde que existe rexistro, o galego xa non é a lingua maioritariamente falada en Galicia, senón que o proceso de substitución do seu uso por parte do español avanza, e xa agora mesmo non é a lingua maioritaria no noso país.

Isto desde logo non é un proceso natural nin é un proceso casual, nin é un proceso baseado na liberdade de escolla. As outras dúas rexións, nacións do Estado con linguas recoñecidas como propias no seu Estatuto, como Euskadi e Cataluña, partían no comezo da saída democrática con datos moitísimo peores que Galicia respecto do uso da súa lingua, no caso do catalán hoxe en día o seu uso atinxe practicamente o 80%; partían dunha situación de grande inferioridade respecto do galego, que no ano 75 era de largo a lingua máis falada no noso país e hoxe –insisto–é inferior o seu uso ao 50%, contrasta isto coa situación do catalán e tamén, por suposto, coa situación do éuscaro, do vasco, que partía dunhas cifras creo que xa limitaban case, case, cunha situación de risco de desaparición do euscaldún e que, grazas aos tremendos esforzos feitos desde a Administración, hoxe é unha lingua, xa non só fóra de perigo, senón que é unha lingua que avanza no seu país.

Isto desde logo –como diremos despois na parte resolutiva– pon de manifesto non o fracaso, porque eu creo que o Decreto de plurilingüismo do señor Feijóo do ano 2009 non fracasou, acadou os obxectivos non explícitos pero implícitos desa norma, que era debilitar a posición do galego na sociedade mediante o ensino, que é a ferramenta da que dispón a Administración, e que nós denunciámos, como digo, na parte resolutiva, pero agora creo que é importante que se lea aquí, nunca o fago pero é unha parte literal da moción, na que se recolle parte do contido da Carta europea das linguas, que rexe tamén



por suposto para Galicia, e hai que dicir tamén que hai unha resolución da Comisión Europea na que se denunciaban tamén os efectos perversos para a conservación do galego daquel Decreto de plurilingüismo de 2009. Vou pasar a ler esta parte da Carta europea das linguas que aquí se recolle: “Por razóns políticas, militares e económicas, unhas cantas linguas estendéronse por amplas zonas do mundo ata se converteren en linguas internacionais, o cal supón que se falen e se aprendan maioritariamente como linguas francas en todo o mundo. Outras linguas non teñen tantos falantes, pero reciben un apoio do Goberno ao seren consideradas linguas oficiais; estas linguas empréganse en todos os ámbitos da vida, tanto en público como en privado. Non obstante, a inmensa maioría das linguas só as falan certas comunidades dunha rexión ou dun territorio dentro dun país, polo que reciben o nome de linguas minoritarias, a diferenza das linguas maioritarias, que adoitan ser linguas estatais que coexisten coas linguas minoritarias e coas da inmigración. Esta distinción entre linguas maioritarias e minoritarias non sempre está baseada no número de falantes, senón máis ben nalgúns casos no grao de poder político do que gozan. Historicamente as linguas que a miúdo se percibían como as de maior importancia pertencían a países poderosos. Estes estados mostrábanos como grandes linguas faladas por grandes culturas en detrimento das comunidades lingüísticas máis reducidas. Agás en casos moi específicos, as linguas non desaparecen por causas naturais, senón que para sermos máis exactos na realidade son substituídas, un feito típico dos procesos de primacía política e económica. O proceso de substitución dunha lingua por outra maior implica graves fisuras no que atinxe á integración interxeracional e á cohesión social dunha comunidade; existe un horizonte difuso entre unha lingua en evolución e unha lingua que está a ser lentamente substituída por outra, un fenómeno que adoita explicarse como un proceso natural ten habitualmente consecuencias negativas para unha comunidade lingüística e na riqueza lingüística do planeta.

Nada máis e grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós coincidimos co contido da moción e respaldamos a parte resolutiva. Evidentemente, creo que con responsabilidade non podemos obviar os datos que teñen que ser preocupantes, tanto en relación como ao uso, competencia e presenza do galego.

Tamén hai que dicir que resulta innegable o efecto deste chamado Decreto de plurilingüismo, cuxas principais consecuencias son a desgaleguización da escola coa desaparición da presenza da lingua e do impulso do uso entre o alumnado, converténdose efectivamente, como indican algúns estudos, nun elemento de abandono da lingua materna para aquelas crianzas que son galegofalantes.

Entendemos que é responsabilidade e motivo de preocupación, debería ser do Goberno da Xunta, atender unha situación que implica que sen tomar as medidas necesarias estamos deixando morrer o noso idioma, un patrimonio do país e da nosa cultura. Evidentemente, coincidimos en tildar de fracaso estrepitoso a medida do Decreto de plurilingüismo, en tanto aos obxectivos que o propio Goberno dicía ter e, dende logo, si que temos que dicir que, se o seu obxectivo era a desgaleguización da escola, o obxectivo está cumprido.

Daquela, coincidimos na defensa do contido da moción e da parte resolutiva que propón.



Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos o fondo desta moción e, polo tanto, imos manifestar o voto favorable sobre ela. Nós tamén somos contrarios a ese Decreto do plurilingüismo, que como sabemos levantou tantas ampolas; incluso a propia Real Academia Galega o puxo en dúbida, e polo tanto non son sospeitosos de facer política dende a Real Academia, xa non somos só os grupos que imos secundar esta moción os que o estamos a dicir, senón que a propia Real Academia Galega puxo dúbidas respecto dese Decreto do plurilingüismo. Polo tanto –repito– nós estamos a favor do fondo e da forma desta moción e o noso voto vai ser a favor.

Sra. Villaverde Pais

Si, despois do escoitado, de falar das linguas minoritarias, das linguas maioritarias, que sabemos que existen, e tamén existen linguas minorizadas que non é o caso do galego. Non sei a que escolas, ou teño que ir visitar eu moitísimas máis escolas, pero o que se fala, os festivais son en galego, os rapaces falan en galego; o que si se nota é que desde as familias se fala, non sei se por influencia dos medios de comunicación, polo que sexa, nalgúns casos menos galego, pero que na escola si se fala desde a educación infantil. Incluso alumnos que noutras actividades, polo contacto con eles no concello, chegan falando, porque son inmigrantes, ou sexa chegan falando só español, só castelán ao centro, enseguida aprenden a cantar en galego, a falar en galego, porque hai unha garantía que é cumprir a lei, e é que os rapaces teñen dúas linguas cooficiais, os galegos temos dúas linguas cooficiais e teñen que saír da escola – se se cumpre a normativa vixente– dominando por igual as dúas linguas cooficiais.

Vale, entón a Xunta de Galicia desenvolve unha política lingüística baseada en dúas premisas: respecto ao marco normativo vixente e a aposta firme e decidida por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos, sempre desde o respecto, a tolerancia e a liberdade, pero garantindo o futuro do galego.

Os galegos temos a sorte de contar cun elemento de identidade que ten que ser, e o é, orgullo e unión de toda a cidadanía. Co obxectivo de consolidar este modelo, o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, o alumnado galego aprende na escola ambas as dúas linguas, cun modelo plurilingüe referendado reiteradamente polos galegos; e avanzou considerablemente tamén no ensino de linguas estranxeiras tan interesantes como o inglés ou o portugués, por primeira vez na nosa historia. De feito, máis de 10 anos despois da súa aprobación, os datos avalan a súa eficacia, como reflicte a última enquisa –que supoño que coñecerán– do Instituto Galego de Estatística, no que di que hoxe falan galego máis persoas que hai 5 anos, e a nosa lingua consolídase; o incremento do número de falantes, en concreto o 51,88 da poboación fronte ao 50,8 de 2013 é monolingüe en galego ou bilingüe con predominio do galego. E ser bilingüe significa que non se polariza, senón que hai total normalidade, e somos un exemplo de convivencia lingüística. Ademais, o 75,02 % das persoas usa o galego a diario; en 2003 era un 3% menos, un 2 ou un 2,5. Ademais, a lingua galega continúa tendo os índices de competencias máis elevados de todas as comunidades autónomas con linguas cooficiais.

Estes resultados avalan a política lingüística que se está levando a cabo: entenden un 95,46%, saben falar o 97,43%, saben ler o 85,05% e saben escribir o 86,8%.

En paralelo o último informe PISA, constata que Galicia é a Comunidade Autónoma onde o alumnado fala dúas linguas con máis facilidade. O 96% do alumnado



afirma falalo bastante ben e pode manter unha conversa fluída na súa vida diaria, por diante das outras comunidades autónomas con lingua propia. Cómpre destacar así mesmo que a porcentaxe da poboación que fala galego nas xeracións máis novas incrementábase de 5 a 14 anos e de 15 a 29. Os datos de coñecemento en liñas xerais tamén melloran, así que hoxe en día temos unha xeración mellor formada en galego, e podemos asistir, ou iso é o que se percibe, podemos ir ao médico e aos centros de saúde e fálannos en galego todas as persoas que están alí aos que somos galegofalantes. Podemos, editáronse libros de xudicatura en galego que non había, e non se podía, ías ao xulgado e non te atendían na túa lingua. Na Administración por suposto que se atende a todas as persoas que falan galego e en galego e é a lingua que se utiliza en todos os trámites administrativos dentro da propia Administración. Se non é que eu vivo nunha Administración diferente, e vou a administracións diferentes e vou a centros de saúde diferentes, e vou hospitais diferentes onde me atenden sempre en galego.

As liñas de traballo actuais fan énfase en 3 puntos: a familia, o traballo e a xuventude. O Plan de dinamización da lingua galega 2019-22, presentado pola Xunta co obxectivo de incrementar o uso da lingua galega entre os máis novos xerando un efecto multiplicador no resto da sociedade. Esta folla de ruta segue vixente aínda que en principio era 19-22, está dotada neste momento cuns 10 millóns de euros. A promoción da lingua nas familias, o papel das familias é fundamental para a transmisión xeracional da lingua. Por máis que faga a escola, se nas familias non hai a concienciación nin motivación de que ten que ser a lingua que se debe aprender porque é a nosa identidade, porque é a que nos dá a identidade como galegos a todos, pois é moi difícil. E estanse facendo campañas destinadas ás familias e seguiranse facendo cada ano de diferentes tipos e á parte multidisciplinares.

O Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-20 supuxo a posta en marcha de máis de 100 actuacións a prol do galego no sector económico e, como non, a proxección internacional que se seguirá apoiando a través de novas propostas. Hoxe o galego é unha lingua que está presente en 40 universidades de todo o mundo e iso aumenta a nosa competitividade ademais de co achegamento á lusofonía, unha ventá que nos abre as portas a 260 millóns de falantes en todo o mundo, creo que é importante seguir apostando por iso.

E o proxecto Nós; aínda que xa está en marcha este proxecto, é unha iniciativa de futuro en todos os sentidos, que deberá situar o galego ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo no ámbito tecnolóxico. Este proxecto favorecerá ferramentas como un sintetizador de voz, permitindo a terceiros incluír nos seus produtos voces artificiais de alta calidade en galego, podendo escoller xénero, idade, etc.; un recoñecedor de fala posibilitando a interacción persoa-máquina ou a subtítulos automática; e un xerador de lingua natural convertendo datos estruturados en oracións en galego tanto textuais como orais. Con este proxecto a Xunta de Galicia quere garantir a presenza do galego en todos os ámbitos, especialmente no mundo dixital. Terá efectos tanto no sector público como no privado, porque permitirá a dixitalización real da Administración galega ao tempo que favorecerá a creación dun ecosistema de empresas tecnolóxicas. Estímase unha mobilización de máis de 45 millóns de euros privados a través de novos produtos. Ademais, está prevista a creación de 450 novos empregos, directos e indirectos, a través dos novos produtos tecnolóxicos.

Co cal o galego está vivo, temos que seguir a traballar cada día, porque isto non quere dicir que se poida parar, porque é algo que hai que facer continuamente. Cada vez escóitase na radio incluso músicos novos que empezan a crear en galego, todos escoitamos ese tipo de música. Hai que fomentalo e foméntase nos centros educativos e nos concellos dentro das áreas de Cultura e de Normalización Lingüística. E, por suposto,



iso quere dicir que o Decreto do bilingüismo non foi mal.

Sr. Lema Suárez

A min gustaríame vivir no mesmo país que vostede, a verdade. A min encantaríame que as cousas fosen como vostede di, eu entendo que talvez en Lousame sexan así, desde logo na Coruña están lonxe de ser como vostede describe. Podes ter unha casa na que lle falas á túa filla integramente en galego e devólvencha da escola españolfalante, aínda que sexa moi noviña. Iso é o que sucede nun país que cada vez é máis urbano, que xa é urbano nun 40%, entón, ben...

Imos ver, vostede fai unha descrición, efectivamente, dunha realidade que talvez no seu ámbito social e persoal sexa así, as estatísticas din que non. E as estatísticas, ou temos opinións ou temos estatísticas; as estatísticas neste caso elabóraas o Instituto Nacional de Estadística, baseado en Madrid, que non creo que teña ningunha vontade de mandar mensaxes alarmistas sobre a situación do galego, sospeito que non, sospeito que non teñen esa vontade. Desde logo, eu cando menos a nivel intuitivo non creo que sexan uns criptonacionalistas galegos alí traballando no Instituto Nacional de Estadística en Madrid, que queren alertar sobre a situación do galego, creo que non.

Entón, o que din os datos obxectivos, a empírica, é que o galego retrocede, substitúe. O que di a comparativa coa mesma situación do catalán e do vasco é que no mesmo período de tempo o catalán e o vasco recuperan posicións e recuperan falantes. Polo tanto, hai unha responsabilidade política en que isto suceda, hai unhas políticas que axudan, ou non, á recuperación do galego. Entón, fagamos unha..., creo que todo o mundo hoxe ten apuro, como sempre, pero fagamos un pequeno balance histórico.

O señor Rueda, agora mesmo presidente por delegación da Xunta de Galicia, aínda non gañou as eleccións, acordámonos de que estaba detrás da pancarta da manifestación de Galicia Bilingüe no ano 2009, todos nos acordamos diso, de onde vén o señor Rueda. Será talvez un deses deslices como o que ten agora apoiando a proposta de Vox en Castela-A Mancha sobre o aborto e demais; será un fallo, pero aí estaba daquela o señor Vox detrás daquela pancarta, que dicía que o español en Galicia estaba sendo perseguido, Galicia Bilingüe, xente que agora xa non existe, pero ese era o lugar onde estaba naquel momento o señor Rueda e ese é un compromiso nese momento do Partido Popular cunha campaña absolutamente falsificada sobre o que acontecía co galego e co castelán no noso país, como demostran os datos, que se plasmou, non ben chegado á Xunta de Galicia no Decreto de plurilingüismo, que ten unhas consecuencias nefastas, e que non o digo eu, nin tampouco o di a propia Real Academia Galega, é que tamén o di a Comisión Europea, e a vostedes impórtalles moi pouco nestes casos o que diga a Comisión Europea, pero é o que di, expresamente.

Entón, hai datos e hai impresións; as impresións que vostede ten son maravillosas, pero a verdade é que non contemplan a realidade do país; para iso temos xente que se encarga de fornecernos desa empírica, deses datos contrastados. Son sociólogos que se basean en enquisas e demais, que non fan a pintura do país que vostede acaba de facer.

E de onde se viña antes de que chegásemos ao 2009, antes de que Rueda se puxese detrás desa manifestación, desa pancarta, antes do Decreto do plurilingüismo? Viñamos do que a algúns de nós daquela nos parecía pouco, que era a Lei de normalización lingüística do Goberno de Fraga. Que bo fixo en tantas cousas Fraga ao señor Feijóo!, porque aquí atopámonos cun cambio radical de políticas respecto ao idioma do noso país que ten estas consecuencias nefastas que agora estamos vendo, como moitas outras cousas, como moitas outras cousas. Pasamos dun paradigma dun



patriarca no económico, que podería ser case nalgúnhas cousas incluso un socialdemócrata, a un neoliberal de *tabula rasa*, que é o señor Feijóo, que foi o Sr. Feijóo. E dun señor que buscaba certa concordia, certo equilibrio na situación, no debate da lingua no noso país, a alguén que se posicionou nun lugar moi determinado, por compromisos previos durante a campaña electoral, nunha campaña electoral por certo que se baseou en boa parte nestas cuestións, nesta alarma sobre a situación do galego.

Entón, non se parece en nada a situación real do galego que vostede describe. E a min a verdade paréceme envexable o seu entorno social, familiar e demais, pero desde logo o que ao vostede lle parece non é o que existe e ao que existe accédese ao seu coñecemento mediante certas ferramentas das que nos dotan as institucións para saber como está a realidade, como están as cousas, e están moi lonxe de ser como vostede di, están moi lonxe. E está completamente diagnosticado cales son as causas, e existen modelos á nosa beira que funcionan para recuperar as linguas cooficiais que non son desde logo o Decreto de plurilingüismo. Eu lamento, a verdade, que as cousas non sexan como vostede di, gustaríame que fosen. Pero son nunha dirección moi, moi completamente inversa á que vostede acaba de describir.

Nada máis e grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno desta corporación celebrado en novembro de 2021 foi aprobada unha moción a iniciativa da Marea Atlántica en defensa do galego. Acababan de seren coñecidos os datos dun informe elaborado pola Real Academia Galega no que se concluíu que o ensino público en Galicia, lonxe de promover o potenciar o uso do galego entre a mocidade, o que provoca máis ben é a súa desaparición e a perda de ata dous terzos dos falantes que iniciaran o seu ciclo educativo sendo galego-falantes, e concluíu entre as súas reflexións finais: "a diminución das cifras de galegofalantes, especialmente entre a poboación máis nova e nos contextos urbanos e periurbanos, xunto cunha erosión dos procesos de transmisión interxeracional, debuxan unha paisaxe cada vez máis sombría para o galego no medio e no longo prazo". O informe da RAG propuña, así mesmo, a adopción inmediata dunha serie de medidas para recuperar o uso da nosa lingua entre a nosa rapazada, como son:

1. Reforzar a presenza do galego na Educación Infantil e primeiros anos de Primaria.
2. Fomentar a aprendizaxe da lectura e da escritura en lingua galega.
3. Afianzar o galego nos contextos escolares galegofonos e abrir espazos significativos para este idioma nos máis castelanófonos.
4. Establecer sinerxías entre a escola, as familias, a administración local e outras



institucións relacionadas coa infancia e a mocidade.

5. Reforzar as estruturas administrativas e escolares encargadas da dinamización da lingua.

Este informe dramático da Academia foi complementado recentemente coa publicación no mes de decembro de 2022 dun informe do INE no que se declaraba que, por primeira vez desde que existe rexistro estadístico do uso do galego en Galicia, esta lingua obtén un número de falantes menor que o castelán no noso país, o que pon de manifesto a pertinencia da moción presentada por este grupo no seu día así como o agravamento da situación do galego no noso país. Unha situación que certifica os efectos desgaleguizadores no ensino do Decreto de Plurilingüismo aprobado de xeito unilateral polo goberno do Partido Popular en 2010 e que xa foran, así mesmo, denunciados polo Consello de Europa no seu informe, publicado en abril de 2021, no que sinalaba que o Decreto é contrario aos compromisos asumidos polo estado español cando subscribiu a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, na que aconsella ofrecer unha educación na que o galego sexa o medio preferente de instrución.

Neste sentido, cómpre sinalar que a Carta Europea das Linguas declara o seguinte na súa introdución:

“Por razóns políticas, militares e económicas, unhas cantas linguas estendéronse por amplas zonas do mundo ata se converteren en linguas internacionais, o cal supón que se falen e se aprendan maioritariamente como linguas francas en todo o mundo. Outras linguas non teñen tantos falantes, pero reciben o apoio do goberno ao seren consideradas linguas oficiais. Estas linguas empréganse en todos os ámbitos da vida, tanto en público como en privado. Non obstante, a inmensa maioría das linguas só as falan certas comunidades dunha rexión ou dun territorio dentro dun país, polo que reciben o nome de «linguas minoritarias», a diferenza das «linguas maioritarias», que adoitan ser linguas estatais que coexisten coas linguas minoritarias e coas da inmigración.

Esta distinción entre linguas maioritarias e minoritarias non sempre está baseada no número de falantes, senón máis ben, nalgúns casos, no grao de poder político do que gozan. Historicamente, as linguas que a miúdo se percibían como as de maior importancia pertencían a países poderosos. Estes Estados mostrábanas como grandes linguas, faladas por grandes culturas, en detrimento das comunidades lingüísticas máis reducidas. Agás en casos moi específicos, as linguas non desaparecen por causas naturais, senón que, para sermos máis exactos, na realidade son substituídas, un feito típico dos procesos de primacía política e económica. O proceso de substitución dunha lingua por outra maior implica graves fisuras no que concirne á integración interxeracional e á cohesión social dunha comunidade. Existe un horizonte difuso entre unha lingua en evolución e unha lingua que está a ser lentamente substituída por outra. Un fenómeno que adoita explicarse como un proceso natural ten habitualmente consecuencias negativas nunha comunidade lingüística e na riqueza lingüística do planeta.

Se non se toman medidas urxentes para contrarrestar esta situación, a finais do século XXI moitas das linguas que se falan actualmente xa non existirán. A maioría das linguas europeas necesitan ser protexidas e promovidas para garantir que as vindeiras xeracións das comunidades en que sobreviviron durante séculos as empreguen. A recente experiencia leva a unha desalentadora conclusión: a desaparición das linguas xa é un feito en todo o mundo, a maioría das veces por culpa do desprazamento e, finalmente, do abandono por parte dos seus falantes ao preferiren a outra lingua en competencia. As linguas desaparecen porque outras linguas ocupan o seu espazo como resultado de diversos procesos complexos de expansión cultural, política ou económica,



que non están exentos de conflito. É ben sabido que se unha lingua goza de suficiente protección xurídica, as posibilidades de que non desapareza co tempo son maiores. Isto é o que ocorre coas linguas oficiais, que contan con garantías inexistentes para a maioría das linguas que non teñen este status legal. Grazas ao seu enfoque intercultural e plurilingüe, a Carta é o instrumento máis eficiente para a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias de Europa”.

Para o caso español, a Carta comenta o seguinte: “Durante a ditadura española de Franco (1939-1975), agás o castelán, todas as linguas sufriron unha grave discriminación e represión, sendo marxinalizadas do uso público, xa que calquera persoa que se oíse falar nunha lingua minoritaria acababa sendo castigada e reprimida. A Constitución española (1978) propiciou un período máis favorable para as linguas distintas ao castelán, aínda que segue a haber diferenzas notables entre elas. Os estatutos de autonomía dalgunhas comunidades autónomas apoian firmemente a súa protección e promoción, mentres que outras levan máis de 40 anos cun papel bastante pasivo en canto á promoción das súas propias linguas.

O sistema educativo é esencial para garantir que a diversidade lingüística se promocióne, se valore e se xestione de forma axeitada, e para ensinala dun xeito positivo e creativo que asegure a aceptación mutua, a convivencia pacífica e o recoñecemento en igualdade de condicións. Alén do castelán —a única lingua oficial en todo o territorio estatal—, existen outras linguas que se falan no día a día en diferentes rexións. Mentres que algunhas delas as falan millóns de persoas, outras atópanse nunha situación máis difícil en termos demográficos. Mesmo as que contan cun gran número de falantes precisan de apoio xurídico e político para garantir a súa existencia a medio e longo prazo. Ademais, aínda que algunhas destas linguas gozan de certo recoñecemento xurídico e de bastante promoción por parte dos gobernos rexionais e das institucións públicas, outras contan con moi pouco ou ningún recoñecemento e apenas son coñecidas pola poboación do territorio onde se falan tradicionalmente”.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á derogación inmediata do Decreto de Plurilingüismo.
2. Instar ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia á elaboración dunha lei que garanta unha especial protección ao galego no ensino e na administración pública co fin de iniciar a recuperación no número de falantes da lingua propia de Galicia.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia.

Sr. Presidente

A seguinte moción do Grupo Popular para que se proceda á mellora integral da estrada provincial DP-1913 entre A Laracha e Canteiras-O Pozo, no termo municipal da Laracha.

4.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que se proceda á mellora integral da estrada provincial, DP-1913, entre A Laracha e Canteiras El Pozo, no termo municipal de A Laracha.

A DP-1913 é unha das vías vertebradoras das comunicacións no concello da Laracha ao enlazar a capital municipal coa estrada autonómica AC-400 que dirixe a Cerceda,



Culleredo, ao aeroporto de Alvedro e á cidade da Coruña pola terceira rolda, ademais de ser o acceso principal ás parroquias de Coiro, Soandres e Erboedo e discorrer, tamén, polas de Torás e Lestón.

A súa localización é estratéxica para as comunicacións no eixo industrial que conforman os parques empresariais da Laracha, Cerceda, Ledoño (Culleredo) e Carballo.

Os últimos datos oficiais sobre o tránsito que soporta a vía son de 2015, ano no que circulaban por ela 4.000 vehículos diarios, case a metade deles pesados. A día de hoxe o incremento do tráfico con respecto a esa data é moi notable.

Sen embargo, a vía non presenta as condicións de seguridade oportunas: a plataforma de circulación é reducida, os carrís non están separados por marcas viarias e non dispón fóra dos tramos urbanos nin de espazos diferenciados para o tránsito peonil nin de beiravías. Esta circunstancia mesmo implicou queixas dos profesionais do sector do transporte ao sufrir danos os camións ao golpear as caixas coas árbores que flanquean a vía entre a Avenida López Astray e Os Muíños de Coiro.

Con data 31 de xaneiro de 2020 o Pleno do Concello da Laracha aprobou por unanimidade instar á Deputación da Coruña a ampliar a plataforma da calzada da DP-1913. Ao non recibir resposta, o mesmo acordo unánime volveuse tomar o 28 de xullo de 2022.

Ademais, o tramo urbano da DP-1913 ao seu paso por A Laracha é a Avenida Doutor López Astray, unha vía céntrica, residencial e comercial que tamén require dunha intervención urxente para humanizala e convertela nun lugar máis accesible no que se optimice o equilibrio entre os peóns e os vehículos.

No Pleno do Concello da Laracha do 24 de setembro de 2021 acordouse por unanimidade solicitar á Deputación da Coruña unha subvención nominativa para financiar o anteproxecto -redactado polo Concello- de plataforma única e humanización da Avenida Doutor López Astray. Tampouco houbo resposta da Deputación.

Polo exposto, propónse á adopción dos seguintes ACORDOS

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

PRIMEIRO.- Redactar, establecer as fases de actuación e executar o proxecto de mellora integral da estrada DP-1913 entre A Laracha e Canteiras El Pozo para ofrecer as condicións oportunas de amplitude da plataforma da calzada e de seguridade para peóns, automóviles e vehículos pesados nesta vía vertebradora das comunicacións rodadas para o termo municipal da Laracha.

SEGUNDO.- Executar ou financiar integramente por medio dun convenio nominativo co Concello -nese caso, previa transferencia da titularidade dese tramo da estrada- o proxecto de humanización do tramo urbano da DP-1913, isto é, a Avenida Doutor López Astray, que abarca unha lonxitude de 545 metros entre os puntos de confluencia coa Avenida Fisterra e a rúa Santiago.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente.



Esta é unha moción que dalgún xeito é dar traslado de dous acordos unánimes do Pleno do Concello da Laracha, entón, como tiveron a ocasión de visitar esta DP-1913, a verdade é que hai moito tránsito de vehículos alí e hai certas dificultades, esta é unha vía que vertebra o territorio con claridade, que pon en conexión tres zonas industriais e de poboación da provincia da Coruña, como son a zona de Cerceda, A Laracha e Carballo. Entón, eu entendo que esta é unha vía provincial de libro, por así dicilo, cun tránsito e unha intensidade importantes, e vou ler a mesma, porque –repito– neste caso non me quero outorgar a representatividade de toda a Corporación da Laracha, pero si hai un acordo unánime de todos os grupos, e vou lela tal cal porque está bastante ben explicado o que eles solicitan e a nós parécenos de xustiza:

“A DP-1913 é unha das vías vertebradoras das comunicacións no concello da Laracha ao enlazar a capital municipal coa estrada autonómica C-400 que dirixe a Cerceda, Culleredo e ao aeroporto de Alvedro e á cidade da Coruña pola terceira rolda, ademais de ser o acceso principal ás parroquias de Coiro, Xoandres, Erboredo e discorrer tamén polas de Torán e Lestón. A súa localización é estratéxica para as comunicacións no eixo industrial que conforman os parques empresariais da Laracha, Cerceda, Ledoño en Culleredo e Carballo. Os últimos datos oficiais sobre o tránsito que soporta a vía son de 2015, ano no que circulaban por ela 4.000 vehículos diarios, a día de hoxe estamos seguros de que son bastantes máis, case a metade deles pesados; a día de hoxe o incremento do tráfico con respecto a esa data é moi notable. Porén, a vía non presenta as condicións de seguridade oportunas, a plataforma de circulación é reducida, os carrís non están separados por marcas viarias e non dispón, fóra dos tramos urbanos, nin de espazos diferenciados para o tránsito peonil nin de beiravías. Esta circunstancia mesmo implicou queixas dos profesionais do sector do transporte ao sufrir danos importantes nos camións ao golpear as caixas coas árbores que franquean a vía entre a avenida López Astray e os muíños de Coiro.

Con data do 31 de xaneiro de 2020, o Pleno do Concello da Laracha aprobou por unanimidade instar a Deputación da Coruña a ampliar a plataforma da calzada da DP-1913 e, ao non recibir resposta, o mesmo acordo unánime volveuse tomar o 28 de xullo de 2022. Ademais, o tramo urbano da DP-1913 ao seu paso pola Laracha é a avenida Doutor López Astray, unha vía céntrica, residencial e comercial, que tamén require dunha intervención urxente para humanizala e convertela nun lugar máis accesible no que se optimice o equilibrio entre os peóns e os vehículos.

No Pleno do Concello da Laracha do 24 de setembro de 2021 acordouse por unanimidade solicitar á Deputación da Coruña unha subvención nominativa para financiar o anteproxecto redactado polo Concello da plataforma única e a humanización da avenida Doutor López Astray. Tampouco houbo resposta da Deputación –este caso xa o exporemos despois, ben pode ser unha subvención nominativa ou ben sexa que o propio departamento faga a actuación precisa, isto non é...–. Os acordos que traemos aquí son os seguintes:

1.º Redactar, establecer as fases de actuación e executar o proxecto de mellora integral da estrada DP-1913 entre A Laracha e as Canteiras do Pozo para ofrecer as condicións oportunas de amplitude da plataforma da calzada, de seguridade para os peóns, automóviles e vehículos pesados nesta vía vertebradora das comunicacións rodadas para o termo municipal da Laracha.

2.º Executar ou financiar integramente por medio dun convenio nominativo co Concello neste caso, previa transferencia da titularidade dese tramo de estrada, o proxecto de humanización do tramo urbano DP-1913, isto é, a avenida do Doutor López Astray, que abarca unha lonxitude de 545 metros entre os puntos de confluencia coa



avenida de Fisterra e a rúa de Santiago.

Grazas.

Sr. García Seoane

Ben eu creo que todos vostedes saben cal é a miña posición sobre as estradas da Deputación Provincial, que necesitan con urxencia en moitos casos ampliacións, melloras e, se non se levan a cabo, parece que estamos noutro país que non é Galicia nin forma parte do Estado español. As corredoiras estaban ben cando vivía Franco, as aldeas abandonadas, as aldeas illadas, pero neste momento unha estrada como a que se acaba de dicir é unha estrada que une Culleredo, Cerceda e A Laracha; unha estrada que ten un tránsito importante e que necesita, como non, esa ampliación.

Eu o que quero dicir, e aí fanse dúas propostas: unha facer o proxecto, eu creo que había que facelo de inmediato, pero non é facer o proxecto, é que facer o proxecto implica tamén a expropiación, porque non é botarlle unha capa de rodadura a unha estrada estreita, senón facer unha estrada como as que se fixeron en Oleiros ultimamente por parte da Deputación, a que vai desde Mera ata a vía Ártabra, ou a glorieta que se fixo no linde con Cambre. Ese tipo de obras son as que hai que facer e que son estradas da Deputación, e que ademais son moi necesarias. Moi necesarias porque estamos falando, non dunha aldea nas quintas quimbambas, senón duns núcleos importantes e que teñen un futuro inmediato de progreso, A Laracha o seu polígono industrial está a crecer, Culleredo está aí coa súa importancia que ten tamén, hai tamén un polígono industrial de Culleredo que conecta con esta outra zona, está Carballo e está Arteixo... e esa estrada necesítase; por tanto, eu estaría a favor desta moción. Pero, claro, hai que ser cautos, non dicir, isto non é para mañá, que se faga xa o proxecto e que se empece o plano de expropiación porque, se non, podemos falar aquí o que queiramos pero nunca veremos a obra.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo. Antes de nada, como reflexión xenérica, hai que lembrar que a Deputación Provincial da Coruña ten moitos quilómetros de estradas que, loxicamente, como as de todas as administracións, necesitan de melloras pero que os recursos son limitados desgraciadamente e non podemos acometer todas as melloras como a todos nos gustaría a un tempo, pero inténtase facer o que se pode. De feito, nos últimos sete anos o Concello da Laracha recibiu investimentos directos de vías e obras en estradas provinciais no seu termo municipal que superan os dous millóns de euros; e no plan de conservación deste ano preto dos 200.000; polo tanto, estanse a facer cousas e ben, pero loxicamente como todas as administracións non se pode actuar en todo o que a un lle gustaría.

Sobre os puntos en concreto, primeiro unha cuestión que é importante e penso que é clave, que nesta Deputación non consta nin en Secretaría, nin no Rexistro, nin en Vías e Obras, que se teña trasladado por parte do Concello da Laracha eses acordos plenarios, nin o primeiro do ano 2020, ao que creo que se fai referencia, nin o segundo do ano 2022. Polo tanto, dificilmente podemos atender unha petición, por moito que se aprobe no Concello da Laracha, se non se dá traslado desa petición á Deputación. É verdade que os acordos poderían estar seguramente na moción que se aprobou alí, pero alguén no Concello non fixo os deberes e non se remitiu á Deputación. Polo tanto, tomamos nota desa petición e, loxicamente, vaise estudar, non hai ningún tipo de inconveniente para estudalo, como se fai con moitas outras peticións de todos os concellos de distinto signo.



E sobre o segundo punto, aí é onde temos máis problemas. Polo tanto non habería ningún problema por votar ese primeiro punto, ningún. No segundo punto si que temos problema, porque este segundo punto en principio contravén o procedemento de solicitude e concesión de subvencións nominativas que está regulado na Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación. E, por tanto, entenderán vostedes que non podemos loxicamente por parte do Goberno, e non debería ningún grupo desta Corporación, aprobar un acordo que en principio *de facto* o que está facendo é ir en contra dun regulamento que nos demos todos e que aprobamos todos, e que á parte lembro que o Partido Popular nalgún momento era moi vehemente na solicitude de que esta Deputación contase cunha ordenanza xeral de subvencións, que era un dos requisitos que se establecían tamén nos informes de reparo que emitía a Intervención Provincial.

Polo tanto, xa agora que nos dotamos dese mecanismo e desa ferramenta, pois non ten sentido, e comprenderá vostede que non poidamos aprobar un acordo que vaia en contra, que incumpra polo tanto os requisitos establecidos nese procedemento. Así que en principio nós non temos inconveniente, ou ben se retira ese segundo punto por unha cuestión simplemente formal, que non habería ningún tipo de problema; e, se quere mantelo, nós solicitamos votar por puntos e polo tanto non habería inconveniente en votar a favor do primeiro e, loxicamente, como digo, en contra do segundo.

Sr. Lema Suárez

Si, nós compartimos tamén que o importante é que se repare a estrada e ao mellor o procedemento indicado non ten por que ser definido na moción. Nós tampouco pensamos que haxa que propoñer aquí esa fórmula da subvención nominativa. Penso que é un pouco de máis porque o fondo do asunto creo que é o que conta. Entón nós tamén apoiamos a moción pero non tanto a fórmula que se propón.

Sr. Regueira Varela

Nós claramente a favor do fondo da cuestión. Cremos que é unha estrada na que hai que intervir, cremos que esa travesía é unha travesía urbana que forma parte do rueiro de Carballo. Unicamente recalcar o que acaba de dicir o portavoz do PSOE, por unha cuestión formal no segundo punto, relacionada coa nominativa, non se podería votar a favor. Pero o primeiro sen problema e no segundo de acordo co que se pretende, aínda que teriamos que buscar unha alternativa á nominativa.

Sr. Ben Otero

Presidente, eu, se lles parece aos grupos, propoño unha autoemenda, é dicir, o segundo punto quedaría deste xeito: "Executar ou financiar integramente o proxecto de humanización do tramo urbano"; é dicir, quitar "por medio dun convenio nominativo co Concello, neste caso previa transferencia", quitar esta parte e deixala así, eu non teño ningunha pega. É dicir, quedaría: "Executar ou financiar enteiramente o proxecto de humanización do tramo urbano da DP-1913, isto é a, avenida Doutor López Astray, que abarca unha lonxitude de 545 metro entre os puntos de confluencia coa avenida Fisterra e a rúa de Santiago". Habería neste caso algunha pega por parte do Goberno?

Sr. Presidente

Un matiz só; ningunha por parte do Goberno, pero un matiz, sobre todo pola aprendizaxe noutros concellos próximos: sempre sometido ás limitacións legais oportunas, porque na implementación do financiamento de servizos habería que ver a



cualificación do terreo etcétera, etcétera. Entón con esa postila, salvagarda legal non habería ningún problema.

Sr. Ben Otero

Ben, é un compromiso, entón, se hai un compromiso por parte de todos os grupos, non creo que lle dea tempo a executalo a este Goberno, nós comprometémonos a executalo no vindeiro mandato.

Sr. Presidente

Está ben, está ben que os feitos contradigan os pensamentos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para que se proceda á mellora integral da estrada provincial, DP-1913, entre A Laracha e Canteiras El Pozo, no termo municipal de A Laracha.

A DP-1913 é unha das vías vertebradoras das comunicacións no concello da Laracha ao enlazar a capital municipal coa estrada autonómica AC-400 que dirixe a Cerceda, Culleredo, ao aeroporto de Alvedro e á cidade da Coruña pola terceira rolda, ademais de ser o acceso principal ás parroquias de Coiro, Soandres e Erboedo e discorrer, tamén, polas de Torás e Lestón.

A súa localización é estratéxica para as comunicacións no eixo industrial que conforman os parques empresariais da Laracha, Cerceda, Ledoño (Culleredo) e Carballo.

Os últimos datos oficiais sobre o tránsito que soporta a vía son de 2015, ano no que circulaban por ela 4.000 vehículos diarios, case a metade deles pesados. A día de hoxe o incremento do tráfico con respecto a esa data é moi notable.

Sen embargo, a vía non presenta as condicións de seguridade oportunas: a plataforma de circulación é reducida, os carrís non están separados por marcas viarias e non dispón fóra dos tramos urbanos nin de espazos diferenciados para o tránsito peonil nin de beiravías. Esta circunstancia mesmo implicou queixas dos profesionais do sector do transporte ao sufrir danos os camións ao golpear as caixas coas árbores que flanquean a vía entre a Avenida López Astray e Os Muíños de Coiro.

Con data 31 de xaneiro de 2020 o Pleno do Concello da Laracha aprobou por unanimidade instar á Deputación da Coruña a ampliar a plataforma da calzada da DP-1913. Ao non recibir resposta, o mesmo acordo unánime volveuse tomar o 28 de xullo de 2022.

Ademais, o tramo urbano da DP-1913 ao seu paso por A Laracha é a Avenida Doutor López Astray, unha vía céntrica, residencial e comercial que tamén require dunha



intervención urxente para humanizala e convertela nun lugar máis accesible no que se optimice o equilibrio entre os peóns e os vehículos.

No Pleno do Concello da Laracha do 24 de setembro de 2021 acordouse por unanimidade solicitar á Deputación da Coruña unha subvención nominativa para financiar o anteproxecto -redactado polo Concello- de plataforma única e humanización da Avenida Doutor López Astray. Tampouco houbo resposta da Deputación.

Polo exposto, propónse á adopción dos seguintes ACORDOS

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

PRIMEIRO.- Redactar, establecer as fases de actuación e executar o proxecto de mellora integral da estrada DP-1913 entre A Laracha e Canteiras El Pozo para ofrecer as condicións oportunas de amplitude da plataforma da calzada e de seguridade para peóns, automóviles e vehículos pesados nesta vía vertebradora das comunicacións rodadas para o termo municipal da Laracha.

SEGUNDO.- Executar ou financiar integramente o proxecto de humanización do tramo urbano da DP-1913, isto é, a Avenida Doutor López Astray, que abarca unha lonxitude de 545 metros entre os puntos de confluencia coa Avenida Fisterra e a rúa Santiago."

Sr. Presidente

Seguente moción do Grupo Provincial Popular, relativa a solicitar a desculpa, a rectificación e cese inmediato da ministra e secretaria de Estado de Igualdade. Hai unha emenda do Partido Socialista.

5.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, relativa a solicitar a desculpa, rectificación e cese inmediato da Ministra e a Secretaria de Estado de Igualdade.

O Estado de Dereito é un dos piares da democracia española, clave de bóveda de calquera actuacións públicas e garantía da convivencia cidadá. Para consolidar ese marco de protección, o noso país debe non só desincentivar condutas consideradas reprochables, senón asegurar un tratamento civil ou penal que castigue os ilícitos cometidos.

Estes obxectivos son máis importantes se cabe no ámbito da violencia de xénero, que implica a dereitos liberdade e indemnidad sexuais. A violencia de xénero é unha das manifestacións máis crueis e inhumanas do fracaso na convivencia entre homes e mulleres. Esta secuela social erosiona o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade na esfera sexual, así como a integridade física e moral, e mesmo a vida, das mulleres. A violencia de xénero tamén afecta o benestar e desenvolvemento psíquico dos menores de idade e das persoas con discapacidade, respecto a a súa integración social e o seu desenvolvemento físico e psicolóxico.

España foi un país pioneiro na loita contra a violencia de xénero, despregando unha adecuada protección en materia de violencia de xénero desde a normativa nacional e internacional, destacando aquí o Convenio de Istambul ou o Convenio de Varsovia. A nivel nacional, o noso país conta coa Lei de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual , e a Lei Orgánica de Protección Integral contra a Violencia de



Xénero , unha norma referente na protección das vítimas de violencia de xénero. Estas leis complementan a tipificación penal propia dos distintos delitos que afectan á liberdade e indemnidad sexual.

Ademais, mostra do espírito de consenso político que debe dominar estas políticas, en decembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que impulsou o Partido Popular e dotou economicamente o Goberno de Mariano Rajoy con 1000 millóns de euros. O Pacto foi ratificado polos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais e destinou, entre 2018 e 2022, un total de 100 millóns de euros entre Entidades Locais, 500 millóns entre Comunidades Autónomas e 400 millóns entre os organismos competentes da Administración Xeral do Estado. Todo iso para loitar contra a violencia de xénero en áreas como sensibilización e prevención; resposta institucional; axuda e protección ás vítimas; ou asistencia e protección dos menores.

Con todo, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do "só si é si", modificou o Título VIII do Código penal no relativo aos delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, en base ao artigo 2 do Código penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da colación de Goberno.

Eses bulos resultaron ser verdades. A consecuencias da inacción governamental obsérvanse hoxe. Poucos meses despois da aprobación da Lei do "só si é si" por parte do Goberno e a pedimento do Ministerio de Igualdade que dirixe Irene Montero, máis de 160 agresores sexuais viron rebaixadas as súas penas.

Esta situación é inaceptable. A Lei do "só si é si" se demostrou claramente ineficaz en lograr os seus obxectivos de protección das mulleres. Non protexe ás mulleres de hoxe nin ás vítimas de onte e só favorece a revictimización. Por se non fóra suficientemente grave a situación, #ante as críticas da xudicatura e da opinión pública ao Ministerio de Igualdade, primeiro a Ministra Irene Montero acusou os xuíces de "machistas" que aplican defectuosamente a Lei, con algún dos seus deputados considerándoos mesmo "fachas con toga".

Recentemente, a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, restou relevancia ás excarceracións de agresores sexuais, aducindo que "se cadra [o agresor] vai ao cárcere despois de asasinar xa". Poñer en dúbida a necesidade da aplicación do Código penal é burlarse das vítimas. Ángela Rodríguez ademais relativizou sobre as "ondas" de condenados por delitos sexuais agora en liberdade, argumentando que as críticas á Lei eran "bulos, noticias falsas e manipulacións".

Eses bulos resultaron de novo ser verdades, como as cifras de excarcerados tras a entrada en vigor da Lei do "só si é si" testemuña. De novo, máis de 160 agresores sexuais viron rebaixadas as súas penas.

Pola dignidade e dereitos das vítimas, o Partido Popular considera que a gravidade dos feitos e a alarma social xerada pola irresponsabilidade e inacción do Ministerio merecen unha resposta clara e urxente. É manifesto o nulo rigor do Ministerio de Igualdade de



Irene Montero durante estes anos de Goberno de Pedro Sánchez. Nese sentido, a responsabilidade non é só das responsables do Ministerio, senón do Goberno do que depende e o seu Presidente, Pedro Sánchez, que apoiou a aprobación da Lei do "só si é si" e nomeou a Irene Montero Ministra.

Por tanto, en vista das declaracións políticas, así como de continuas excarceracións de agresores sexuais producidas pola inacción do Goberno e Ministerio de Igualdade, preséntase a seguinte moción e propón ao Goberno os seguintes ACORDOS:

- Que pidan desculpas, rectifiquen e sexan cesadas inmediatamente tanto a Ministra, Irene Montero, como a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, respecto a as súas declaracións a xuíces e partidos políticos na aplicación da Lei do "só si é si";
- Que se retomen os traballos para a continuidade do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, dotándoo de fondos para a súa aplicación plurianual, en coordinación cos Partidos Políticos, Comunidades Autónomas e Entidades Locais;
- Que se colabore con todas as Comunidades Autónomas na discusión, elaboración e implantación de medidas sobre violencia de xénero, desde o marco de consenso que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade;
- Que a Comunidade Autónoma/o Concello non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio, en sinal de solidariedade con todas as vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte."

Sra. García Gorostizu

Gracias, presidente. Recibimos unas enmiendas del PSOE y del bloque, pero que no aceptaremos porque dejarían sin sentido la moción presentada. Entonces paso a leer un resumen de la moción.

“A violencia de xénero é unha das manifestacións máis crueis e inhumanas do fracaso na convivencia entre homes e mulleres, que afecta tamén aos menores de idade e ás persoas con discapacidade. España foi un país pioneiro na loita contra a violencia de xénero, tanto a nivel europeo como a nivel nacional e, ademais, mostra do espírito de consenso político que debe dominar estas políticas, en decembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que impulsou o Partido Popular e que foi ratificado polos grupos parlamentarios, as comunidades autónomas e as entidades locais, e dotou economicamente o Goberno de Mariano Rajoy con 1.000 millóns de euros entre 2018 e 2022.

Con todo, a Lei orgánica 10/2022, coñecida como a lei do “só si é si” modificou o Código penal, considerando estes delitos como agresión sexual, que con anterioridade se dividían en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade, e as penas destes feitos delituosos víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura.

Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir mentiras por parte da coalición de Goberno. Pero eses mentiras resultaron ser



verdades; poucos meses despois da aprobación da Lei do só si é si por parte do Goberno, máis de 276 agresores sexuais viron rebaixadas as súas penas. Esta situación é inaceptable, a Lei do só si é si demostrouse claramente ineficaz en lograr os seus obxectivos de protección das mulleres. Pero, por se non fóra suficientemente grave a situación, ante as críticas da xudicatura e da opinión pública ao Ministerio de Igualdade, primeiro a ministra Irene Montero acusou os xuíces de machistas que aplican defectuosamente a lei, con algún dos seus deputados considerándoos mesmo fachas con toga. Recentemente a secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, restou relevancia ás excarceracións de agresores sexuais, aducindo que se cadra o agresor seguramente vai ao cárcere despois de asasinar xa. Poñer en dúbida a necesidade de aplicación do Código penal é burlarse das vítimas. Ángela Rodríguez ademais relativizou sobre as ondas de condenados por delitos sexuais agora en liberdade, argumentando que as críticas á lei eran mentiras, noticias falsas e manipulacións. Esas mentiras resultaron de novo ser verdades, como as cifras de excarcerados tras a entrada en vigor da Lei do só si é si. Testemuña, de novo máis de 276 agresores sexuais viron rebaixadas as súas penas.

Pola dignidade e dereitos das vítimas, o Partido Popular considera que a gravidade dos feitos e a alarma social xerada pola irresponsabilidade e inacción do Ministerio merecen unha resposta clara e urxente. Por tanto, en vista das declaracións políticas, así como das continuas excarceracións de agresores sexuais producidas pola inacción do Goberno e do Ministerio de Igualdade, instamos aos seguintes acordos:

Primeiro, 1ue pidan desculpas, rectifiquen e sexan cesadas inmediatamente tanto a ministra Irene Montero como a secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, respecto ás súas declaracións a xuíces e partidos políticos na aplicación da Lei do só si é si.

Segundo, que se tomen os traballos para a continuidade do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, dotando de fondos para a súa aplicación plurianual en coordinación cos partidos políticos, comunidades autónomas e entidades locais. Que se colabore con todas as comunidades autónomas na discusión, elaboración e implantación de medidas sobre a violencia de xénero desde o marco de consenso que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade e que a Deputación Provincial non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio en sinal de solidariedade con todas as vítimas ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte.

Sr. Lema Suárez

En primeiro lugar, unha pequena corrección á señora Izaskun, porque no último punto non di que a Deputación da Coruña non participe, di que a Comunidade Autónoma ou o Concello non participe. Estamos ante unha moción plancha do Partido Popular, tal vez para encher algún oco aquí; nin tan sequera se molestaron en adaptar a esta Administración local.

Eu preguntome por que trae hoxe aquí o Partido Popular esta moción; preguntome se ten algo que ver co acontecido recentemente en Castela-A Mancha, onde o Partido Popular no seu Goberno vicepresidido por Vox en primeiro termo manifestouse favorable a imporlles ás mulleres en situación de embarazo unha especie de protocolo para tratar de convencelas de que non aborten. Por certo, a ninguén se lle esquecerá que o actual presidente por delegación da Xunta de Galicia, o señor Rueda, en primeiro termo apoiou esa proposta de Castela-A Mancha. Creo que a ninguén se lle debe esquecer, porque



talvez se vaia delatando pouco a pouco realmente cal é o fondo ideolóxico do señor Rueda. Ou tamén un pouco máis atrás no tempo tamén a asunción por parte do Partido Popular daquela proposta do incómodo socio de goberno en Murcia, daquel famoso pin parental.

Pero non todo tampouco vai ser responsabilidade da xente de Vox. O Partido Popular ten interposto un recurso no Constitucional contra a Lei do aborto do ano 2012. Polo tanto, talvez as credenciais do Partido Popular no que ten que ver coas liberdades, coa garantía das liberdades das mulleres e do seu corpo talvez non sexan as máis indiscutibles.

Chámame a atención tamén que nesta proposta de moción vostedes non fan ningún tipo de proposta de emenda á Lei de liberdade sexual; chámame a atención e direilles que o que aconteceu na tramitación parlamentaria da lei é que vostedes si fixeron unha emenda, fixeron unha emenda a respecto da cuestión do consentimento; a vostedes o que lles parecía ben era o que estaba no anterior Código penal, no cal a muller tiña que demostrar que non houbera consentimento. Isto, a todo o mundo lle soará, foi a liña xurídica, o debate, no caso da Manada, de se houbera ou non houbera consentimento. E a vostedes iso era o que lles molestaba, vostedes querían retrotraer a lei a ese suposto anterior no que non tivese que haber consentimento expreso. Por tanto, desde logo esta lei, a Lei de liberdade sexual, o que fai é establecer claramente que si debe haber de xeito expreso ese consentimento, e insisto en que esa foi a única emenda que os representantes do Partido Popular no Parlamento, na súa tramitación parlamentaria, fixeron a esta lei, que desde logo non vai na mellora da garantía da seguridade das mulleres.

Eu penso que xa todos nos coñecemos abondo, e creo que ninguén pon en dúbida que desde o Ministerio de Igualdade se traballa para mellorar a seguridade e a liberdade das mulleres, e o que ten que ver tamén non só coa súa seguridade, senón tamén coa súa capacidade para determinar cando e con quen deciden manter o tipo de relación que sexa e que aquí se establece expresamente que ten que ser consentida, que esa é unha mellora substancial respecto da situación anterior. E creo que a ninguén se lle escapa que, por motivos ideolóxicos non sempre confesados, pero que xa levaron no pasado á dimisión dalgún ministro, o Partido Popular desde logo non asume nin moito menos todo o contido da axenda feminista que se pon de manifesto nesta lei. Poderíamos seguir abundando nos argumentos, pero polos que acabamos de expoñer nós manifestámonos completamente contrarios a esta moción.

Nada máis e grazas.

Sra. Muño Filgueira

Xa para anticipar quero dicir que me gustaría ser o máis coidadosa e responsable coa intervención en relación a esta moción que presenta o Partido Popular. Ter o máximo coidado para deixar en evidencia e claro que, certamente, hai unha consecuencia preocupante e indesexable para as mulleres vítimas que ven como, froito da posibilidade de interpretación por parte dos xuíces ou xuízas segundo a súa sensibilidade e interpretación que fai da norma, permite que se dea esta situación; e entendemos que dentro do marco de posibilidades debe ser corrixido. E era a primeira cuestión que eu quería deixar clara.

Gustaríame pensar que con esta intención se querería expresar o Partido Popular, gustaríame pensar iso. Pero entendo que non é ese o fondo da cuestión, pois, evidentemente, non hai unha proposta construtiva, non a hai na parte resolutiva da



moción, e tamén é certo que non se deu nin durante o proceso de tramitación da mesma lei, nin se deu, para a miña forma de ver, nas canles e ton que sería necesario.

Hai numerosos datos que nos deberían preocupar a todos os partidos políticos cando, en relación á violencia e a todas e cada unha das súas expresións, non debería haber a día de hoxe ningunha fisura no debate e, aínda así, existe.

Hai datos obxectivos que indican cuestións como que hai unha baixada na percepción e no recoñecemento da existencia de violencia de xénero por parte da xente máis moza, unha baixada na percepción da desigualdade real. Os datos indican un incremento do 38% en delitos de violación e un 58% no incremento de delitos sexuais entre a poboación máis nova. Só con estes datos deberíamos ser coidadosos e rigorosos nos nosos discursos. As forzas políticas temos que saber que o discurso que lanzamos cala na sociedade e contribúe, efectivamente, a estes datos que significan un importante retroceso.

Unha lei que sitúa as vítimas no centro e que, ademais, contribúe a unha maior protección colocando efectivamente o consentimento como unha cuestión básica é algo necesario e deberíamos coincidir. Nos erros detectados tamén deberíamos ser construtivos e propositivos para que se poida corrixir unha consecuencia que, como xa dixen ao principio, consideramos negativa e prexudicial para as vítimas coas que evidentemente expresamos a nosa solidariedade e a vontade de que se emende este erro.

Pero eu considero que con este tipo de mocións e con este tipo de discurso político o Partido Popular está actuando de forma irresponsable e contribuindo a un debate na sociedade que ao que nos leva é a cuestionar a violencia e a cuestionar a necesidade de seguir avanzando en dereitos para o conxunto das mulleres, para as que son a día de hoxe vítimas de violacións, de agresións sexuais ou cunha cuestión tan actual como son, a día de hoxe, as cuestións de submisión química. Que todas esas mulleres estean máis protexidas non é unha cuestión que debamos considerar negativa, o que si que podemos efectivamente é esixir que se emenden e se corrixan os erros para deixar ben protexidas todas as mulleres.

Considero que a verdade erran nas formas e non contribúen a unha sociedade máis igualitaria, a verdade.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, moi bo día. A verdade é que concordo con parte das reflexións que facía o voceiro da Marea, que o Partido Popular neste caso só se acorda da igualdade e só a defende cando lle interesa para tocar o Goberno de quenda, porque cando goberna non toma nin adopta ningún tipo de medida a favor desa igualdade. E vou dar algúns datos, que serían importantes. En todo caso, alegrámonos de que nesta moción que presenta o Partido Popular e na exposición de motivos celebren todas as medidas e as normativas que foron impulsadas polos gobernos socialistas contra a violencia de xénero, que se citan algunhas delas, como a Lei integral contra a violencia de xénero, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, etcétera, etcétera. Todas elas no seu momento por desgraza non contaron co apoio do Partido Popular, o cal é bastante paradóxico e non deixa de ser unha contradición en si mesmo.

Como digo, só se lembran da igualdade e das mulleres e da loita contra a violencia de xénero cando vostedes o poden utilizar contra alguén. Porque é importante facer un pequeno exercicio de memoria: en 1985 o Partido Popular vota en contra da



despenalización do aborto; en 2002 o Partido Popular vota en contra dunha proposición de Lei de medidas para a protección integral contra a violencia de xénero que impulsa o Grupo Parlamentario Socialista; en 2007 o Partido Popular non apoia a Lei orgánica para a igualdade efectiva entre homes e mulleres e recórrea ao Tribunal Constitucional polas listas paritarias, (en 2008 o Tribunal Constitucional declara a legalidade da norma e hoxe en día é un fito en materia de igualdade no noso país, non cabe ningunha dúbida; en 2010 o Partido Popular vota en contra da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e presenta outra vez un novo recurso perante o Constitucional que está a día de hoxe á espera de ser solucionado; en 2013 a proposta que expón o Partido Popular tratando de substituír a Lei do aborto é un anteproxecto para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada; en 2017 apróbase o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e en maio de 2018 miles de persoas teñen que saír outra vez á rúa para esixir ao Goberno que inclúa nos orzamentos xerais os 200 millóns que, segundo o acordo alcanzado por todos os grupos políticos, eran necesarios para dotar economicamente o pacto de Estado, non é ata agosto de 2018 cando chega o Partido Socialista ao Goberno, cando se fai efectivo ese financiamento e as transferencias ás comunidades autónomas e ás entidades locais.; en 2022 o Partido Popular vota en contra da iniciativa do PSOE que converteu o acoso nas clínicas de interrupción voluntaria do embarazo nun delito. E nos últimos días, postos a pedir dimisións e ceses, non cesaron o vicepresidente de Castela-A Mancha por unhas declaracións aberrantes e unha proposta que é totalmente vergoñenta. Porén, piden aquí vostedes a través desta moción, que a presentan nunha Deputación que non ten ningún tipo de competencia e, polo tanto, non vincula, que a presentan nos parlamentos que non teñen ningún tipo de competencia e non vinculan, e que a presentan nos concellos que tampouco teñen ningún tipo de competencia nin vinculan, unha moción solicitando, entre outras cousas, porque vou ir por puntos: pois que se cese de forma inmediata esta ministra e a secretaria de Estado. Pero nada teñen que dicir do vicepresidente da Comunidade Autónoma de Castela e León, que cogoberna co Partido Popular. Non sei que está esperando o señor Mañueco para cesar o seu vicepresidente porque o que dixo foi unha auténtica barbaridade que ata os propios membros do Partido Popular tiveron que corrixir e distanciarse despois. Pero parece que o presidente de Castela-A Mancha non debe ser do Partido Popular, ou parece que o Partido Popular as dimisións só llas aplica aos demais, como adoita ser habitual, e como acabamos de ver sobre esta cuestión que acabo de sacar en materia de igualdade. Novamente volvemos con ese dobre raseiro ao que nos ten acostumados o Partido Popular.

E, por incidir un pouco máis nesa idea de que só se acordan da igualdade e da loita contra a protección das mulleres, ou sexa, perdón violencia contra as mulleres, cando é para atacar alguén, o curioso é que, no proceso parlamentario no Congreso dos Deputados, o Partido Popular non presentou ningunha emenda a esta cuestión; a cuestión que provocou a situación que vostedes denuncian, e que a moitos de nós tampouco nos gusta, loxicamente, porque penso que niso estaremos todos os grupos de acordo e cónstame que o meu partido, xunto con outros máis o está a todos os niveis, non é de agrado que algún violador poida ter unha redución da súa condena, pero en todo caso estamos nun Estado de dereito no que ten dereito calquera tipo de condenado a poder beneficiarse desa situación. Pero, en todo caso, o que non entendo é como o Partido Popular cando podía facelo, cando podía cumprir coa súa obriga parlamentaria, que é no Congreso dos Deputados no momento en que se está tramitando esa lei, non presentou ningunha emenda a este respecto; e nin sequera agora, que pode propoñer, presentar unha iniciativa para propoñer esa modificación tampouco o fixo. Presentan mocións nos parlamentos, nos concellos, nas deputacións, pero onde ten que presentala, onde se tramita a lei e onde se pode modificar esa lei, que é no Congreso dos Deputados, non presenta nada. Ben, pois non sei, coincidirán comigo en que moita lóxica non ten. E algo debe de fallar, se queremos ser benévolos co Partido Popular, para que



non se tivera feito ese traballo; ou non lles interesaba ou non se preocuparon de ler a lei nin sequera e polo tanto xa votaron que non, porque votan que non ou votaron que non practicamente a todas as leis en materia de igualdade que se aprobaron na historia deste país. Xa ve vostede que empecei por 1985 e escoitaba algún suspiro na bancada popular, imaxino porque pensarían “ben, naquela época Alianza Popular, pero verán vostedes que fun facendo un relatorio ata este ano, ata 2022 e 2023 agora con este último anuncio esperpéntico do vicepresidente da Comunidade Autónoma de Castela e León, gobernada polo Partido Popular.

Por tanto, vamos ser serios e, se de verdade nos preocupa esa materia, fagan vostedes propostas onde hai que facelas, e esas propostas teñen que ir moito máis alá, porque non é só modificar a lei, hai que facer unha reflexión tamén sobre o ordenamento xurídico e sobre esa Constitución que ademais ampara os reos na aplicación de determinadas reducións de pena, non só os violadores, que detestamos todos e todas, senón todos eles.

Por tanto, nós presentabamos unha emenda que criamos que ía un pouco máis na liña de subministrar en positivo a esta problemática, pero desgraciadamente xa sabiamos, por desgraza, que ía ser rexeitada polo Partido Popular, porque non lles interesa a cuestión de fondo, o que lles interesa é atacar o Goberno do Estado con esta cuestión agora. Porén, cando lles saen a vostedes as setas nos seus gobernos pois non pasa nada, todas son comestibles aínda que sexa unha amanita, despois pasará o que teña que pasar.

Pero por iso a nosa emenda, que a vou ler, que vostedes rexeitan, propúñase a eliminación do punto 1 dos seus acordos, tendo en conta que, primeiro, xa pediron desculpas e, segundo, que, se imos falar de ceses e dimisións, terían que empezar vostedes por dar exemplo, e o punto dous respecto da segunda e a terceira proposta dos acordos propoñer substituír os devanditos parágrafos polos seguintes: “que se continúe a traballar no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e coa correspondente dotación económica”. E o seguinte: “que se continúe a colaborar con todas as comunidades autónomas na elaboración e implantación de medidas sobre a violencia de xénero, desde o marco que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade”. Iso é o que entendemos que son algúns dos foros nos que se debe de traballar neste senso non lle interesan ao Partido Popular, o cal lamentamos bastante.

Dende logo que a nós non nos gusta esta situación xurídica que se está a dar, e é verdade que a lei non di en ningún caso, non obriga a aplicar a pena máis baixa, que iso se deixa á interpretación do xuíz, é o xuíz quen o decide en aplicación e interpretación desa lei, non é a propia lei a que o di. En todo caso, sei que esa reflexión non lles gusta polos xestos que vexo na bancada de en fronte, pero é que é verdade; podemos reducir o debate á mínima expresión, para que isto sexa o branco ou negro, e non é así e vostedes sábeno e, se non o saben, deberían sabelo para poder estar un pouquiño mellor informados.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu moi breve. Bla, bla, bla, bla, con cousas que ás veces non teñen sentido ningún. Esta moción aquí non ten sentido ningún, aquí a Deputación non vai amañar nada. Hai un Parlamento da nación onde, excepto eu, os demais todos vostedes están representados; hai Senado, están un montón de institucións onde están representados e onde teñen que solucionar un problema así.



Está claro que a lei ten algún erro, ao mellor foi polas présas, hai que solucionalo e punto. O que está claro é que isto é unha campaña do Partido Popular, como moitas outras, que está levando adiante polos concellos, que carallo ten que ver o Concello de Oleiros ou o concello de calquera lugar de Galicia con todo isto que estamos falando aquí!, que “si la ministra sube, si la ministra baja, y si dijo aquello o dijo lo otro”. Isto é un ataque claro e contundente de querer dividir ese Goberno que algúns lle chaman Frankenstein, que non sei de onde sacaron a frase, un Goberno de puta madre que temos no país, e que está levando adiante para ben dos cidadáns españois a política do Estado. Iso é o que hai, e iso molesta e por tanto hai que zurrar por todas as esquinas. Pero, xa digo, comigo neste tema non se conta e por tanto dicir que vou votar que non a toda esta aberración que se recolle aquí, e a esta política electoral do Partido Popular.

Sra. García Gorostizu

Bueno, nosotros traemos esta moción por la gravedad de la realidad que se está viviendo: 276 reducciones de condena son lo suficientemente importantes para traerlo y analizarlo y por lo menos debatirlo hoy aquí.

Pero, bueno, los errores que presentaba la ley sí que los advirtió el Consejo General del Poder Judicial y también el Consejo de Estado, pero los avisos fueron despreciados con la soberbia que es marca de la casa. O sea, acusar de machistas a los jueces y que deben ser reeducados en el feminismo es de ser con tan pocas ideas que ni siquiera son capaces de reconocer que en este país la mayoría de jueces son juezas y están obligadas a aplicar la ley aunque sea una chapuza. Pero esto no lo dice solo el PP, lo dice también la señora Manuela Carmena, “no corregir la Ley del sí es sí es soberbia infantil”; también lo dice Felipe González, exsecretario general del PSOE, “la Ley de solo sí es sí está mal hecha, se debe rectificar inmediatamente”; Alfonso Guerra, “es preciso rectificar la Ley del solo sí es sí inmediatamente, alguien tendrá que pagar por esta muestra de incompetencia”. Supongo que los socialistas de La Coruña también querrían decir lo mismo, pero la disciplina de partido no se lo permite. Seguimos, Elena Valenciano, “La Ley de sí es sí se debe corregir, pero los que han salido de la cárcel ya no volverán a entrar”; o Emiliano García Page, “Se está excarcelando a gente como producto de un error elemental en la Ley del solo sí es sí”. Parece que el líder del PSOE de Castilla-La Mancha tiene más valentía política que los socialistas de La Coruña aquí en la Diputación de La Coruña.

Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Non sei se é que os socialistas da Coruña –como di vostede– por obediencia ao partido non o din, tampouco sei por que non o din o Partido Popular, porque vostedes nesta moción non o din. Ou sexa, vostede acábanos de falar de que hai que modificar a lei porque está causando unha serie de prexuízos, moi ben, e centra niso a súa argumentación. E resulta que na moción que nos presenta non poñen que haxa que modificar a lei. Home, pois non sei, leron vostedes a moción?, non a deberon de ler, porque nos acordos falan de que “pidan desculpas e rectifiquen e sexan cesadas inmediatamente tanto a ministra Irene Montero como a secretaria de Estado tatata respecto ás súas declaracións. Punto dous: que se retomen os traballos para a continuidade do pacto de Estado contra a violencia de xénero dotando de fondos tatata tatata... Que se colabore con todas as comunidades autónomas para decisión elaboración e implantación de medidas sobre a violencia de xénero, conferencia tatata... Que a comunidade autónoma e concello non participe en ningún acto institucional...”. Pero onde din vostedes que se modifique a lei na moción?, non o din en ningún sitio.



Entón, efectivamente os socialistas da provincia da Coruña neste Pleno con respecto a esta moción non nos manifestamos sobre se habería ou non que modificar a lei porque vostedes nesta moción non o poñen nos seus acordos. Polo tanto, estaría ben que fagan vostedes casar o seu argumentario cando presentan unha moción cos propios acordos da moción, porque, se non, están aquí facendo o ridículo. Entón, se queren, eméndense a vostedes mesmos, eliminen todos os puntos da moción e propoñan un punto único que é que se modifique esa lei. E polo tanto poderemos debater sobre esa cuestión e dareille a opinión dos socialistas da Coruña, pero en todo caso vostede o que acaba de dicir e sobre no que basea a súa argumentación non ten nada que ver co que propoñen na moción. Polo tanto, home, cando lles manden mocións tipo do partido, pregaríalles que as revisen un pouco, sobre todo para que cadren co argumentario que tamén lles mandan, pois que xa vexo que en Madrid alguén non o fai, e parece que están vostedes en racha no seu partido, con ese tipo de meteduras de pata que non revisan os documentos, todos recordamos aquela cita marabillosa daquel libro famoso, e neste caso pasa un pouco o mesmo. Así que, tendo en conta a seriedade do tema e a preocupación que en todos e todas, que iso o comparto e sei que vostedes e o resto dos seus compañeiros tamén estarán tan aterrados por esta situación como podemos estar os demais, pero tendo en conta que é un tema tan importante, fagamos un pouquiño mellor os deberes para non evitar, ou sexa, para evitar facer ás veces... non vou dicir o que é, pero todos o temos en mente.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Eu, por clarificar algunhas cuestións que me parecen importantes e de responsabilidade. Se a cuestión do debate é se nos parece importante modificar a lei para que non se sigan dando estas situacións que prexudican evidentemente as vítimas, evidentemente se aparece recollido na parte resolutiva da moción, pois non teríamos ningún tipo de dúbida ao respecto, poñendo como alternativa pois unha disposición transitoria desta lei, etcétera. Pero é que non o pon, aquí non pon iso. A intención desta moción é simplemente abrir un debate e facer ruído novamente en relación a unha lei que xa foi debatida xustamente arredor da cuestión da importancia do consentimento da vítima, unha cuestión que o que vén facer é dar máis protección ás mulleres que son vítimas de violencia, esa foi a primeira parte do debate. Efectivamente, no proceso de tramitación non houbo ningunha proposición en relación a esta disposición transitoria e tampouco se están utilizando as canles debidas de construción. O que si que se está alimentando de forma irresponsable é que exista un debate arredor da cuestión da violencia e incluso contraponendo unhas vítimas contra outras, porque eu acabo de dar uns datos que son moi preocupantes en relación ao incremento dos delitos de violencia sexual entre as persoas máis mozas, o incremento de violacións.

Ten que existir un maior nivel de protección para as vítimas, si ou non?, si. Hai que corrixir esta lei para que evidentemente non se prexudique ningunha vítima de violencia?, si. Pero iso non é o que pon aquí. Lanzamos un debate de cara á sociedade para seguir alimentando que se cuestione a existencia ou a non existencia da violencia machista, cos datos que nos deixou o mes de decembro e cos que estamos empezando o mes de xaneiro. Somos responsables dos debates que introducimos na sociedade e hai cuestións nas que non se pode deixar pé á dúbida. Entón aquí é onde eu si que lles fago unha chamada de atención ao Partido Popular. Se de verdade non hai lugar a dúbidas de que a loita contra a violencia de xénero e a protección das mulleres ten que ser unha liña vermella, por favor, actúen en consecuencia, porque me parece temerario e irresponsable introducir este tipo de debates, que si dan pé a moita dúbida e vostedes sábeno e estano utilizando interesadamente.



Sra. García Gorostizu

No perdón, que quería contestarle. O sea, la moción pide la dimisión de una ministra que es la responsable de esta ley y que su aplicación reduce las condenas de los agresores, y –como decía el portavoz socialista– rectificar es de sabios. También tenemos que los electores de Podemos, el 58% de los electores, cree necesario cambiar la ley y el 21% de los de Podemos opinan que debería dimitir Irene Montero. Y el porcentaje dentro del PSOE es del 69,6 y del 44%. O sea...

Sr. Fernández Piñeiro

Por poñer un pequeno símil: eu rompo un brazo e vou ao hospital, e resulta que me escaiolan unha perna, e saio do hospital e digo: “Mire, é que eu teño o brazo roto, que cesen o médico; ben, pero a min a escaiola quen ma quita? Nada iso queda vostede con ela”. Pois vostede igual, é dicir, a lei está mal e hai que cambiala, entón nós propoñemos cesar a ministra; non, o que terán que propoñer vostedes primeiramente é cambiar a lei, digo eu, porque se automaticamente co cese da ministra a lei cambia, pois igual é unha actividade parlamentaria que se nos escapa aos terrestres e será marciana seguramente, porque desde logo aquí este tipo de implicacións non. Entendo que é complicado saír desta lameira no que están vostedes metidos cunha moción na que pide unha cousa que non é a que vostedes din, pero que lles imos facer, hai que facer mellor os deberes e ás veces hai que pararse un pouquiño máis non só no slogan que pensamos... que porque logo pasan estas cousas, que quere que lles diga.

Nada máis moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Eu, como dicía a compañeira do BNG, creo que ao mellor estamos usando material sensible para facer guerra política –déixeme falar, señora Gallego–. Entón, o feito é que a moción que aquí se presenta non fai nin unha soa referencia á lei, non di en que casos ten que ser reformada. Creo que non o fai porque poría en evidencia a inacción do Grupo Parlamentario do Partido Popular na súa tramitación, porque non houbo emendas. E o debate suscitouse unicamente arredor do que é o protagonista a nivel xurídico desta lei, que é a cuestión do consentimento, que debe de ser expreso, porque os antecedentes desta lei, entre eles forma parte –como todos sabemos– o caso da Manada; e esta lei amplía os feitos punibles e esta lei protexe en máis casos as mulleres. Cousa á parte son as consecuencias que teña nivel de penas, que se pode reformar, pero desde logo non se propón na moción do Partido Popular.

Eu podería, coa mesma lóxica que aquí estamos hoxe poñendo neste debate, esixir a dimisión inmediata do señor Rueda por situarse á beira da posición contraria á liberdade da muller ao aborto do vicepresidente de Vox, García Gallardo, en Castela-A Mancha, podemos converter isto eu penso que nun debate de moi baixa calidade. Pero o certo é que na proposta do Partido Popular de moción aquí non se nos fala de minorar, de reparar, o que se entende que é unha consecuencia non prevista ou non desexada da lei. Falemos só diso e acordemos. Non, simplemente se resume nun ataque ao Goberno e, desde logo, o que tamén creo que pon de manifesto é certa incomodidade sobre o fondo do asunto, que é a cuestión do consentimento, e que aquí se ve, creo, recollida de maneira expresa e que supón un avance innegable da lei.

Nada máis e moitas grazas.



VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, acorda desestimar a moción.

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Partido Socialista de Galicia e o BNG, respecto ao apoio á mobilización da atención primaria.

6.Moción que presentan os grupos provinciais do PSG-PSOE e BNG en apoio á mobilización da Atención Primaria

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención. Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial e que, ademais, se ve agravado coa precarización do propio persoal, que arrastra, por outra parte, todo o labor que tivo que facer durante a pandemia en condicións extremas.

O fabuloso traballo do persoal sanitario e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos responsábeis políticos dun sistema que continúa a manter unhas das peores condicións laborais de todas as administracións autonómicas do Estado, provocando que os profesionais en formación eviten a Atención Primaria, dadas as súas condicións.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias: 1) nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estén totalmente cubertos na medida que a sociedade necesita; 2) nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polas condicións nas que se atopa a Atención Primaria e os PACs. Tamén existen problemas nos hospitais comarcais -que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais- ou na dotación insuficiente de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan as persoas.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así, os sanitarios discrepan da xestión que está a realizar o Goberno galego do sistema sanitario, o que se vén traducindo en problemas e dimisións constantes, como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.



Desde a cidadanía véñense sucedendo mobilizacións e protestas que percorren o territorio galego, que tanto en termos comarcais como en enormes manifestacións galegas durante os últimos anos, amosan unha contestación crecente e un malestar que desde a Xunta de Galicia non se quere atender nin sequera escoitar.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSG-PSOE e BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.
2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.
3. Instar á Xunta de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da Atención Primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos, co obxecto de que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuír a ter o persoal necesario para atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.

Sr. Fernández Piñeiro

Xa temos falamos longo e tendido sobre este tema e ademais é unha cuestión que, como ben saben todos e todas vostedes, está nos medios de comunicación, nas redes sociais e en moitas conversas que podemos ter moitos de nós cos nosos veciños e veciñas, amigos e familiares sobre a situación da atención primaria en Galicia. Se fixésemos unha enquisa a día de hoxe sobre a valoración desa atención por parte dos cidadáns, non teño ningunha dúbida de que sería bastante negativa. Non da propia atención que lles poidan prestar os profesionais do sector, senón sobre a xestión que a Administración que ten a competencia nesa materia, que neste caso é a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, fai dela.

Todos e todas teremos escoitado comentarios a ese respecto ao longo dos últimos anos, sobre incluso as atencións telefónicas, etcétera, etcétera, que ao final redundan nunha mala prestación dun servizo que é básico para a saúde das persoas, que non hai nada máis básico e máis imprescindible e importante que iso. Polo tanto, froito desa situación, que ademais dende os propios profesionais do sector veñen demandando xa dende hai anos de melloras, de incremento do investimento, de máis persoal, etc., etc., a falta de profesionais, como temos falado xa en moitas ocasións, pediatras, etc., está a influír, como digo, negativamente... Pois unha vez máis e en apoio ademais de SOS Sanidade Pública, desa asociación ou esa entidade que traballa polas melloras no sector, hoxe traemos esta moción para que sexa debatida no Pleno desta Deputación.

Os acordos que propoñemos son: Amosar o apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas. Segundo, impulsar a axuda para a



recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para mellora da atención primaria que fomenta a sanidade pública. E terceiro, instar a Xunta de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos con obxecto de que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuír a ter o persoal necesario para atender a poboación coa mellor calidade asistencial posible.

Polo tanto, tendo en conta a importancia e relevancia desta moción, e novamente facendo de pasmón, pido apoio tamén ao Partido Popular para ela, aínda que me consta, tendo en conta o precedente xa da primeira moción presentada, que se lle reclamamos algo á Xunta, que van seguir coa mesma dinámica habitual, que é votar en contra de todo aquilo que sexa, xa non criticar, senón reclamar algo á Xunta de Galicia, pero, aínda así, eu, que me considero ser extremadamente optimista, volvo solicitar do Partido Popular e loxicamente do resto de grupos desta Corporación, o apoio a esta moción. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar a moción, por suposto. Entendemos que o Partido Popular agora nos dará unha serie de datos e de cifras que demostran o gran investimento que fan nesta cuestión no país. Nós entendemos que onde se demostra o desinvestimento do Partido Popular en sanidade non é tanto nas cifras de investimento como no feito de que teñan unha política fiscal regresiva; é dicir, o Partido Popular ten unha política fiscal na que rebaixa todos os impostos que pode e iso desde logo vai redundar en que despois se rebaixe tamén a calidade dos servizos públicos que se prestan, entre eles o da sanidade.

Este país foi un laboratorio no que ten a ver coa privatización do sistema público de saúde. Fracasaron os concertos de Feijóo daquela, cun discurso moi crítico ademais sobre o dispendio da sanidade pública e sobre a necesidade de facer un sistema máis eficaz e demais. Entón implementouse aquela fórmula famosa privatizadora dos concertos con esta suposta ganancia que tiña en eficacia e en aforro de fondos públicos, e resultou ser un desastre, e pouco a pouco vaise rectificando e volvendo para o único sistema que se demostra que funciona, que é o sistema de sanidade pública. Insisto, nós imos apoiálo, agora vanse dar unha serie de cifras e de datos, o que manifesta o persoal sanitario é que eles son testemuñas da degradación da calidade do servizo público, deste servizo público da sanidade, e o que manifestan as políticas fiscais da Xunta de Galicia é que é evidente que, recadando menos, non se poden prestar os mesmos servizos.

Entón, creo que non é unha cuestión –insisto– unicamente que atinxa a este servizo público, senón que é unha cuestión de modelo de sociedade e, polo tanto, de como un goberna esa sociedade. Esta cuestión está relacionada tamén polo tanto coa política fiscal da Xunta de Galicia e fomos, para rematar, os privilexiados coelliños de indias daquela proposta xa fracasada privatizadora do señor Feijóo, dos concertos da cal agora estamos pagando as consecuencias.

Nada máis e grazas.

Sr. Presidente

Deja que lo organicen ellos, no te preocupes, es un caballero el Sr. Rodríguez.



Sr. Rodríguez Martínez

Non penso que neste caso a orde dos factores vaia variar moito o resultado. Tamén é certo pero o lóxico é que, tal e como sinala o meu voceiro, os grupos propoñentes sexan os que tomen a palabra en primeiro lugar.

Pero, ben, en fin... Xa que empezamos ou que imos falar de sanidade, o primeiro que quero dicirlle, señor Fernández, é que afortunadamente eu acredito que non hai ningún médico na sanidade pública galega que escaiolándolle unha perna a unha persoa que ten un brazo roto o vaia mandar a algún sitio para que faga unha reclamación, cando estamos todos de acordo en que o diagnóstico era errado, verdade? Pois diso falamos.

Tamén, por empezar con algo positivo, quero agradecer o coidado que xa tivo na moción anterior a señora Muíño coas palabras que escolle; oxalá tivese o mesmo coidado a súa voceira na Comisión de Sanidade no Parlamento de Galicia, pero, ben, parece que temos que estar agradecidos de que hoxe aquí ninguén chamase psicópatas aos responsables da sanidade pública galega.

Eu penso que é importante tamén aquí que todos nos pronunciemos e, máis alá das diferenzas que podemos ter en materia de política sanitaria, xa non só polos destinatarios desa afirmación, senón porque ademais estamos falando dunha doenza mental grave, agora que parece que o gran reto da saúde pública nos vindeiros anos vai ser a saúde mental, pois temos unha voceira nunha Comisión de Sanidade do segundo partido no Parlamento de Galicia que utiliza para descualificar o opoñente político esa doenza que afecta como psicopatía pura a máis dun millón de persoas neste país e como psicopatía normalizada a entre catro e cinco millóns. Polo tanto, insisto, aínda que co “si é si” non o fixeron, nunca é tarde para rectificar cando todos sabemos que se cometeu un erro.

Non podemos apoiar esta moción. Vou intentar ser o máis concreto e organizado posible porque aquí se dixeron moitas cousas e a verdade é que ningunha merece pasar desapercibida. Pero non podemos apoiar a moción principalmente por tres cuestións. A primeira é porque parte dunha premisa errónea, que é a de falar de desmantelamento e de recortes na sanidade pública nin de aumento na sanidade privada, señor Lema; como vostede dixo hai escasamente un intre, a estatística, cando hai estatística xa non hai opinión, verdade? Logo voulla dar.

En segundo lugar, porque tanto a moción como a iniciativa legislativa popular para a que pide o seu apoio falan dun problema de déficit de médicos de familia que se está a producir en Galicia, non como produto da política sanitaria da Xunta de Galicia, senón que é xeral no resto de comunidades, co que dificilmente pode ser achacado ás políticas da Xunta.

E en terceiro lugar non podemos apoiala porque deliberadamente, e na miña opinión dun xeito incluso obsceno, se ignora o principal responsable do déficit de médicos de atención primaria, que é o Goberno do Estado. Señor Fernández, isto que tanto lle gusta a vostede dicir e botarlle en cara aos demais de que a ver cando se levanta a man contra unha decisión dun Goberno do seu propio partido, home, vostede hoxe tivo unha oportunidade –vai tela incluso aínda–, unha oportunidade bárbara de poder facer iso que tanto lles afea aos demais que non fagan, que é levantar a man e dicir: o Goberno de España estase a equivocar en política sanitaria en relación á promoción desta especialidade médica.

Respecto destas tres cuestións: a primeira, houbo recortes na sanidade pública?



Miren o orzamento do Sergas aumentou un 36% respecto ao ano 2009, son 1.317 millóns máis. En relación a ese mesmo ano, o orzamento en gastos de persoal aumentou un 30%, máis de 458 millóns. Nunca antes houbo tantos profesionais contratados; mentres estamos aquí debatendo, máis de 7.000 profesionais están a atender a nosa sanidade pública. No caso concreto do que estamos a falar, a atención primaria, en 2023 hai case 134 millóns máis que no ano 2009, e conta con máis de 1.000 profesionais respecto dos que estaban a traballar na atención primaria cando gobernaban os que hoxe traen aquí esta moción. É dicir, que calquera reivindicación que fale de parar o desmantelamento, que fale de parar os recortes, está faltando á verdade.

E, aínda que ía ser co que ía rematar, véxome obrigado a dicilo xa, cando aquí falan... aquí temos que escoitar cando alguén trae algún tipo de debate que vivimos noutro país ou que calquera sabe o que os galegos e as galegas opinan do seu sistema sanitario. Barómetro sanitario de novembro de 2022, espero que non lles pareza mala fonte, Ministerio de Sanidade: a cidadanía de Galicia é a segunda de todas as comunidades autónomas na que máis xente considera que a sanidade pública funciona ben ou moi ben; non falamos da atención dos profesionais, iso está fóra de toda dúbida; falamos de como funciona o sistema sanitario público: o 66% da poboación, mentres que na media española é dun 57, só un 10% dos galegos responden que funciona mal. É a porcentaxe máis baixa de todas as comunidades autónomas de España. Nunha puntuación do 1 ao 10 sobre a satisfacción co seu sistema sanitario público, os galegos outórganlle un 6,48, a cuarta nota máis alta de todas as comunidades autónomas. Polo tanto, un pouco máis de respecto cando se toma a palabra en nome de todos os galegos e as galegas. Eles xa faláron e isto é o que dixeron.

Falta de médicos? Por suposto. Por suposto que faltan médicos na atención primaria, pero isto é un problema exclusivo de Galicia?, non. Os problemas coas posibles demoras na atención primaria están motivados polas dificultades de cobertura, consecuencia do contexto xeral de déficit de médicos de familia que hai en toda España. Só hai que facer un seguimento non só na prensa doutras comunidades, senón nos responsables políticos desas comunidades: Asturias, Cataluña, Baleares, Extremadura, Comunidade Valenciana ou Castela-A Mancha, gobernadas polo PSOE ou por outros socios dos que hoxe traen aquí esta moción. Todos se enfrontan á mesma problemática: se a situación de falta de profesionais en Galicia fose achacable ás políticas sanitarias da Xunta de Galicia, é bastante complicado –non sei se o van intentar ou non– de explicar por que ese mesmo problema se está a reproducir a escala nacional, cando hai incluso conselleiros de sanidade, mesmo socialistas, como ocorre en Extremadura, en que directamente se di que non se trata dun problema de cartos, porque non se podería resolver nin con todo o ouro do mundo.

Pero é que ademais resulta que esta moción a traen excluindo totalmente calquera tipo de demanda ou de reivindicación fronte ao Goberno de España. Cal é a responsabilidade que ten nesta problemática o Goberno de España? Ben, o propio Ministerio nos seus informes, o propio Ministerio de Sanidade, expón un escenario de déficit de especialistas de medicina de familia que vai tender a agravarse no tempo. É dicir, temos xa un problema grave, pero vai empeorar. En abril de 2018, aínda co Goberno do PP no Estado, acordouse no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde unha serie de medidas, entre elas a reforma dos criterios e os requisitos que se esixen para crear novas prazas formativas de medicina de familia e así poder abastecer a atención primaria. Dous meses despois deste acordo, no que participaron comunidades autónomas gobernadas todas elas na súa maioría por opcións políticas distintas á do Partido Popular, dous meses despois chegou o Partido Socialista ao Goberno, accedeu ao Ministerio de Sanidade e disto non se volveu saber. Dende entón pasaron 5 anos e catro ministros socialistas, pero esas medidas seguen sen tomarse. Máis ao contrario, as



que se tomaron foron precisamente prexudicando a solución ao problema: mudouse o sistema de elección da praza formativa despois do exame do MIR, isto supuxo que por primeira vez na historia 200 prazas formativas de medicina de familia quedaron vacantes; demorouse a aprobación da especialidade de medicina de urxencias e de emerxencias, o cal supón que quen elixe esta especialidade obriga estes médicos recentemente titulados a ocupar prazas formativas de médicos de familia en lugar de facelo nesa especialidade. Consecuencia: un déficit de médicos de familia en todo o territorio nacional.

E estas demandas, ademais, foron recollidas recentemente nun manifesto que asinaron inicialmente Galicia e o País Vasco ao que logo se sumaron outras 5 comunidades autónomas de distinto signo político: Andalucía, Cataluña, Madrid, Castela e León e Murcia, todas elas representan o 70% da poboación española. E que piden?: modificar o sistema de elección de prazas MIR, crear a especialidade de medicina de urxencias e emerxencia, ampliar pola vía de urxencia as prazas MIR de atención primaria, incrementar de xeito extraordinario 1.000 prazas formativas máis desta especialidade nas convocatorias dos vindeiros anos, a creación dun rexistro estatal de profesionais sanitarios para prever os déficits profesionais do futuro. O Ministerio de Sanidade non aceptou nin unha soa das propostas recollidas neste documento.

Pero o máis paradóxico de todo é que os dous grupos propoñentes desta moción estanse a opoñer sistematicamente tanto en Madrid como en Galicia a calquera medida que teña por obxecto intentar paliar esta problemática. No pasado Debate do Estado da nación presentouse por parte do PP unha proposta de resolución na que se plasmaban estas medidas, foi aprobada co apoio dunha decena de partidos, incluíndo PNV, Junts per Cataluña; Esquerra Republicana abstívose; e BNG e PSOE votaron en contra, votaron en contra; xa non é que emendasen ou non emendasen, señor Fernández, votaron en contra. No Pleno do Parlamento de Galicia do pasado setembro presentouse unha iniciativa na que se recollía exactamente este mesmo apoio para cumprir con ese mandato parlamentario aprobado en Madrid, e requiríase ao Estado o cumprimento dese acordo. A posición do BNG e do PSdG foi votar outra vez en contra, novamente en contra. A que estamos a xogar aquí con esta moción que hoxe traen vostedes? Que estamos aquí, para tentar facer políticas boas de saúde ou para facer política da mala coa saúde?

É fundamental que se fagan estas reformas e que permitan formar 1.000 médicos de familia máis ao ano en España para poñer remedio a esta situación.

A Xunta, que está a vivir esta problemática igual que o resto das comunidades autónomas, que fixo ante esta situación? Dígoo, e traio aquí o que fixo a Xunta porque vostedes á Xunta si que lle esixen nesta moción, ao Goberno do Estado non, queda fóra de xogo aínda que é o principal responsable, a Administración competente de paliar esta situación, non. Pois Galicia vén de ofertar, neste ano 2023, 207 prazas formativas na especialidade de medicina familiar e comunitaria; o cen por cento da totalidade das acreditadas polo Ministerio. Máis da metade das prazas formativas que se amplían este ano en España para medicina familiar e comunitaria créanse en Galicia. En consecuencia, unha vez que xa estamos ao límite da nosa capacidade formativa, pois o que hai que facer, evidentemente, é traer máis médicos.

Non é certo, aquí estanse a dicir moitas cousas, esta non se dixo pero vaise dicir antes ou despois; non é certo iso que se di de que os residentes que rematan en Galicia logo se van en busca de mellores oportunidades laborais a outros lugares; non, o 90% dos residentes de medicina de familia que remataron a súa formación en Galicia nos últimos 10 anos están a traballar no Sergas, o 60% deles cunha praza fixa. Pero, aínda así, foi máis alá; que fixo a Xunta para intentar paliar este problema sobre todo naquelas



vacantes que son de difícil cobertura?: habilitar unha posibilidade que é pioneira no noso país, ofertándoas, creando unha nova categoría de facultativos especialistas de primaria e ofertando esa categoría en propiedade mediante concurso, sen oposición, 106 prazas de facultativo especialista de primaria para dotar de persoal esas vacantes de difícil cobertura. Isto son 212 gardas máis ao mes, 2.500 gardas máis ao ano.

Polo tanto, iso é o que se está a facer dende a Xunta de Galicia. Por certo, cando se levou ao Parlamento de Galicia esta cuestión, si, xa antes fixen algún *spoiler*, vostedes volveron votar en contra, tanto BNG como o PSdeG. Polo tanto, as reformas que se están a tomar dende a Xunta para formar máis médicos e incentivar que vaian aos centros de máis difícil cobertura non contan co seu apoio. Iso si, agora aquí veñen vostedes a esixir.

Miren, nós non podemos apoiar esta moción. Pensamos que hai dúas formas de defender a sanidade pública, unha é detrás da pancarta, que non nos parece mal, o problema é cando o único que hai é a pancarta, que é o que está a pasar aquí. Falaba antes o señor Fernández de que vostedes non teñen ningunha proposta, home, mírese vostede a moción que traen hoxe, porque eu tampouco vexo ningunha, claro que tamén se as que se presentan as votan en contra, para que?, verdade?

Entón hai unha forma que é detrás da pancarta, problema cando é só detrás da pancarta; e a outra forma, que é con medidas e con orzamentos, pero o que non se pode é vir aquí a encher a boca coa defensa da sanidade pública, obviar de xeito, insisto, obsceno o responsable do problema e ao mesmo tempo votar reiteradamente en contra das medidas que pretenden aliviar o problema que hoxe se vén aquí denunciar.

Polo de agora máis nada e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Grazas.

Calquera diría que a situación obxectiva que todos coñecemos da nosa atención primaria é unha catástrofe divina contra a que nada se pode facer e a poder ser, no mellor dos casos, entrar nunha especie de partido de tenis ou pingpong a ver quen ten máis culpa disto.

Eu creo que o obxecto desta moción é facer de altofalante dunha situación que eu creo que é obxectiva, que todos temos que ver con preocupación como non é unha cuestión deste ano nin de hai dous, imos obviar todo o período de difícilísima xestión da etapa de pandemia, pero a falta de especialistas de pediatría, a falta de matronas nos centros de saúde, a imposibilidade para cubrir baixas de facultativos de enfermería, médicos de atención primaria... é unha cuestión que é un relato persistente desde hai tempo. É un proceso que a día de hoxe xa é tan palpable que afecta a esa primeira porta de entrada que, evidentemente, nunca antes poder acudir ao médico para a atención dunha enfermidade común ou dunha urxencia médica fora unha cuestión tan difícil, chegando a ter que esperar ata 10 días para unha consulta médica. Ou noutros moitos centros de saúde, que efectivamente en todo caso nos atopamos con que non hai médico, e témonos que desprazar a outro do noso territorio. Iso é unha obviedade.

As dificultades para contar con matronas, con enfermeiras e enfermeiros, centrámonos exclusivamente nas dificultades para contar con médicos e médicas de atención primaria. Eu entendo que aquí o que se pide é mellorar a xestión, a calidade dos contratos, a calidade laboral, e avanzar cara a un sistema de saúde que sexa cando menos garantista duns prazos de atención mínimos. E, evidentemente, que couse tan



curiosa parece que o que nos queda a todos é optar polos seguros privados e encamiñar cara á privatización unha cuestión que case, verdade?, que é o parece é que hai detrás deste deterioro, parece que froito dunha catástrofe divina que padece a nosa sanidade. É un clamor de toda a sociedade a demanda dunha intervención urxente e é o que reflexa o contido desta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Por empezar polo principio, é verdade que en Galicia non hai ningún médico que recomende tal cousa a un paciente, entre outras cousas porque, por sorte para os galegos e galegas, os profesionais da sanidade galega son moito máis dilixentes e fan moito mellor o traballo que os membros da dirección nacional do Partido Popular, que elaboran estas mocións, e que os deputados e deputadas do Partido Popular no Congreso, que non fan o seu traballo emendando as leis cando teñen oportunidade, polo tanto, vaia esa a ruptura de lanza polo gran nivel profesional dos médicos e dos facultativos e profesionais da sanidade galega fronte aos representantes do Partido Popular, que como acaba de quedar manifesto non fan ben o seu traballo, é unha mágoa. Pero, en todo caso, é curioso que ao final a culpa sempre é de Manolete; perdón, a culpa de que morra Manolete acaba sendo do propio Manolete, non?, señor Rodríguez. É dicir, antes o demo negro do Partido Popular –que era unha expresión que utilizaba moito a miña avoa– era o señor Zapatero e agora é o señor Sánchez.

Pero é importante ter en conta varias cuestións. Primeiro, fala vostede das prazas MIR; pois, mire, desde o 2010 a Xunta de Galicia non pediu 190 médicos de medicina de familia que podía ter pedido coas convocatorias dos MIR, 190 que deixou de pedir desde o ano 2010. Precisamente as convocatorias dos MIR conxeláronse, sabe vostede cando?, cando chegou ao Goberno Mariano Rajoy, que non sei se naquel momento militaba no Partido Socialista, a min non me consta, penso que era do Partido Popular. E foi precisamente cando chega ese señor tan malo que se chama Pedro Sánchez cando se incrementan un 40% as convocatorias. Por tanto, penso que, se poñemos nunha balanza, un pouco peor parados saen vostedes. Pero, home, dá a impresión escoitándoos a vostedes de que o Partido Socialista leva gobernando este país toda a vida e que Pedro Sánchez leva aquí desde o principio dos tempos, porque penso que o señor Pedro Sánchez empezou a gobernar no ano 2018, estudar medicina son 6 anos, polo tanto os que empezaron a estudar cando entrou o señor Pedro Sánchez no Goberno aínda non acabaron a carreira, aínda non acabaron a carreira.

Pero é importante salientar un dato que é moi bo, que dende o ano 2010 ata o ano 2018, é dicir, xa hai 5 anos, 1.000, 1.000, escóiteme ben, 1.000 médicos galegos e galegas fóronse ao estranxeiro, 1.000, no ano 2018, porque, se é un problema do Estado por poñer un exemplo, 147 médicos solicitaron aos colexios médicos galegos solicitudes de certificados de idoneidade profesional, que son os que necesitan para traballar no estranxeiro. E sabe vostede que porcentaxe é esa fronte á media nacional?, pois, mire, o 14% dos médicos galegos solicitaron ese certificado para marchar de Galicia fronte á media estatal, que é dun 7,4%. Polo tanto, en Galicia a xente que marcha, a xente que estuda medicina e que marcha é o dobre que a nivel nacional. Se fose culpa do Goberno, esa porcentaxe sería similar, entendo eu, en todo o territorio español, cousa que non é así; por tanto –penso eu– que algún tipo de responsabilidade terá tamén a Xunta de Galicia, e lémbroo sempre, aquela Xunta de Galicia que o primeiro que lles regalaba cando acababan a carreira era unha maleta, co cal, a bo entendedor poucas palabras bastan, que diríamos.

E despois é importante tamén ter en conta que Galicia deixou de cubrir na convocatoria MIR deste ano 100 prazas porque ninguén se ofrece para ser titor dos MIR,



e por que non se ofrece?, porque a Xunta e o Sergas non poñen incentivos sobre a mesa para que iso suceda, polo tanto hai loxicamente unha consecuencia directa da xestión da Xunta de Galicia.

E está claro, aquí podemos debater, vostede trae un montón de datos aí que está moi ben pero que eu desde logo non creo e que lle podo asegurar que o 90% das persoas que pasan pola rúa diante desta Deputación tampouco os crerían, porque, se saímos a preguntarlle calquera que estea aquí como valora vostede a atención sanitaria na primaria fronte á que lle prestaban hai 15 anos, non vai encontrar vostede ninguén que lle diga que está mellor, ninguén. E haberá algún tipo de responsabilidade porque o que non pode ser é que, mire, cando a Administración non ten competencias, a culpa é de quen as ten; cando a Administración –neste falo das Comunidades gobernadas polo Partido Popular– ten competencias, a culpa é de quen non as ten; polo tanto, cando ten algunha responsabilidade a Xunta de Galicia?, non a ten nin no que non é da súa competencia, non a ten cando é da súa competencia, porque ou ben é do Goberno do Estado ou ben directamente nos calza ás competencias aos concellos como estamos a ver en moitas ocasións e que asumimos competencias impropias. Polo tanto vostedes nunca teñen a culpa de nada, absolutamente de nada. Pois é bastante curioso porque, entón, non sei que pinta a Xunta de Galicia, todo o bo é grazas ao Partido Popular e todo o malo é culpa dos demais.

Está ben, pero é pouco crible, que quere que lle diga, é bastante pouco crible ese argumento. Polo tanto, pediría un pouquiño máis de seriedade. Xa sabía que non ían vostedes asumir ningún tipo de disfunción, ningún tipo de mala xestión por parte da Xunta a este respecto, porque non o fan con nada, con absolutamente nada que teña que ver coa Xunta de Galicia, aínda en cousas tan evidentes como isto que estamos a falar, nin sequera bota vostede unha culpa compartida nin a asume, que ben pois si, o Estado ten parte de culpa e a Xunta parte tamén; non, a culpa é de Pedro Sánchez, dese Pedro Sánchez que, como digo, incrementa un 40% as convocatorias dos MIR conxeladas polo Goberno de Mariano Rajoy. Claro, naquel momento coñécese que non debían de facer falta médicos, só deben de facer falta desde o ano 2018 cando entra a gobernar Pedro Sánchez. Pero ben, que lle imos facer, as cousas son así e cada un saca os argumentos de onde pode, pero, en todo caso, convincentes dende logo, para min e penso que para moitos que nos escoitan, son pouco.

E, repito, son moitos profesionais deste sector que levan moitos anos demandando melloras e, se quere pódolle ler vostede toda a restra de dimisións e de anuncios de dimisións das últimas datas: segunda dimisión dun xefe de servizo de Medicina Interna por falta de persoal no Sergas; varios xefes de servizo do hospital de Ourense pensan en dimitir, a situación é difícil; dimite o xefe de Medicina Interna do hospital de Santiago pola falta de persoal e a tensión; dimite o xefe de Xinecoloxía do Chus pola obrigación de cubrir gardas na Barbanza; cisma en Sanidade: dimite a número dous de Pontevedra tras o cesamento do xerente do Sergas... Home, pois non sei se isto se fai porque isto é unha verbena ou se fai porque as cousas non van ben. Pero, ben, dirame vostede que tamén a culpa será de Pedro Sánchez, que lle imos facer; igual presiona os profesionais do sector en Galicia para que marchen, sabe Deus porque, postos a escoitar ocorrencias, un xa se pode acostumar a calquera tipo de cuestión.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

É un pouco incómodo estar falando e escoitando un runrun constantemente na bancada de en fronte. Eu, se me ven vostedes, cando fala vostedes estou en silencio



tomando notas e non estou rumiando cada vez que falan os demais, polo tanto pregaríalles porque é un pouco incómodo e ás veces un se pode distraer, a pesar da capacidade que poida ter, pode distraerse. Polo tanto, sexamos máis respectuosos cando hai quendas de palabra. Nada mais moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Falando de respecto, señor Fernández, remoen as vacas.

Imos ver, aquí ao final si que saíu, antes ou despois ía saír isto dos seguros privados, a sanidade privada... Ao señor Fernández déixoo para o final; vou intentar ser o máis breve posible.

Miren, favorecemento da sanidade privada e esa tendencia á privatización, pero imos ver, dato, eu xa sei que vostede non os vai crer, non sei a quen pretende vostede convencer cando xa de entrada o que di é que digan o que lle digan de en fronte non o vai crer, xa é unha premisa importante. A vostede, evidentemente, vaille moi ben así, pero ben.

Nos catro anos de Goberno bipartito, hai que referirse a eses catro anos porque foron os catro anos que vostedes gobernaron, é dicir, é que se despois non volveron gobernar será que tampouco aos galegos non lles pareceu tan ben como o fixeron, digo eu, non sei, ao mellor hai outra razón, pero ben... En catro anos, catro anos, ollo, de bonanza económica como non se volveu ter nas contas públicas desta comunidade autónoma, que iso tamén hai que telo en conta, neses catro anos a actividade na sanidade concertada aumentou un 48%, situando o gasto respecto do total en máis dun 6%; a día de hoxe está nun 4,4%, polo tanto o continuo incremento de investimento na sanidade pública, ao mesmo tempo que se conxela o tema dos concertos, o que leva é a isto. É que non hai outra forma de poder facelo; poden vostedes darlle as voltas que queiran, pero non, e evidentemente o escenario que se asumiu na Xunta de Galicia do 2009 en adiante, home, non sei, ao mellor hai que recordalo, pero dende logo non tivo nada que ver cos recursos que tivo o bipartito.

Que estamos enviando a xente aos seguros privados. Mire, máis datos, neste caso da Unión Española de Entidades Aseguradoras, non sei se será sospeitoso para alguén, que di que no ano 2020 en Galicia era onde había a menor porcentaxe de poboación con seguro médico privado, dende logo menos que no ano 2009. A ver, é que hai algo que non concorda, eu non quero dicirlles a vostedes que viven..., non, vostedes viven neste país e ven o que ven, e está ben e deféndeno, e a discrepancia claro que hai que tela pero, home, aquí parece que algúns somos irresponsables porque traemos un debate sobre algo que afecta a todos e a todas, pero somos irresponsables porque traemos un debate, pero, claro, aquí non. Aquí evidentemente acércase período electoral, virá probablemente algunha sobre a educación, porque xa veu o galego, xa veu a sanidade, é dicir, imos ver, sexamos serios porque aquí non teñen vostedes a decisión única e exclusiva sobre que debate é responsable ou irresponsable.

Sobre a fuga de médicos xa falei. As listas de agarda. As listas de agarda, voulle dar os datos tamén: o tempo medio de espera para ser operado no Sergas está nos 75 días, o cuarto máis baixo de España. Somos a cuarta comunidade autónoma que menos porcentaxe de pacientes esperan máis de 6 meses. En consultas co especialista o tempo medio en Galicia é de 55 días, tamén por baixo da media do Sistema Nacional de Saúde, que está situado en 79 días. É dicir, de que estamos a falar? E din: pregúntalle a



calquera; é que aos galegos, xa lle digo, xa lle preguntaron, o propio Ministerio de Sanidade, e xa lle dixen o que opinan de como funciona o sistema sanitario galego. Non, agora o que hai que facer é preguntarlles se está mellor ou peor que no ano 2009, pois nada iremos cambiando a pregunta ata que a vostedes lles guste a resposta.

Miren, a ver, eu sei que dentro do debate é practicamente todo lícito e vostede pode dicir que os lexítimos representantes do Partido Popular non fan ben o seu traballo porque non presentan unha emenda..., pois téñolle que dicir: fano mellor vostedes votando en contra das medidas que poden poñer solución a problemas que hoxe veñen aquí a denunciar, fano mellor vostedes, aquí e en Madrid. Porque aquí, que queremos?, queremos solucionar o problema ou queremos facer política do problema?, porque esas medidas ás que vostedes votaron en contra en Madrid e aquí non son medidas da Xunta do PP, é que son de todo o sistema das comunidades autónomas de saúde, gobernadas por partidos de todas as cores, pero non, non vaia ser que a Xunta estea a facer algo ben.

Mire, eu non teño ningunha obsesión nin o Partido Popular con Pedro Sánchez; dáse a circunstancia de que é o presidente do Estado e, polo tanto, cando estamos a falar de competencias estatais, se resulta que aquí hai un clamor, iso si é un clamor, sobre o déficit de atención e non só se lle di por parte das comunidades autónomas de distintas cores que asuma algún tipo de medida que se lle propón e, non só non toma esa, senón que toma outras medidas que aínda por riba agravan o problema, pois, home, non sei a quen quere vostede que eu me dirixa na miña intervención? Pois polo de agora Pedro Sánchez é o presidente do Goberno e el é a quen temos que dirixirnos.

Eu penso que tampouco ten moito máis sentido estenderse máis. Si que hai que dicirlle unha cousa, señor Fernández. Claro, vostede di, "aínda non acabaron a carreira". Home nestes cinco anos cada ano acaban a carreira médicos, non se trata de esperar, aquí non funciona retroactivamente, isto é só para os que non, cada ano a especialidade escóllese despois de terminala é dicir, claro, por favor, imos ser un pouco, intentemos non ser tan bastos. Cada ano rematan médicos e, se non hai esa especialidade, evidentemente non a poden escoller, ese é o problema. Dende hai cinco anos non se fixo nada nesta materia.

A noticia, dende logo, eu penso que non é tanto, porque vostede o repite en cada pleno, que o Partido Popular non apoia nada que vai contra a Xunta. Sabe o que ocorre?, o que deixa de ser noticia xa é que vostedes o fagan respecto de Pedro Sánchez, pero xa non é que non voten a favor, é que nin sequera o meten na moción.

Penso que xa non queda moito máis que engadir, grazas pola paciencia e máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que dentro dos xinetes da apocalipse do Partido Popular faltábame o bipartito, é verdade. Citei a Zapatero, citei a Pedro Sánchez, e o bipartito que tamén, eses catro anos dan para todo. Mire que deron eses catro anos, será a culpa ata da perda de Cuba, seguramente será culpa tamén do bipartito ou de Pedro Sánchez ou de Zapatero, dá igual indistintamente, ou dos 3 porque seguramente a culpa é dos 3, a culpa nunca é de vostedes.

Dime vostede con bastante rostro, imos dicilo así, con todos os respectos, que os que estamos aquí que nunca votamos nada contra Pedro Sánchez, pero imos a ver, e dío nesta casa? Agora entendo por que presentan estes churros de mocións, porque



vostedes non están atentos, vostedes non están atentos ao que se fai neste salón de plenos, do que se fala e do que se vota e, á vista das mocións que traen, tampouco nin sequera do que vostedes presentan. Porque podería sacarlle aquí unha restra de mocións aprobadas votadas a favor por este grupo reclamando cuestións ao Estado e criticando o Estado; a vostede non se lle pode poñer nin unha soa sobre a mesa, porque vostedes débense ao seu amo, que é o Partido Popular. Outros que estamos aquí non, gústelle a vostede ou non. Porque eu, antes de defender os intereses do partido no que eu milito, defendo os dos meus veciños e veciñas, seguramente por iso no meu concello teño case un 70% dos votos e o seu partido un 13 apenas. Claro, porque xa que estamos sacando cada 2 por 3 os resultados electorais, parece que aquí só hai eleccións autonómicas en Galicia, pero tamén hai outro tipo de eleccións, eh, as municipais, onde moitos temos un apoio moi maioritario e vostedes residual. Polo tanto, eu penso que hai que ser un pouco máis serios. E, en todo caso, aquí queda claro e quedou claro en moitísimas ocasións a quen defenden vostedes e os intereses que defenden, que non son os do conxunto da cidadanía, son os do seu partido.

E, repito, non minta, porque é mentir dicir que aquí sempre se vota a favor do que fai Pedro Sánchez, porque non é verdade, nin sequera que non se vote en contra de Pedro Sánchez, porque non é verdade. Entón non diga vostede cousas que non teñen nada que ver coa realidade, porque ao final queda vostede en evidencia. E, home, temos boa relación e non me gusta facelo de forma constante. E di vostede: é que vostedes critican, pero cando hai que votar no Parlamento votan en contra; votamos en contra porque nos parece que esas medidas non son suficientes ou non son as que habería que adoptar para que isto mellore –digo eu– pero non votamos en contra porque as presente o Partido Popular, porque tamén o Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia ten votado a favor de cuestións que presenta o Partido Popular. Así que xa ten vostede outro exemplo.

E despois fala vostede de que hai que escoller a especialidade e os médicos vanse formando, evidentemente. E remátao volvendo mentir outra vez, dicindo: 5 anos nos que non se fixo nada, mentira! foi o Goberno de Mariano Rajoy, do seu partido, do Partido Popular o que conxelou as convocatorias MIR, conxelounas. Conxelar é meter unha cousa nun aparato que as arrefría e despois xa non se move, iso é conxelar. Neste caso non a mete nun aparato pero toma unha decisión política que fai que non se movan, quedan como o cubo de xeo, alí quietos. Dígoo porque temos que baixar un pouco para explicar ben as cousas.

E o único Goberno que aproba un incremento é o de Pedro Sánchez –que di vostede que é tan malo e que tan mal lle fixo á sanidade pública e á sanidade pública galega–, incrementando un 40% esas convocatorias. Polo tanto, entre los cubitos en el congelador y tomarme una fruta que está en la encimera con 40 frutas además, un poquito mejor es. E iso enténdeo calquera, señor Rodríguez. Outra cousa é que vostede nese esperpento por defender á Xunta a calquera prezo está como está. Pero non sei a vostede que lle parece que haxa enfermeiras contratadas por horas polo Sergas, tamén será culpa de Pedro Sánchez? Se quere traemos aquí os sindicatos SATSE de enfermería e explícallo vostede, a ver se os convence, porque seguramente eles tamén sexan outros marcianos e estanse equivocando á hora de identificar quen é o responsable de que esas enfermeiras estean contratadas por horas. Ou se quere tráiolles a vostedes aquí a unha Xunta de voceiros e explícallo vostede a eles ou a elas á cara, a ver que lles explica e dígalles vostede que a culpa é do bipartito, de Pedro Sánchez, de Zapatero e do Cid Campeador, menos de vostedes, de calquera.

E vostede quedará en evidencia ante eles porque –repite– os datos que damos aquí non os estamos inventando, non os traio da miña casa, son os datos que nos



trasladan os profesionais do sector e entón fágolle unha pregunta moi concreta, por se hai contrarréplica, que non o sei, pero, se a hai, gustaríame que me conteste vostede a se o feito de que se contraten enfermeiras por horas é culpa do Goberno do Estado, ou da Deputación da Coruña, ou de calquera concello gobernado polo Partido Socialista, ou alá onde hai unha asociación de veciños que teña un socialista ou o presidente dunha comunidade onde vostede considere oportuno, a ver se algún deses socialistas en calquera ámbito do mundo mundial ten responsabilidade en que a Xunta contrate enfermeiras por horas. Iso tamén me gustaría que mo dixese vostede.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Eu en demagogia non podo competir con vostede. Ese partido é para vostede sempre, nin o vou tentar. Lanzarme esa pregunta é como se eu lle pregunto a vostede –o que pasa é que nós somos máis respectuosos coa xente que está a padecer problemas para os que uns buscamos solucións e outros buscan un puñado de votos– pero é como se eu lle pregunto se resulta que ao final a actual redacción da Lei do si é si é culpa de que o Partido Popular non presentase unha emenda? Home, a ver.

Mire, de todo isto o que máis me molesta é que me retorzan as palabras, porque eu por deformación profesional escollo as palabras con moito mimo. Eu non dixen o que vostede di que eu dixen, repáseo, para a vindeira vez polo menos, se me ten que botar algo en cara que sexa por algo que eu dixen, non por algo que vostede di que eu dixen que eu non dixen, de acordo? Entón, iso de verdade si que é o que máis me preocupou. Penso non ten tampouco máis sentido abundar, podíamos estar aquí nuns Xogos Florais que non teñen tampouco moito máis sentido. Procedamos á votación e nada máis. Moitas, grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupos provinciais do PSG-PSOE e BNG en apoio á mobilización da Atención Primaria

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención. Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial e que, ademais, se ve agravado coa precarización do propio persoal, que arrastra, por outra parte, todo o labor que tivo que facer durante a pandemia en condicións extremas.



O fabuloso traballo do persoal sanitario e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos responsábeis políticos dun sistema que continúa a manter unhas das peores condicións laborais de todas as administracións autonómicas do Estado, provocando que os profesionais en formación eviten a Atención Primaria, dadas as súas condicións.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias: 1) nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estén totalmente cubertos na medida que a sociedade necesita; 2) nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polas condicións nas que se atopa a Atención Primaria e os PACs. Tamén existen problemas nos hospitais comarcais -que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais- ou na dotación insuficiente de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan as persoas.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así, os sanitarios discrepan da xestión que está a realizar o Goberno galego do sistema sanitario, o que se vén traducindo en problemas e dimisións constantes, como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

Desde a cidadanía véñense sucedendo mobilizacións e protestas que percorren o territorio galego, que tanto en termos comarcais como en enormes manifestacións galegas durante os últimos anos, amosan unha contestación crecente e un malestar que desde a Xunta de Galicia non se quere atender nin sequera escoitar.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSG-PSOE e BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.
2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.
3. Instar á Xunta de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da Atención Primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos, co obxecto de que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuir a ter o persoal necesario para atender á poboación coa maior calidade asistencial posible."



FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Presidente

Seguinte moción, do Grupo de Alternativa dos Veciños, contra a venda da parcela do parque de bombeiros comarcal no polígono de Sabón. Hai unha emenda. Procedemos primeiro a votar de urxencia para a inclusión da moción.

Procede a votarse a urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 20 deputados/as (10 do PSOE, 4 do PP, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 8 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP)

I.Moción do grupo provincial de Alternativa dos Veciños contra a venda da parcela do Parque de Bombeiros Comarcal no Polígono de Sabón

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Arteixo vén de anunciar que poñen á venda a parcela número 24 do Polígono de Sabon. Nesta parcela sitúase o parque de bombeiros comarcal, cuxo mantemento é sufragado pola Deputación Provincial e a Xunta de Galicia. A día de hoxe non consta nin no Consorcio das Mariñas nin nesta Deputación Provincial coñecemento algún de cesamento de actividade deste Parque comarcal de bombeiros, así como tampouco da autorización para o seu peche ou desprazamento. Non tendo, por tanto, xustificación algunha a decisión arbitraria e posiblemente ilegal do alcalde de Arteixo.

Polo exposto e ante a gravidade do asunto, o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

Primeiro: Demandar da Deputación da Coruña que paralice a citada enaxenación, dados os graves perxuizos económicos e sociais que se orixinan coa ilegal decisión do alcalde de Arteixo.

Segundo: Que se convoque unha comisión urxente, por parte do Consorcio de Bombeiros para analizar e demandar as actuacións pertinentes, administrativas e xudiciais se procediese.

Sr. Presidente

Procedemos ao debate

(Abandona o Salón a Sra. Gallego Neira).

Sr. García Seoane

O tema que traio aquí, este si que é un tema a tratar nesta casa, non?, dado que



foi esta casa, a Deputación provincial, quen construíu no seu día e quen fixo un plan para dotar a provincia da Coruña de parques de bombeiros para atender as distintas comunidades da provincia da Coruña.

No seu día, estamos falando do ano 1995, sae ese plan adiante e faise un parque entre outros de bombeiros para a comarca da Coruña e para atender os municipios do Consorcio das Mariñas. Entón naquel momento débátese onde poñer ese parque de bombeiros; había dúas propostas, unha en Arteixo e outra en Culleredo. Julio Sancristán apostaba coa maioría e estabamos de acordo en poñelo en Arteixo, pero había outra maioría, que era que a Deputación estaba gobernada polo PP, a Xunta estaba gobernada polo PP e en Arteixo estaba o PP, e entón lévase este parque de bombeiros para servizo dos concellos da área metropolitana da Coruña metidos no Consorcio das Mariñas, lévase a construción en Arteixo nunha parcela que pon á disposición no seu momento o Concello de Arteixo, pero condicionada ao Consorcio de Incendios.

Hai unha acta, despois de construído o edificio de bombeiros, que o paga a Deputación provincial, hai unha acta onde se cede ao Consorcio, por parte do Concello de Arteixo e da Deputación, cédesese ao Consorcio de incendios o uso desa parcela e o edificio que construíra a Deputación.

Nese momento todo funcionaba bastante ben ata que hai uns días aparece no Boletín da Provincia a venda da parcela onde está situado o parque de bombeiros, unha actuación aleatoria do Concello de Arteixo, tirando pola rúa do medio, sen contar co dono e usuario desa infraestrutura que se creou nesa parcela, cedida no seu día polo Concello e pola Deputación, e sen contar tamén cos concellos que estamos sendo servidos por esta infraestrutura. O tema é que se vende a parcela, véndese a parcela aleatoriamente por parte do Concello de Arteixo, sen falar con ninguén, sen constar documento ningún que demostre que se fixeron os trámites para desafectar ese edificio e desafectar o uso ou levalo para outro lugar calquera; non consta nesta Deputación ningún documento nese aspecto e imaxino que tampouco constará no Consorcio de Bombeiros da área metropolitana. Un Consorcio de Bombeiros que, por certo, o pagan neste caso o mantemento a Deputación provincial e a Xunta de Galicia, pero tamén o pagamos os concellos a través do fondo de UNESPA. É dicir, a Deputación e a Xunta nútrense, parte dos ingresos que gastan para manter o parque de bombeiros veñen dos seguros; os seguros teñen unha carga a nivel nacional para ese tipo de actuacións e, por tanto, o Concello de Oleiros ten un retiro de máis de 200 millóns das antigas pesetas anual que vai ao Consorcio para pagar o mantemento do parque. Porque alguén dicía o outro día na Xunta de Portavoces que pagaba o Concello de Oleiros?, pois paga nin máis nin menos que 200 millóns das antigas pesetas, tradúzano a euros.

O tema paréceme tan grave, tan grave que non me quedaba máis remedio que vir á Deputación e pedirle á Deputación, como parte que creo que é, que se pare esta, en concreto solicitaba demandar da Deputación da Coruña que paralice o citado alleamento dados os graves prexuízos económicos e sociais que se orixinan coa ilegal decisión do alcalde de Arteixo. E, segundo, que se convoque unha comisión urxente por parte do Consorcio de Bombeiros para analizar e demandar as actuacións pertinentes administrativas e xudiciais se procedese. Por tanto, por iso o traio aquí, porque creo que é unha competencia da Deputación, é unha competencia dos concellos, e este é o ámbito onde se debe tratar o tema.

Sr. Fernández Piñeiro

Os grupos do Partido Socialista e do BNG temos presentada unha emenda que era propoñer en primeiro lugar a eliminación do primeiro parágrafo da proposta dos



acordos e, no segundo deles, respecto á segunda, propónse a súa substitución polo parágrafo seguinte, que quedaría da seguinte maneira: “Que o Consorcio de Bombeiros, como propietario do parque de bombeiros comarcal do polígono de Sabón, analice a situación e adopte as medidas que no seu caso procedan”. E en principio paréceme, Sr. García Seoane, que se aceptaba a emenda presentada. Moi ben.

Sr. Calvelo Martínez:

Bueno, espero que nadie tenga reservado para comer, porque va a ir un poquito largo, sobre todo un poco en la situación... Hace exactamente un año, un año, coincide, fue en el Pleno de enero, enero del 2022, el señor Ángel García Seoane trajo aquí una moción, también terrible e insultante, metiéndose en este caso con el Concello de Arteixo, metiéndose con el alcalde, en la que también pedía amparo al presidente de la Diputación para que pudiera defender también al Concello de Arteixo, a los distintos compañeros, sobre presuntas irregularidades que iba a hacer el Concello de Arteixo que no hizo ninguna, no?

Entonces, claro, aquí traen una moción donde dice “Demandar a Deputación da Coruña que paralice a citada enaxenación”, –de paralizar a enaxenación nada, la parcela es municipal, ¿qué enaxenación?, ¿qué enaxenación?–, dados os graves perjuicios económicos y sociales –eso lo voy a explicar después– que se orixinan coa ilegal decisión do alcalde de Arteixo”.

Yo aquí a día de hoy ya me siento juzgado, condenado y ejecutado. Lo pone textualmente, “con la ilegal decisión del alcalde de Arteixo”, podía poner presunta, no, no ilegal. Usted ya es juez, no me condena, me ejecuta, me fusila, ya ha hecho el juicio sumarísimo como otros regímenes, que a lo mejor le gustan más a usted, cuando nosotros creemos en la democracia.

Me acuerdo algún día de las interpelaciones del Sr. García Seoane, que decía que a él le gustaba mucho ver por las noches artes marciales extremas, lo dijo un día, sí, que le encantaba ver las artes marciales extremas. Yo en aquel momento no lo entendí, pero cada vez lo entiendo más ahora, artes marciales extremas. A mí no me gustan las artes marciales, me gusta el cine y sí que me gustaría empezar mi intervención, empezar mi intervención, con unas palabras de una película, de *Blade Runner*, que me llama muchísimo la atención donde Roy Batty dice: “yo he visto cosas que vosotros no creeríais, he visto atacar naves en llamas más allá de Orión, he visto rayos c brillar en la oscuridad cerca de la puerta de Tannhausen, todos estos momentos se perderán en el tiempo como lágrimas en la lluvia”. Esto ya es la versión 2 de la película de enero, la primera película de enero en el año 2022, hace exactamente un año, esto ya es, vamos a decir así, la secuela; y creo que va a haber alguna secuela, precuela más para antes de que llegue el 28 de mayo.

(Abandonan o salón os Sres. Rodríguez Martínez e Rioboo Castro)

Voy a explicar cuál es la posición del Ayuntamiento de Arteixo. Yo resalto mi opinión, mi profesión es ser arquitecto, de lo cual a lo mejor es una tendencia nuestra a hacer proyectos, a hacer una programación y una planificación. El señor Gelo es músico, totalmente respetuoso, probablemente a él le guste más hacer ruido y a mí me gusta más planificar. Son a lo mejor las diferencias de lo que es la gestión de un ayuntamiento y otro, ¿no? Entonces nosotros, primero antes de tomar ninguna decisión, antes de tomar ninguna decisión, lo primero que hace en este caso el alcalde de Arteixo es hablar con el presidente de la Diputación y creo que ha sido así, ¿verdad, presidente?, espero que no



esté enfadado conmigo.

Entonces, lo primero que hacemos ante esta situación es primero hablar con el presidente de la Diputación, explicamos cuál es nuestro proyecto: a día de hoy la parcela 24 es una parcela municipal donde están instalados los equipamientos e infraestructuras del concello de Arteixo. Existe la parcela de obras, donde hay una nave que tiene una antigüedad extremada, donde también existen unas oficinas de obras que estamos en una caseta de obra, donde existe también la ubicación de la base de Protección Civil del Concello y donde, dentro de lo que es una parte también importante, está el Parque Comarcal de Bomberos; de una parcela de 10.000 metros, 2000 está ubicado lo que es el parque comarcal. Está también situado el depósito de la grúa municipal.

Bueno, pues la planificación del Concello de Arteixo, el alcalde, porque bueno, cuando dice la ilegalidad del alcalde, podría poner también la ilegalidad del concello, porque el alcalde no hace, por lo menos en Arteixo, no hace ningún tipo de acto y ningún tipo de licitación sin contar con los informes preceptivos de los técnicos de Contratación, del interventor municipal y del secretario. Pero, bueno, es el alcalde el que hace las ilegalidades. Hombre ya sabemos que en Oleiros no hay habilitados suficientes y entonces está a lo mejor acostumbrado a hacer otras actuaciones. Y, bueno, dentro de lo que es esa planificación, tenemos aún encima el proyecto, estará más de acuerdo o menos de acuerdo, que gestionamos el servicio municipal de basuras. Con lo cual, oye, pues qué mala suerte, el servicio municipal de basuras no estamos en el Consorcio, nos hemos ido del Consorcio, bueno, a lo mejor alguien está enfadado con eso, y tenemos una flota actual de 5 camiones, 5 camiones municipales, de servicio municipal; a mayores tenemos una flota de camiones auxiliares, algunos eléctricos, para hacer también la recogida del puerta a puerta, el día a día, recogida de cartón; tenemos vehículos de obras, tenemos también, ahora el 1 de enero hemos asumido el servicio municipal de la limpieza viaria, que también tienen sus propios camiones y tienen también su espacio y que no hemos podido integrarlos en la parcela 24 porque no tenemos capacidad ni espacio para absorberlo. Limpieza viaria está aún encima en otra zona, no están conjuntas. Y, bueno, tenemos también, pues a lo mejor la mala suerte, que le puede aparecer al señor Ángel Seoane, de que hemos procedido a la compra de 3 microbuses eléctricos, 3 buses eléctricos para hacer lo que es el transporte interparroquial, pues tenemos la mala suerte de que en la parcela de obras, en la parte que tenemos nosotros de obra, no nos cogen nuestros vehículos, no nos cogen; necesitamos una nave nueva de obras, necesitamos unas nuevas oficinas de obras y necesitamos hacer una integración. Entonces, dentro de la planificación que puede hacer el Concello de Arteixo – esos que somos tan malos, tan malos, tan malos–, tomamos la decisión decir: bueno, vamos, en este caso, a habilitar una parcela –ya lo anticipó así ahora, porque probablemente venga también a Pleno donde ya nos manda otra vez directamente al paredón–, vamos a habilitar y queremos actuar ahí en una parcela que tenemos cedida por parte de la Diputación en el convenio del 2015, es una parcela de un campo de fútbol que está en Rañobre, pegada a la fábrica Ferroatlántica, que es una parcela de 10.000 metros en exclusiva, donde se quiere hacer lo que es la nueva nave de obras para guardar y proteger los vehículos públicos municipales. Y, aun encima, en esa parcela de 10.000 metros también una parte se quiere reservar, que ya tenemos el proyecto, que cuesta un millón de euros, hacer el nuevo punto limpio; es un punto limpio actual, moderno, con capacidad para descargar a lo mejor distintas actividades, 10 box a la vez, donde hay una aula didáctica y ante esta situación necesitamos esa superficie.

Cuando hablé con el presidente de la Diputación, además palabras textuales, y yo creo en la palabra del presidente sin ningún problema, le dije, mire, presidente, necesitamos ampliar espacio, necesitamos una nueva nave de obras y necesitamos en este caso trasladar lo que es el parque de bomberos comarcal. Nosotros le ofrecemos la



posibilidad de que el nuevo parque comarcal esté también en una parcela municipal y en este caso aprovechar, porque en esa misma parcela va a estar también la nueva base de Protección Civil, aprovechar para hacer un edificio más amplio, más moderno, acorde también ahora a los temas de eficiencia energética, que se puedan compartir sinergias entre Protección Civil y lo que son los bomberos; mejor ubicado, porque tiene una salida directa, porque aquí estamos hablando en este caso de las ilegalidades, y tendrían que saber los vecinos de Oleiros que del parque comarcal de bomberos de Arteixo atender un incendio seguramente en la zona de Dexo o en la zona de Dorneda tardan más de 30 minutos en llegar. Pero eso no importa, no importa que el parque comarcal de bomberos, sufragado con la cantidad y los recursos económicos que ha dicho en este caso el señor Ángel Seoane, pues explíqueles a sus vecinos que el día que haya dos incendios a la vez, vamos a poner el caso, Arteixo y Oleiros, que esté ardiendo a la vez, y que el parque actual de bomberos que está en la parcela 24 que está limitado en espacio y crecimiento y que tienen un retén de un equipo 3 bomberos de guardia, pues van a tener que elegir. ¿Qué problema es ese?, falta de recursos, falta la posibilidad de ampliar lo que son las brigadas, que hay dos incendios a la vez pues algunos se jorobará y alguno lo pasará mal, que vayan a Oleiros que con los 30 minutos que tardan, que nada más llegar a los atascos continuos y perpetuos que tienen allí, ahí no pasa nadie, pero dígaselo a sus vecinos, dígaselo a sus vecinos! Entonces, cuando se propone hacer un parque de bomberos, y cuando hablé con el presidente de la Diputación, las palabras del presidente yo las tengo grabadas y confío en su palabra, me dijo: “oye, Carlos, si no le cuesta nada a la Diputación, por nosotros de acuerdo”, y yo le dije, “presidente, no, lo va a pagar íntegramente lo que es el Concello de Arteixo, con la venta de la parcela 24”. Y recuerdo también: oye, si técnicamente es viable, pues dentro de lo malos que somos en Arteixo, hasta tenemos después diciendo ¿con quién tenemos que hablar aparte de primero con el presidente de la Diputación?, pues vamos a hablar con la otra parte del Consorcio, y ¿quién es la otra parte del Consorcio?, pues vamos a hablar con la Xunta de Galicia. Le explicamos: oye, que vamos a hacer un parque de bomberos más amplio, más moderno, más actualizado, con más espacio, con la posibilidad de poder ampliar y tener a lo mejor dos grupos de retén que puedan dar servicio a todas las zonas, que tiene mejor ubicación y mejor salida, que evita los problemas en hora punta de la salida del centro de Acteco y del polígono de Sabón. Pues la Xunta de Galicia dice: pues estamos de acuerdo. Tan malos que somos, tan malos que somos, pues vamos a hablar con –también que nos lo pidió el presidente de la Diputación– a nivel técnico, pues hablamos con el gerente del Consorcio, en este caso con el señor Luitinos, le explicamos la ubicación, le explicamos lo que queríamos un poco, queremos hacer un proyecto donde estén implicados también los propios técnicos del Consorcio y donde también estén y den su participación lo que son los bomberos.

¿Qué hemos hecho mal? ¿Cuál es el tema gravísimo para que se traiga por segunda vez aquí a este Pleno un ataque directo, no a un Concello, sino ya es directamente a un alcalde, donde prácticamente las palabras del señor Ángel Seoane es un odio hacia una persona?, cuando lo traslada a un tema completamente personal, cuando usted sabe que está actuando de manera irracional y dice aquí, a mí me encanta, y corroboro las palabras que ha dicho el señor Ángel Seoane hace un rato en una de las mociones: “esta moción non ten sentido traela aquí á Deputación –lo dijo usted hace un rato– non ten sentido, non ten sentido, é un ataque claro e directo ao Goberno do Estado, ao Goberno de Pedro Sánchez, que o está facendo de puta madre”. Palabras textuales, no lo estoy diciendo yo, oiga yo hago parte mías esas palabras, esto es un ataque claro y directo hacia el Concello de Arteixo y el Gobierno de Arteixo, y yo no voy a decir que lo estamos haciendo de puta madre, eso lo dirá usted en Oleiros, estamos intentando hacerlo lo mejor posible y a día de hoy tenemos el respaldo y el respeto de 3 mayorías absolutas, porque nosotros creemos en la democracia, y creemos en el respeto, y creemos en los técnicos municipales que hacen los expedientes, y creemos en la



